9 xulio
agosto
setembre 1965

GRIAL



X. M. LÓPEZ NOGUEIRA: Existencia e sociedade.

BERNARDINO GRAÑA: Campanas, templos, sombras de Rosalía.

ANDRÉS TORRES QUEIRUGA: Nota pra unha teoloxía do galeguismo.

MANUEL MARÍA: As augas van caudales.

SALVADOR LORENZANA: "O cemiterio mariño" de Paul Valery.

R. CARBALLO CALERO: A Arbre.

VIGO

GRIAL REVISTA GALEGA DE CULTURA

N.º 9 — XULIO, AGOSTO, SETEMBRE 1965

SUMARIO

ENSAIOS — Páxinas

Existencia e sociedade, I, por X. M. LÓPEZ NOGUEIRA 257

Campanas, templos, sombras de Rosalía, por BERNARDINO GRAÑA 275

Nota pra unha teoloxía do galeguismo, por ANDRÉS TORRES QUEIRUGA 304

ESCOLMA

As augas van caudales, por MANUEL MARÍA 311

PENEIRA DOS DÍAS

Elogio de la lengua gallega, por MANUEL LAGO GONZÁLEZ 336

Un xoven Doctor do XIX, por R. OTERO PEDRAYO ... 340

«O cemiterio mariño» de Paul Valery, por SALVADOR LORENZANA 342

A arbre, por R. CARBALLO CALERO 349

Non, a vida me non estolóu no meu quiñón, por A. T. TVARDOVSKI 357

Un poeta meu amigo, por DARÍO ÁLVAREZ BLÁZQUEZ 359

Una lengua hispánica junto a los verdes castros, por J. L. Y. 363

Bibliografía rosaliana, por R. CARBALLO CALERO 365

Os derradeiros pasos da novela francesa, por C. BARREIROS 367

LIBROS, por *R. C. C.*, *M. Hortas Vilanova* e *X. M. Álvarez Blázquez* 370

O REGO DA CULTURA 376

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Dep. Leg.: VG-99-1963

EXISTENCIA E SOCIEDADE

I

A TESIS DIALÉCTICA DA HISTORIA

O tema que imos desenrolar aquí, ao longo diste traballo, constitúe unha «cuestión conflictiva». Pois, ben que na vida intelectual, no seu conxunto, na súa xeralidade, haxa moitos problemas cuio contido é neutral ao suxeto, ao investigador que os prantexa, a miudo xurden outros problemas que, pola contra, empuxan ao suxeto a se definir diante diles. Nisto consiste o matiz «conflictivo»: o problema —quérese decir— non ten solución allea ao home mesmo (como, por eixemplo, unha lei cósmica, que afecta ao individuo indirectamente); a solución compromete, require ao investigador en toda a súa personalidade.

Mais, ben quixera eu eludir a infundada sospeita de asimilar ista situación que veño de describir, á chamada «literatura comprometida». Nas páxinas de GRIAL (núm. 1 pp. 11/27. Setembro 1963) fixen da literatura comprometida unha severa crítica, e dende entón non tiven razón ningunha pra variar o meu punto de vista. A diferencia entre literatura comprometida,e o que desiño enriba como «literatura conflictiva», entenderase mellor no que sigue: é un dos propósitos diste traballo amostrar as distintas causas e motivaciós de ámbalas dúas formas de facer literatura. E nembargantes, tentaréi esbozar algunhas liñas limiares, pra facilitar dende logo a comprensión das miñas ideas ao respecto.

Todo labor intelectual parte, está sentado —séipao, ou iñóreo— de certos apriorismos que dalgún xeito condicionan de antemán o pensamento. Moi frecuentemente, non pasan de ser meros prexuicios, a miúdo tamén suficientes pra botar abaixo o éisito da tarefa. Tales prexuicios obrigan a concluir o previsto dende o principio. O labor intelectual convírtese así nunha oratoria, nunha retórica que trata de convencer, mais non probar a verdade obxetiva do percurado. A literatura comprometida caíu e fadalmente seguirá caíndo nistas tortizas conclusiós. De certo, enxamáis concluíu ren, pois que tampouco daba comenzo a nada; limitábase e limítase correntemente a autoxustificaciós ou contra-acusaciós; é unha dialéctica, no senso menos nobre da palabra. Xa Aristóteles —e con il tamén moitos pensadores do seu estilo—definía a dialéctica como «a ciencia das conclu-

siós probábeles», e reservaba prás «conclusiós certas» o nome de Lóxica. Hegel tentóu fundir nunha mesma verdade, nun mesmo sistema científico, a Dialéctica e a Lóxica. O seu propósito foi amostrar cómo realmente o siloxismo é arrastrado polos conceptos, e non á inversa, de xeito que a realidade é dialéctica na medida en que responde a un sistema lóxico (tesis, antitesis, síntesis), que a fai converxer hacia un concepto absoluto; tamén a dialéctica é real, é verdadeira, na medida en que pode dar conta dise paso da realidade indeterminada, vagarosa, a unha realidade conceptual, orientada polo esprito, chea de senso, de Razón (ou seña, de lóxica, de certidume).

Aquí empezóuse a confundir, como en tempo dos sofistas, o verdadeiro siñificado do problema. Ista dialéctica contemporán, convencida de antemán (primeiro prexuicio) de que non é posible unha conclusión certa no pensamento de alto nivel, confórmase con observaciós, que carga emocionalmente, con aspaventos literarios, interxeciós, demagoxia. Pro, unha renuncia ao universal, é unha renuncia á realidade. Ista literatura fica a mercede da realidade mesma, é naipela súa, é un fillo que balbucia, que berra, non un adulto que domeña. De ahí o carácter a miúdo superficial, ramplón, infantil, diste tipo de labor intelectual.

Pola súa banda, a literatura conflictiva, nace dunha consideración absoluta da realidade. Se non trata de escribir sempre de cuestiós relativa ao «infinito», senón de pensar sempre un problema coa suficientete densidade conceptual, que obrigue ao obxeto a se axustar á disciplina da verdade como forma pura do ser. Realista ou idealista —todo realismo serio é idealismo, e á inversa, por exemplo Platón, que liquida co a súa autoridade calquer bizantinismo ao respecto—, basada directa ou indirectamente no mundo «ocular» inmediato, a literatura conflictiva aspira a resolver os problemas presentes, apelando a fórmulas universales, ou seña, aspirando ao que dende antigo chamamos «clasicismo» no senso profundo de termo, que esplicademos axeitadamente despóis. Recordemos soio agora os atinados consellos que Eliot escribíu ao tocar, ollando no esprito dos grandes clásicos (en especial Virxilio), iste soberano tema, o máis noble da literatura, a saber: qué é un clásico, é decir, a súa medida personal, e o metro que a súa persona establece pra uso xeral de pobos e tempos. Pois ista é a gran diferencia da literatura comprometida e a conflictiva: ista aspira a soluciós que señan reiterables ao longo da historia; a outra, malia das súas manifestaciós, e aspaventos, é anti-histórica; caduca co presente, máis a realidade da historia, ou seña, a realidade da literatura, está no permanente, non no perecedeiro. Chamar «realismo obxetivo» á unha literatura antihistórica, é como facer un ferro de madeira, é repetir as aventuras dialécticas do estulto de Babia, que quer clavar o martelo dándolle cun clavo, pois comprende, dialécticamente, que clavar, é a acción do clavo, non a do martelo, e así a conclusión é un realismo, que ó negar o universal, non sabe si está ao dereito, ou está do reveso.

Os estultos de Babia, proliferan hoxe en toda clase de concursos e congregaciós societarias de iste curioso e xa ben conocido grupo do realismo de intención social: Substituir o clavo por unha fouce, é tornar-máis perigroso ao estulto, non menos estulto, nembargantes. Así, xa que logo, o que distingue a literatura conflictiva da literatura comprometida, é a súa meirande profundidade na comprensión e consideración do mundo real. O labor do «compromiso» fica nun pálido realismo, non sigue máis leises que as da comunicación, e aínda a miúdo nin respeta o estilo literario (lémbrese a parva acusación de elegantismo que lle fixo Sartre a Camus); nos mellores casos, sigue leises de fidelidade ao obxeto, pro a un obxeto delimitado convencionalmente, circunstancialmente, que perde peso real a medida que é convertido en palabra.

A literatura conflictiva, arrisca moito máis; o seu obxeto non é a realidade, senón a verdade. Mais ista eisixe a disciplina do pensar, e non soio a disciplina do mirar. «Pra atopar a verdá —dixo Hegel— requérese a audacia de se equivocar». E ista audacia, é a que non corre o realismo infantil.

Claro que a literatura conflictiva corre tamén o perigro «negativo» da evasión da verdade, corre o perigro idealista do estilismo literario, da moda, do decadentismo. Unha gloria máis pra a literatura auténtica; poisque o decadentismo elegante, é, de certo, unha feiticeira tentación. De ahí o ánimo temprado, a fortaleza da literatura conflictiva. O realista simple non pode ser tentado por nada; a ramplonería non tenta; chégase a ela por disposición; non é, xa que logo, un risco do realismo vulgar; é unha fase dialéctica dil.

Mais, voltemos a considerar a razón de ser dunha literatura conflictiva: ¿por qué ista situación de inevitábele contraste? ¿Por qué conflictos, na vida do intelecto, en lugar d e«problemas», vividos con «obxetividade», e nón co ise «obxetivismo» cativiño a que pode estar condenado quen, descoidadamente, confunda conflicto e compromiso? A razón, é unha historia real, é a realidade mesma da historia, especialmente, dende que a Historia, con mayúscula, tomóu concencia de ser problema. Pra nós, en todo tempo a historia foi unha realidá da condición humán. Pro, certamente, no noso tempo, dende Hegel, a Historia pesa tanto como outras dimensiós humás; en cambio noutras épocas tiñan máis densidade a culpa, o sentimento relixioso de ser xuzgados por un Deus Todopoderoso; ou ben o medo ás forzas naturales, o medo tamén á perda dos meios de reprodución, etc..., feitos siñalados xa por investigadores pioneiros na psicoloxía e na socioloxía.

Pro, actualmente, ao meu ver, o carácter que define o noso tempo, é unha figura complexa, cuio eixo está determinado pola situación-límite da loita, da pugna, nise senso que Jaspers, recordando a Empédocles, estableceu como unha liña radical, límite, do estar situado no mundo o home que (tomando á miña vez unha espresión debida a un historiador esgrevio-Américo Castro) considero nunha «edade conflictiva».

Resulta curioso iste punto, e vou parar un intre nil. Arestora non nos asusta isa «loita pola vida» no senso que Darwin introducíu en Bioloxía. Non é unha loita dirixida pola especie, sinón «pola sociedade». A existencia, xa que logo, é o obxeto dun ente «post-natural», o home como suxeto da historia. Mais como a historia é entendida como empresa dunha sociedade, o home semella estar obrigado agora non á especie da que é propagador e fillo, sinón á sociedade da que é membro. Despóis veremos que un autor moi preparado niste particular por profundas experiencias que discutiréi e analizaréi ao meu xeito, fala da oposición que a Natureza (a especie, en certo senso) fai contra do home na súa empresa de construir a Historia. A forma máis «actual», máis ao día, máis literalmente hodierna de loita, é a da Sociedade humán, contra a Especie humán-hastra o punto de que, non casualmente, seña o tema do birth-control, a regulación da nadalidá, unha das máis serias preocupacións distes días en que escribo as presentes liñas.

Natureza e Historia disputaron sempre a posesión do individuo. Pro, agora, no intre en que a Natureza abríu o seu segredo á Bioloxía, e a Historia pasóu a ser un lugar común da concencia individual, ¿por qué a Sociedade elixe contra-natura? Anque iste problema o abordaréi ampliamente nun libro próximo —niste editor (Galaxia)— desexo facer notar algunhas suxestións, que de seu falan por todo un tratado: o século pasado era máis ben naturalista; a Segunda Guerra Mundial foi perdida polo grupo que defendía supostos «racistas (naturalistas)» e o grupo que si non ganóu, «salíu ganando», era o que hoxe impón o seu canon societario. Velahí a intensa realidade do problema que apenas si esbozado rezuma senso, intención «humán», e obriga a tomar unha actitude respecto dil, que, polo pronto, crea un «conflicto».

Porque o problema conflictivo quer decir: que os elementos en pugna, en loita, son reales e merecedores ámbolos dous de estudo, de seguimento, de coidado e adicación plena. O que está en xogo non é, por tanto, a vida como tal, no senso naturista, sinón a existencia real, pro unha existencia problemática, que fai cuestión de sí mesma no momento de elexir entre as súas dimensións pra as realizar, ou incruso pra as producir. A fin de facilitar unha comprensión do nivel que oxe acadóu ista conflictiva situación do noso mundo, imos arestora comentar algúns conceptos claves que empregan as principales teorías que dende hai século e meio, tentan cambiar o senso da condición humán. Empezamos con Hegel e os seus máis fortes adversarios, sobor de tudo, Karl Marx e Sören Kierkegaard, pra pasar no seguinte capítulo á revisión do pensar de Jean-Paul Sartre, na medida en que iste filósofo, iste escritor comprometido, resume ou tenta resumir na súa obra o esforzo dises grandes pensadores. Como, xustamente ao meu ver. Sartre erróu o problema, o estudo do seu interesante e nutrido labor intelectual sirve como espléndido campo de litixio, que permitirá un terceiro capítulo de reconsideracións e conclusións. Noutra ocasión, falaréi do problema da especie e o home,

ollado dende a perspeitiva da Natureza. Pro hoxe limitámonos ao compacto problema da «Existencia e a Sociedade», como eleción histórica entre as posibilidades que a nosa época brinda aos homes contemporáns.

O herdo máis importante que Hegel nos deixóu, foi, sin dúbida, a idea de que a Historia ten un senso. Isto non quer decir a simpleza de que a Historia camiña encól dun fin (pois dise xeito a Historia ficaría, e é verdade, no colo dise fin, naipela de il): «ter senso a Historia» siñifica en Hegel que os vieiros que camiña o home por dentro de sí, son os mesmos que o Esprito traza de antemán pra se desenvolver, e desenrolar a súa esencia. O home xa non é prá filosofía un ente con unha natureza ou condición natural feita de «membros», como quería Decartes. Frente ao Racionalismo, no que nace e ao cual remata, a orixinalidade de Hegel é a súa negación da anatomía metafísica do home, cuia división real en corpo e alma, era unha das grandes responsabilidades contraídas por o fundador da filosofía moderna. A dicotomía cartesián (alma-corpo) non era de estirpe escolástica, como a miúdo se pensa, sobor de todo en círculos non tomistas. Xusto, o problema medieval era evitar a separación, o abismo da carne e o esprito, meiante conceptos especulativos (a unión hipostática, e outros). Foi Descartes, ao presentar a irreductibilidad do pensamento á estensión, e da estensión ao pensamento, quen construíu as dúas dimensiós antitéticas que il chamóu a «res extensa» e a «res cogitans»: a realidade resistente, estensíbele, infinda na súa condición, e a realidade que pensa, a cousa pensante, insaciábel na súa arela de certidumbre. Hoxe, o tomismo «vivinte» fala de «esprito encarnado», esprito urdido entre o corpo, e corpo dotado de esprito.

Hegel refuga ista acepción da condición humán. Pra il, o home é como un anticipo do Esprito absoluto. Ten, nefecto, subxetividade, e pode ser definido por ela; pro somentes dun xeito impropio. A verdade nona atopa o home na súa intuición subxetiva simple. Hegel, campeón da Lóxica, define a filosofía como «refreixión sobor do obxeto», e a o termo «refreixión» hai que darlle o peso do acento. Tornando sobor do obxeto da intuición, da simple e mera experencia, o home capta dialécticamente algo que está en il, que constitúe os dous tempos do seu meditar (esperencia e refreixión) e construie a síntesis final: o concepto.

Ista visión interna, non é sinón unha fase que dialécticamente corresponde a un profundo proceso do que o home é protagonista, máis non Autor: a Historia. Pra Hegel, o interno, por sí mesmo, sería algo morto, algo abstracto; somentes meiante a actividade se convertirá en algo realmente existente.

Pro Hegel non refuga, nembargantes, a individualidade. Pra il representa, como dixen, o papel protagonista da historia. Iste papel é ademáis doble: 1, como simple individuo «membro» dun pobo,

e 2, como individuo peculiarmente distinguido no orden histórico, chamado por antonomasia «individuo histórico».

O home que forma parte dun pobo, limítase a realizar en sí a esencia ou destino dise pobo; non inventa il ise contido histórico do pobo; cúmpleo, movido por pasiós, e determinaciós, que están dadas pola misma pertenencia do individuo a unha raza, clase, cultura, etc... Os individuos teñen, así, a súa misión asignada, o seu deber siñalado; a súa moralidade consiste en adecuar a súa individualidade a o seu deber colectivo.

Pro na actividade, no cumplimiento do seu deber, o home así illado individualmente, pasa de ser «isto» a ser «outro»; pasa da súa simple singularidade a unha forma máis ou menos preparatoria da universalidade. Xustamente, ista é unha das grandes fórmulas que de Hegel tomaron os seus adversarios, ben que nun senso que xa de antemán condiciona e nega o pensamento inicial do filósofo suabo.

Iste pasar a ser «outro», é denominado por Hegel «Entäusserung, ou seña, literalmente, esteriorización, e en Hegel refírese á esteriorización que o Esprito en devenir fai pra acadar na obra, na actividade individual un punto de partida pra o gran salto da Historia, que no seu centro está reservada a os grandes individuos históricos.

Diste xeito, temos que en Hegel, nun momento dado, hai individuos que son representantes do esprito dun pobo, e protagonistas da pequena historia diste pobo, e por outra banda, individuos especiales, que, sobor da base da realidade colectiva traballada polos individuos «alienados», sometidos á «esteriorización», á «Entäusserung», están chamados a construir os xigantescos progresos polos que o Esprito de fondo, a Idea mayúscula da filosofía hegelián, alanca hacia o seu remate, á súa plenitude de realidade.

O devenir histórico, non é así, un capricho; está rexido por leises inmutables en derradeiro termo, aínda que poida cambiar, evidentemente, unha situación dada. Pro, finalmente, a Idea, o motor da Historia, ten que se impoñer. Cada etapa superada, é recollida na forma superior, na forma seguinte. O carácter teleolóxico, finalista, da filosofía de Hegel, obriga aquí a facer un esforzo pra comprender cómo il trata de salvar do derrumbamento ao circunstancial, ao caduco, ao finito.

A forma que ten o Esprito de «levantar», de «erguer» o momento que lle precede dialécticamente, o arrastre histórico de momentos universales trascendidos na marcha apoteósica do Esprito, é interpretado por Hegel como un «aufheben», palabra de difícil tradución (Ortega aconsellóulle a Zubiri traducila por «absorber»), e que literalmente siñifica «eliminar-conservando», de xeito que ao remate, un novo nivel absorbe a esencia do anterior (o universal realizado na anterior etapa) e existe, aberta a un novo futuro no que lle agarda similar destino, hastra a consumación dos tempos.

Istes grandes episodios, son a materia dos individuos históricos. As xestas emprendidas por istes homes singulares —herois, dí Hegel que se lles debe chamar— son directamente inspiradas xa polo núcleo central do Esprito. Non é un simple esteriorizar momentos previos (etapas históricas inmaduras, pequenas historias) sinón prepararse a Sí mesmo o Esprito, pra dar o salto da «Aufhebung», que permite mover inequívocamente a universalidade da Idea. Por iso os homes elexidos son personalidades cheas de pasiós: nada grande se fixo na historia sin pasión. Propiamente, dí Hegel, non deberíamos falar de pasiós, sinón de «actividades», de móviles, nos que os individuos gozan e disfroitan, pro cunha diferencia que é moi grave polas conclusiós que dela derivan pra a vida moral do noso tempo.

Mentras o simple individuo «ao nivel da historia popular», é libre frente ao seu cometido, sabe do ben e o mal de non deixar esteriorizar ó traveso dil un universal que o seu pobo ten que traballar, que preparar pra o Esprito histórico, o individuo histórico non sempre sabe o que fai, nin pra qué o fai. Napoleón deixa que a ssúas pasiós movan os principios da Revolución Francesa; a miúdo il se entrega a disfroitar personalmente dos parciales triunfos que co seu impulso acada a Historia; nisto pode ser responsábel, no senso popular da palabra (ser pecador). Pro da empresa no seu conxunto noné responsábel, porque somentes é víctima da astucia da Idea —que pon as pasiós do Heroi no mundo, pra loitar en vez de Ila—. Ademáis, Hegel defende a os Herois, na medida en que aínda conocendo o destino que tiveron o honor de realizar, foron leales a il, porque no fondo non elexiron sinón o esforzo, un colosal traballo que soio iles —e isto resulta decisivo— podían levar a termo.

Frente á empresa do Heroi, o home contemporán dil, pode quedar como «estrañado». É decir, o home que colaboróu á empresa da que o propio individuo histórico non é moi conscente, vése «sorprendido», alienado nun senso peculiar, poisque non operóu il tampouco a o mesmo nivel que si se tratara de cumplir a pequena misión de alienación habitual, a alienación da pequena historia rexional.

A ista segunda variedá denominábaa Hegel «Entfremdung», de xeito que, forzando un pouco o seu pensamento, podemos decir que o propio da Historia é brindar un campo prá acción individual, á medida do individuo, xa que nefecto, Hegel eisixe responsabilidades con arreglo a o papel en que cada ún se mira colocado na gran empresa do desenrolo da Idea. Incluso, é máis eisixente cos herois da pequena historia, que cos Herois da Historia xeral. Pro, ao meu ver, Hégel trata de paliar a responsabilidade do home no mundo, trata de salvalo, remitindo a o Esprito Absoluto unha responsabilidade que os individuos comparten á medida deles, pro con facilidades...

A «Entfremdung», o estrañamento, é, por desgracia, a versión que diste amplio desenrolo hegelián tomaron os seus adversarios, Marx e Engels. Incluso, empregando indistintamente os termos, o senso que teñen é o de estrañamento sempre. Os mesmos fil5sofos comunistas de certa autoridade, que conocen ben a Hegel, e reconocen que a interpretación marxista é limitada, sigue sin modificar aquí a intención da palabra «alienar», dándolle o senso negativo de ser absorbido por unha empresa da que se non é responsábele, nin protagonista, sinón «parte».

Máis ,agora comprende o lector o interés de ter claras as nociós preliminares sobre cuestiós tan decisivas como istas. Aínda vou matizar máis algún punto, pra despóis entrar a discutir a tesis dialéctico-material, nos seus máis importantes conceptos.

Sendo a Idea o motor da Historia, compre agora preguntar cómo é posíbel a existencia de responsabilidades individuales, e por qué, na interpretación que nós facemos de Hegel, se lle pide máis ao individuo, non histórico, que a o heroi. Ista tesis é, polo demáis, a que Hegel prantexa con tuda claridade na súa Filosofía da Historia. A comprensión recta diste fundamental problema, é decisiva, insisto, pra saber hoxe a qué nos ater, en meio da conflictiva historia entre bloques, entre mundos antitéticos, mais, nembargantes, uniformados na maior parte das cousas menos nunha: o concepto de libertade.

Xustamente, meditemos sobor un pasaxe da Filosofia do Esprito de Hegel: «...O deber da filosofía... non pode decirse resolto mentras o concepto e a libertade non cheguen a ser obxeto e alma da filosofía» (párrafo 384).

O concepto debe ser «obxeto» da filosofía; a alma, é a libertade. Hegel non acostumbraba a trabucar o orden dos seus conceptos, e menos na síntesis xa perfectamente domeñada da Enciclopedia, de onde procede a cita anterior.

O deber do filósofo, da literatura conflictiva (ista é sempre a literatura filosófica, pendente da realidade e da verdade, como materia e forma da súa actividá, a libertade), é, xa que logo, «animar» darlle alento, á vida do pobo, e comprender a alta empresa da Historia. De ahí que Kant dixera que non hai espectáculo máis lamentábel que un pobo sin metafísica.

Naturalmente, os corolarios non son obrigados: non se trata de que o pobo esteña obrigado a saber metafísica, nin siquera a súa. Xusto, o propio Kant dí que a filosofía (entendida como cencia) non é popular, porque nono necesita ser. Pro, dentro do pobo, cada individuo ten un deber que desempeñar. Iste deber, non é o imperativo categórico, non xurde como simple determinación interna da voluntade, inspirada ou non por altos preceptos; na vida en común, nos costumes, nos modos xerales de se construir a sociedade (o que chama Hegel a Sittlichkeit, ou moralidade pública) o individuo sabe perfectamente o que lle corresponde. Niste senso, é

moi siñificativo o que dí Hegel, aludindo ás morales «escrupulosas» que presentan a moralidade pública como dificultosa: «Investigar a esencia do deber, é un traballo inútil. A inclinación a considerar a moral como cousa ardua pódese estimar mellor como o intento de abandonar os propios deberes. Todo individuo ten a súa «clase», e sabe o que é unha conducta xusta e honrada. Considerar difícil o discernemento do xusto e o bó, nas circunstancias comús da vida privada; creer que é un siño de moralidade superior a descoberta de moitas dificultades e escrúpulos nela, é unha cousa que se debe atribuir á mala e perversa voluntade, que anda á percura de eludir uns deberes, que son sinxelos de reconocer». (F. G. Einleitung: II. 2. b). Máis, por outra banda, Hegel dí, un pouco antes, nise mesmo párrafo: «Pra que haxa libertade nun Estado, fai falla que ila dependa do albedrío do individuo, e que non seña a división de castas a que determine o oficio a que se debe consagrar cada ún». Nisto apártase do comunismo platónico, e, malia doutras interpretacións hegeliáns, basadas máis en conclusiós xerales sobor a relación de Hegel coa Monarquía, que a súa íntima convicción, Hégel deixa aquí un espacio á organización social por libre determinación individual. Xusto, ista é a conclusión da súa fiilosofía da Sociedade, que a miúdo se confunde co a súa filosofía da Historia, onde, evidentemente, o individuo está superado polas grandes empresas dos individuos heroicos.

Aínda máis; a libertade, é en Hégel o elemento, a mediación pola que o esprito faise independente da substancia que o apreta á natureza. A libertade é a actividade máxima do individuo común, pra facilitar, no consumo de libertade, a realización do universal. O Esprito, ao se esteriorizar (na «Entäusserung») individualízase; ollado dialécticamente dende outro ángulo: o individuo, ao comprir a universalización do Esprito, esteriorízase, aliénase, faise outro, pro un outro definido a nivel da Nación, e preto da Historia, na medida en que a Historia fanna os individuos especiales, sobor da base do pobo, da Nación. A libertade, xa que logo, non é aquí un simple atributo do esprito subxetivo, unha mera propiedade da alma, sinón unha necesidade do desenrolo xeral da Historia. Sin libertade o individuo non pode realizar o destino da súa Nación, é en certo modo, a Historia queda en suspenso. A libertade é o motor da Historia, na medida en que o Esprito é o motor xéral da realidade; o tránsito da Natureza a o Esprito Absoluto, ten que pasar pola Historia, e de ista fase, o responsábel é o home. Non se pode atribuir a Hegel unha filosofía da sociedade privadora da libertade individual; il mesmo dí que a libertade moral é a mediación na que o universal é realizado polos individuos, capaces de reconocer, pola súa simple subxetividade, o ben e o mal das súas acciós. Niste respecto, a súa filosofía é moi clara e terminante, e sacude fortemente as mezquinas falacias dos negadores da Historia. Certamente, Hegel, que loitóu bravamente na súa xuventude con íntimos problemas que a súa sociedade en principio castigóu e soio permitíu

cando Hegel foi histórico, ou seña, cando triunfóu por riba do seu tempo, deixóuse levar pola tentación da historificación, da oficialidade, e outras lenes tentaciós pra un grande home. Pro a súa filosofía social defende ao individuo, e xustamente faino responsábel da actividá histórica, co as salvedades que dixemos.

Contra dista doctrina, Marx e Engels opuxeron unha única tesis que despóis permitía xustificar grandes amputaciós na magna filosofía hegelián. No libro fragmentario, pero importante pra conocer a posición de Marx-Engels dentro dos continuadores do traballo hegelián de construir lóxicamente á Historia, conocido abreviadamente como a «Ideoloxía alemá» («Die Deutsche Ideologie, etc...»), establecen con razón e firmemente que na historia, o que se realiza non é ningunha entidades pantasmal, sinón o «home». Fora disto, non hai máis razós aceptábeles en toda a filosofía marxista, que non estiveran contidas con maior forza, profundidá i elegancia no pensamento do seu grande predecesor.

Mais, ¿qué é isto do «home»?: ¿é unha verba, un animal raro, unha casualidade da natureza, sostida pola historia: qué é? Certamente a historia non é «un desfile de cabaleiros, bandidos e pantasmas», pro aínda que neguemos a historia como acción de personaxes feitos xa, e tratemos de amostrar que xustamente a Historia fai a o home tanto ou máis que íste a íla, non dixo outra cousa o Idealismo alemán: É íste o seu progreso. Pero o idealismo non lle negóu ó home unha participación no universal; xusto, o mérito do home era realizar no nivel da vida histórica unha determinada fase do desenrolo xeral da Idea, doctrina que, tras da súa mera especulación, oculta o desexo de xustificacar a condición humán. Aínda en Hegel, onde como xa vimos, o esprito subxetivo, a concencia individual é superada e rebasada plenamente, isa concencia, nembargantes, disfroita da independencia óntica que dá o feito de meiar entre ela e o esprito colectivo «a libertá».

Mais, pra o marxismo, o home é, na súa forma actual, histórica, o derradeiro producto da Natureza. Dos restantes animales, distínguese pola concencia, o sentimento relixioso, ou, dín eles, «algo polo estilo». Mais o certo, engaden, «é que o home mesmo se non sinte distinto do animal, sinón dende o día en que comeza a producir os seus meios de subsistencia, paso iste condicionado pola organización do seu corpo». (Die Deutsche Ideologie. Il fragmento). «A vida do home esgótase por enteiro na súa produción: no qué produce, tanto en «cómo» o produce. Por iso está estreitamente enlazado coas condiciós materiales da mesma» (id. ib.).

A estructura dialéctica é aquí pecha, moi pecha. A produción, pra Marx-Engels, «comenza co aumento da poboación». (É moi interesante ir retendo istas «premisas» na súa suxestiva espresividá). Mais a produción «presupón que os individuos manteñen relaciós os uns cos outros». Mais —e aquí péchase o círculo dialéctico— «a forma distas relaciós áchase condicionada, á súa vegada, pola produción» (id. ib.).

Así, xa que logo, a posibilidade da Historia nace non de modos de descoberta de sí por parte do home, sinón de «feitos» concretos de realización. Non está claro, no marxismo, cómo é posíbele sin unha concencia de sí xa humanizada, que o home adevirta as súas diferencias con outras especies animales, e, xusto, que se atope a sí mesmo distinto na empresa fabril de «producir» as súas propias condiciós históricas de desenrolo. Semellaría ser más eisacto que o home tivera nos seus comenzos un gradual despertar da concencia; que ista espabilárase de xeitos diferentes, con tempos, «velocidades» diferentes según os lugares, divisiós naturales previas do grupo humán, etc... Pro o marxismo sostiña e aínda sostén a orixe «histórica» da concencia, confundindo o contido representativo da mente, co a estructura ontolóxica que brota, que xurde por primeira vegada co Homo Sapiens e quizáis os seus predecesores, máis próisimos. Non é posíbel, no estado actual dos conocementos psicolóxicos, derivar a concencia humán dunha forma que non esteña trascendida pola estructura innovadora. Un naturalismo psicolóxico, así como un materialismo da concencia non son xa obxeto de ningunha consideración seria por parte do alto pensamento europeo. A vella tesis de Aristóteles sobor da condición humán, o seu carácter de ser sempre algo «máis alá de ela mesma» non pode ser desatendida con éisito. O menos que se pode ademitir, é a necesidade dunha categoría non derivábel da realidá material, que se incorpora «específicamente» a un organismo, que, en troques, está arraigañado profundamente na escala zoolóxica, un organismo bastante conservador, polo demáis, dentro da súa evolución especial, no nivel superior da organización das estructuras do córtex cerebral.

Pro isa categoría, non pode ser a Historia, poi que ista é máis ben algo así como «un campo», un «ámbito», un meio, non unha dimensión constitutiva. E a historicidade do home, supón unha concencia que é de seu xeneradora de historia, non á inversa. A Historia, reverte sobor dos individuos, pro refreixivamente; o primeiro momento, é individual; pro ista refreixión que decimos, ten que se facer á súa vegada dende unha entidade superior (en Hegel, o Esprito no seu proceso xéral). Mais, ao desconectar a concencia dunha trascendencia que a sosteña, o materialismo queda sin onde pendurar o fío do desenrolo da mente humán. Negar ista, non pode. Esplicala, tampouco. Limítase a «desacreditar» outras interpretaciós, basado nas dificultades que sempre un problema metafísico ten de seu, e terá longamente na historia do pensamento. Mais, xusto iso, é unha actitude escolastizante moito máis desacreditada xa. Por desgracia, normalmente se non repara nistes puntos decisivos —de onde a vixencia dista pésima doctrina do home no mundo actual.

A súa forza radica na crítica, máis que na aportación positiva de ideas. Por outra banda, xa Marx e Engels, ademiten «impunemente» que con frases non se modifica o mundo, e o seu propósito non é outro. Ademáis, aínda que non esplican, porque se non pode,

a orixe da concencia, ademiten ao final do proceso histórico a presencia da «personalidade», da persona humán auténtica, ben que definida como «asociación de personas» ou seña, grupo denso no que a personalidade individual está definida como persona no seo do grupo, liberada por canto é sustentada por il. Ao Esprito hegelián, substitúeno polo grupo final histórico, libre, perfectamente ceibe, disfroitando o triunfo da sociedade sobor das forzas que hoxe, e dende a orixen, fose calquera, a constriñen e a limitan.

Voltando ao asunto propio do materialismo dialéctico, ou seña, a Dinámica da Historia, xa que a súa Xenética nona domeñan (moitos teorizantes actuales, sobor de todo, sociólogos, confunden a maoría diles xénesis con dinámica) deteñámonos outra vegada no círculo pechado da «produción-aumento de poboación —relaciós interhumás— modo de produción».

Influidos aquí polos pensadores progresistas do XVIII, Marx e Engels, valoran moito o aumento de poboación. Ista nota cuantitativa valóranna xusto porque é unha proba,, ó seu xeito, da superioridade do «grupo», sobor do individuo. Actualmente, isa mesma socioloxía progresista —en especial, e precisamente— a americán xa ten comprendido dende hai moitos decenios que o home non soio non é o «animal sociábel» por antonomasia, sinón que o raro na Natureza é atopar un animal non sociábel. A sociabilidade non é un atributo humán; é un atributo nin siquera do animal, sinón vexetativo, vexetal —que se pode perder, xusto, no animal, en virtude da movilidade diste—. O incremento de libertade (aquí, no organismo, incremento de «movilidade») é a verdadeira causa que andando os períodos biolóxicos, rubindo polo arbre da ascendencia humán, vai ser responsábel da posibilidade da concencia, na medida que ise fenómeno da movilidade ou libertade respecto do meio, vaise poder repetir respecto de sí mismo. En realidade, o movemento de poboación, e determinado pola especie, e non polo individuo. A cencia positiva ten perfectamente probado hoxe que o incremento dunha especie está en razón inversa da rareza de recursos. Marx e Engels (en xeral, todo o pensar marxista oficial, como na cómica intromisión de Stalin co as leises de Mendel) erra o fenómeno motor material que quere esplicar, por desconocemento da relación entre especie e sociedade. A produción non determina o aumento de individuos, nin ista o aumento da produción, sinón que na loita «natural» pola existencia, no senso literal darwinista, a especie coida de sí, forzando a reprodución. O mecanismo primario é natural, non histórico. Cando Engels quíxose enfrentar co problema na súa filosofía da Natureza, tivo que concluir o carácter dialéctico de ísta, o cual e máis especulativo que a tesis do Esprito de Hegel. Non hai tal dialéctica: o que hai é un par de categorías xeneratrices, en pugna, que constitúen unha lei universal da vida planetaria; a sobrevivencia do máis frecuente. A teoría da rareza na orixe do home, que Sartre tenta (como xa imos ver despóis) retomar, de novo erróneamente, é unha tesis allea ao fondo

«natural» e por tanto «material» do home. Sobor disto, ¿a ónde vai parar a «dinámica» da Historia do materialismo? Hoxe, en que o aumento da producción é inmenso, a especie non pode rexir a vida individual —que coida xa ela moi ben de sí, baixo pautas sociales que son «posibilidades» abertas, non determinaciós previas. Un grupo de individuos (a técnica e cencia de Ocidente) creóu un novo tipo de produción, e a estensión á colectividade humán de tal progreso establece un conflicto na sociedade cuias liñas profundas son alleas ao «aparente» modo de estar configurada «políticamente» en bloques ou «mundos» a diversa variedade de grupos humás. Comunismo e capitalismo non son máis que variedades de establecer un fenómeno que de seu é máis comprexo, e que se non resolve dende ningunha disas concepciós ou imáxenes do mundo. A literatura comprometida, ao tomar partido por un dos bandos, non se prepara prá solución, sinón prá loita, prá guerra. A literatura conflictiva, nega ámbalas dúas doctrinas, renuncia á síntesis, e percura no fondo real do problema, a solución, e aínda antes, un necesario prantexamento correcto, comprido, e leal ao nivel e gravedade do asunto (a sobrevivencia humán).

Así as cousas, toda a dialéctica sobor do «proletariado», a burguesía ,a loita de clases, etc..., pasóu xustamente á Historia. De certo, o socialismo, como aición, merece ser tido en conta como un grande propulsor da voluntade humán. Cómprelle hoxe quizáis, un senso máis amplio, un horizonte que non acaba de atopar, por ter dogmatizados algúns puntos inútiles e insostenibeles na doctrina. De ahí que o esforzo de Sartre por superar a situación, seña moi diño de estimación. Mais, o socialismo, sobor de tudo nas formas estremas comunistas, mentras non entenda a diferencia entre «crear» historia e «controlala», será unha carga inútil prá o desenrolo actual dos meios de produción, ou en todo caso unha forza inerte contra os escesos capitalistas. Mais no estado actual, a composición dos bloques, as pequenas guerras nas fronteiras dos grandes grupos de frición (Viet-Nam, no límite chino, Santo Domingo —ou Cuba— no límite americano) dan pe a soster en Norteamérica unha industria de guerra, e facilitar o pleno emprego, dunha sociedade burguesa que, por outra banda, chega a unha opulencia tal. que, según as propias estadísticas americás, dentro de dez anos, o nivel de vida americán será «o doble» do actual, por forza, pra manter o ritmo da súa evolución. Ou seña, que pra soster unha industria que aumenta a súa produción por niveles superiores a países subdesenrolados, o consumidor, terá que consumir o doble —e así compensar o incremento da produción. Por outra banda, a prevención da nadalidá, será regulada mellor, polo equilibrio «belicista», o cual permitirá a unha sociedade capitalista vivir do seu propio ritmo, e xustificar a necesidade disa dinámica tan xigantesca como a urxencia protectora da libertade, do mundo libre. E o triste é que, ollando ao outro bloque, ten razón.

Pra o «Terceiro Mundo» —si é que pretende que se lle poda ter en conta xa— non hai outro remedio que ir á percura dunha solución basada nunha transformación absoluta do senso da civilización, e retraerse encol dunha ascesis industrial (evitar industrias pesadas, e fomentar as de gran proteción individual, co seu correspondente descenso do ritmo na nadalidá, e a regulación do proceso de desenrolo, que será menos acuciante que na sociedade opulenta). Ista ascética industrial, xusto co desenrolo do nivel de cultura, pra facela posíbele, é sin dúbida o programa ideolóxico único pra iste Terceiro Mundo. Marx pensaba que o proleteriado era a clase históricamente inocente, e xusto o proletariado obreiro (non o campesiño, nin o artesán, que, poseedores da propiedade rural, ou do instrumento de traballo, pertenecían ou facían o xogo a o burgués). Pro a inocencia histórica está xa perdida. Históricamente, o proletario, a o se facer consumidor, aceptóu de bó grado a solución da sociedade capitalista, e demostróu que como clase, é tan pecadora como as anteriores. Non é na loita de clases, sinón na convivencia dentro da abundancia, como a Historia poderá ter unha dinámica chea de remansos de paz, progreso, e libertade.

Agora, miraremos como a solución «comprometida» de Sartre, tomando partido polo comunismo, bota a perder unha espléndida ocasión de superar o conflicto. Mais, denantes, algunhas palabras previas sobor Kierkergaard, pra iniciarnos no complicado feixe conceptual do existencialismo dialéctico.

Con Kierkegaard, introducímonos nun mundo totalmente distinto. Pra se dar unha idea, comentaréi un detalle do pensamento de Kierkegaard, que revela ás claras ista distinción. Un home como il, tan desnorteado estaba respecto da realidade do seu tempo, que pouco antes das grandes revoluciós obreiras e sociales que deron comenzo en 1848, anunciaba, solemnemente, un longo período de repouso, de acougo societario, e xustificaba a profecía con non menos peleriñas razós.

O mundo de Kierkegaard, é tan distinto, que, polo primeiro, nos amostra a diversidade dimensional da condición humán: cómo coincidían históricamente, tipos xeniales que, cada ún no seu mundo, organizaba diversamente a traieitoria do esprito humán. En contraste de todo o anterior, e pra que o leitor poda meditar de novo sobor dunha dimensión moi perturbada no marxismo imos tratar seguidamente o tema da «intimidade», tema moi caro ao pensador danés, que il viviu fondamente, cruelmente, consigo, e cos demáis que na súa intimidade poderían atopar o agarimo que debería dar un filósofo —e que Kierkegaard, tristemente, non díu. Ademáis, isto será un bó aperitivo pra pasar, sinxelamente xa, á crítica de Sartre, cuio pensamento en nada supera, en agarimo e salvación, ao seu tráxico e patético precursor.

Como o pensamento de Kierkegaard está moi estereotipado, e cada ún o espresa ó seu xeito, vou destacar, con seu concepto sobor

da intimidade, outro, que está na base da súa filosofía, e polo que é máis conocido: o concepto de angustia.

Kierkegaard móvese contra Hegel, pro dentro da metafísica hegelián, como é ben sabido. Filosóficamente, o trasfondo ontolóxico do pensador danés, remite constantemente —ás veces, sin sabelo— aos supostos hegeliáns. Nembargantes, Kierkegaard, incluso na súa metafísica, posee vida propia, e de ter unha mente máis libre de obsesiós e preocupaciós un tanto «ambivalentes» —como dí algún psicoanalista sobor dil— o seu pensamento tería acadado máis sistematismo e lóxica.

Pero, o propósito de Kierkegaard, xustamente, era atopar unha realidade non conceptual. pra opoñer ó Esprito de Hegel. Kierkegaard andaba á percura dun saber «pre-conscente» (en certo senso, ao xeito socrático) cuia forza fose superior á que o «concepto», do idealismo, o «Begriff» da Filosofía do Esprito e da Lóxica, ten, por eixemplo, sobor do destino histórico. Frente a iste idealismo platonizante Kierkegaard tiña moito do «conócete a tí mesmo» helénico, recastado especialmente en Sócrates (lembrade, non máis, a defensa da «erótica» socrática que fai no «Concepto da angustia», Cap. 2.º, párr. II. A.), a quen realmente vai adicada ista obra: «Pois Sócrates era grande, porque distinguía entre o que sabía, e o que non sabía».

De ahí que, frente á orientación xeral por un esprito histórico, prao que non tiña, como xa dixemos, moita disposición, Kierkegaard, pensador de filiación relixiosa, «teólogo», apunte direitamente ao destino do home, pro na direición da trascendencia —isa trascendencia, digamos— un pouco vertical pra distinguila da «horizontal» da filosofía puramente inmanente. Xusto, il distingue entre o xenio natural, o home xenial, como filósofo da inmanencia, e o apóstolo, como filósofo da trascendencia. Iste fala en nome de Deus, dun Terceiro; o xenio, fala en nome de sí mesmo. Distinciós agudas sobor do papel da filosofía natural (a psicoloxía chámaa il a miúdo —porque é o que fai—) e a teoloxía, son frecuentes na súa obra.

Usando o concepto de «síntesis» no senso hegelián —moito máis que, por suposto, no senso de Kant ou outros— Kierkegaard dí: o home é unha síntesis de corpo e alma, soportada polo esprito. Atopamos aquí unha trilóxia teolóxica, poisque lembra e concorda bastante ben con San Pablo: o corpo (a carne) a alma (a ánima, a psikhé) e o esprito (o pneuma).

O esprito, pra Kierkegaard, é o ámbito onde se realiza o destino individual (despóis Heidegger tomará ista tesis pra construir o seu concepto de existencia —Dasein, ámbito de realización do noso ser propio ou impropio, resolto, ou caído, auténtico ou falaz, seguindo a liña teolóxica de Kierkegaard). No corpo e na alma, soio se realiza a «esencia», por así decir, do home —no que repite literalmente a Hegel; mais o esprito é a dimensión conflictiva da esencia humán frente ao destino, ou seña, «a trascendencia».

Aquí, Kierkegaard refuga á metafísica. Non trata de teorizar «sobor» da existencia, sinón afondar o seu pensamento «encol» dila, zarandeado por ila — de onde que, nisto, ao meu ver, lle pase un pouco do que lles sucede aos filósofos «realistas obxetivos»: faise un moneco da realidade que trata de esplicar, a realidade íntima— con tódolos erros e limitacións dunha unidimensionalidade antropolóxica.

De tódolos xeitos, il trata de afondar máis e máis as súas experiencias psicolóxicas, tanto no ámbito da angustia, como da erótica(según estudóu xa entre nós Xoán Rof Carballo). Kiergegaard atopa na angustia, a máis fonda experiencia do esprito. Quizáis poidéramos decir, forzando tamén aquí nós ao pensador comentado, que no orden da «praxis», é a erótica, a sedución, a máis ricaz experiencia que fora da intimidade—o amor é intimidade compartida, pro controlada por unha libertade íntima direitora— se pode conseguir; así entenderíamos un pouco a rara experiencia dos seus fracasados amores).

A angustia, nace do papel mediador —seguimos con Hegel— que o esprito ten entre o corpo e a alma. Pra Kierkegaard, o esprito pon en relación, a miúdo nemiga, ao corpo e á alma. O matiz da experiencia da angustia, débese a que o carnal e o anímico tratan de anularse mutuamente. O esprito, meiador, sufre na súa sensibilidade, ista tráxica dualidade da condición humá. Aquí temos recuperado o dualismo cartesián, mais con decisiva diferencia: o dualismo está superado, sostido, por una meiación, que brota xusto da oposición entre corpo e alma. Nin que decir ten que unha estructura tal somentes pode ter unha orixe real: a libertade.

No, no nos engañemos. La sombra de la duda insoluble, del misterio avasallador, de la muerte aún más implacable, la muerte negra, sin claro horizonte de un más allá, persigue, acosa, asfixia a Rosalía. Y a todo esto le duele hasta las entrañas el paso del tiempo que agosta la juventud, entierra la infancia, trae a esa muerte. Y le duele que puedan ser olvidados los muertos y que tanta lucha sea para eso: para morir y ser olvidado. Y siempre sin saber si hay algo más allá, torturándose para creer y no pudiendo creer:

> Morte negra, morte negra,
> cura de dores e enganos,
> ¿por qué non matal-as mozas
> antes que as maten os anos? (FN 496).
>
> ¿Quén se lembra dos mortos...? (FN 444).

Miréi pola pechadura,
¡qué silencio..., qué pavor!...
Vin no máis sombras errantes
que iban e viñan sin son,
cal voan os lixos leves
nun raio do craro sol.

Erguéronseme os cabelos
de estreñeza e de delor.
¡Nin un soio!... ¡Nin un soio!...
¿Onde están? ¿Qué deles foi?

O triste son da campana,
vagoroso a min chegóu...
¡Tocaba a morto por eles!...

¡Padrón!... ¡Padrón!...
Santa María... Lestrove...
¡Adiós! ¡Adiós (FN 452).

... ¿Es verdad que todo
para siempre acabó ya?
... ...
Nada hay eterno para el hombre, huésped
de un día en este mundo terrenal.
... ...
abismo arriba, y en el fondo abismo:
¿qué es al fin lo que acaba y lo que queda?

En vano el pensamiento
indaga y busca en lo insondable, ¡oh ciencia!;
siempre al llegar al término ignoramos
que es al fin lo que acaba y lo que queda. (O. del S. 583).

La Ciencia. Atención a la palabra, que tiene mucha miga. Hemos llegado a una de las claves, una de las llaves para entrar a la comprensión. Rosalía, como muy pocos, quizá como ningún otro poeta español del siglo XIX sufre al ser hija del siglo, víctima del siglo, típicamente fiel a las corrientes e inquietudes de la época que le tocó vivir. Pensemos, advirtamos que el siglo XIX es el siglo del pasmo, entusiasmo por la Ciencia con mayúscula (Curros Enríquez cantó alborozado la primera locomotora de ferrocarril que entró en Orense). Es el momento del empirismo, del cientifismo, del naturalismo, del positivismo, del darwinismo. En 1859 un semanario que acaba de aparecer en la ciudad de Oviedo grita eufórico en su artículo de fondo: "Es el tiempo del vapor, de la electricidad, el mirí-ñaque y las píldoras Holloway. Empieza el progreso" [21]. En estos años en que vive Rosalía van apareciendo las primeras novelas naturalistas procedentes de Francia. Adelardo López de Ayala, influenciado por la corriente economicista de entonces titula una obra "El tanto por ciento". Tamayo y Baus nos ofrece otra bajo el título de "Lo positivo". En Inglaterra el gran Dickens ya se burla de los

[21] Juan Antonio Cabezas: "Clarín", Col. Austral, núm. 1.313, Espasa Calpe, Madrid, 1962, pág. 32.

viajes por el Támesis en barco de vapor [22], etc., etc. Digamos que Rosalía, ser humano de su tiempo, también perdió la fe por confiar demasiado en la ciencia, por creer como muchos creyeron y creen, que el mundo y el trasmundo y todo se puede explicar con la razón y la ciencia. Aunque no es este todo el meollo de la cuestión, como aún veremos. (Y aunque es necesario que sigamos batallando, con la razón y la ciencia, por crear un mundo en progreso, más claro).

Rosalía está atenta a todo este mundo moderno que empieza a ser caótico ("abismo arriba, y en el fondo abismo", abismo por todas parte). Ve con los ojos orgullosos y atrevidos del siglo, con ojos desnudos, ojos que confían ya en los microscopios, ojos sin la "venda de la fe", con palabras rosalianas. Ve esos abismos del cielo y de la tierra y resulta que a pesar de la electricidad todo es sombras, dudas, perplejidad, desorientación. Y ella está en medio de ese grandísimo, horroroso vacío, sintiendo vértigo, siempre recordando que no tiene amparo, que está huérfana. Pero aún trata de dialogar con Dios, el Dios que la autosuficiencia de la mente moderna va desterrando, humildemente, necesitando en lo más íntimo a ese Dios que, como a Unamuno después, ya se le escapa "agonizando", es decir "luchando", dejando tras sí el alma llena de heridas. Y esto al compás de las campanas que no abandonan su fúnebre "ritornello":

¿Qué somos? ¿Qué es la muerte? La campana
con sus ecos responde a mis gemidos
desde la altura, y sin esfuerzo el llanto
baña ardiente mi rostro enflaquecido.
¡Qué horrible sufrimiento! ¡Tú tan sólo
lo puedes ver y comprender, Dios mío!

Ese ¡Dios mío! es algo así como el grito que lanza el náufrago al barco que va pasando por allá lejos, de largo. Rosalía en concreto, positivamente, sólo oye que le esté respondiendo una voz: la voz de la campana que toca a muerto.

7 — Negrura, dulce infancia perdida, "celeste venda"

Rosalía quiere dialogar con Dios, exige una respuesta..., presta atención, parece que espera oir la voz del milagro, pero oye... sólo el fúnebre metal de la iglesia: (el subrayado es nuestro)

¿Es verdad que lo ves? Señor, entonces,
piadoso y compasivo
vuelve a mis ojos la *celeste venda*
de la fe bienhechora que he perdido,
y no consientas, no, que cruce errante,
huérfana y sin arrimo,
acá abajo los yermos de la vida,
más allá las llanadas del vacío.

[22] Ch. Dickens, Obras Completas, Ed. Planeta, Barcelona, 1963: "Una excursión en vapor", pág. 1.002.

Sigue tocando a muerto; y siempre mudo
e impasible el divino
rostro del Redentor, deja que envuelto
en sombras quede el *humillado* espíritu. (O. del S. 584).

"Humillado espíritu" porque ruega sin ser atendido y también por algo más quizá: quizá también por cierto "complejo" que infundían en Rosalía las circunstancias de su nacimiento a que ya nos hemos referido.

No, no olvidemos que el pesimismo, la "sombra", lo negro, pesan más en Rosalía. No olvidemos que lo más clamoroso de Rosalía es ese grito, sí: grito que dice con toda claridad:

¡Morir! Esto es lo cierto,
y todo lo demás mentira y humo... (O. del S. 660).

No nos dejemos llevar demasiado (desconfiemos que sea plenamente sincera ahí) [23] por ese poema que cierra el volumen "En las orillas del Sar" y que empieza:

Tan sólo dudas y terrores siento,
divino Cristo, si de Ti me aparto [24].

Observemos que ella misma se contradice al decir en versos siguientes que sigue buscando porque aún no ha encontrado:

Y alzando al cielo la mirada ansiosa
busco a tu Padre en el espacio inmenso,
como el piloto en la tormenta busca
la luz del faro que le guíe al puerto. (O. del S. 662).

A pesar del "divino Cristo" con que quiere exhibirse al final, la duda, la sombra persiste en Rosalía. Ella misma es, empleando un verso suyo, "una sombra tristísima, indefinible y vaga" (O. del S. 613). Una sombra que "busca la luz del faro que le guíe al puerto;

---

[23] Volvamos a considerar su "miedo", si no le asustaría ponerse radical, definitivamente en contra de la fe católica.

[24] De la misma forma, tampoco puede constituir un argumento en sí el hecho de que Unamuno haya escrito "El Cristo de Velázquez".

Compárese este vaivén entre creer y no creer, entre Cristo concreto y Dios inaccesible, con el vaivén ídem. de Unamuno. Sin ir más lejos obsérvese un fragmento poético de Unamuno en que éste, de pronto, habla humilde (como pueblo, como niño casi) a un templo, a la basílica de Santiago del Bilbao de su infancia:

Y no encuentro salida a mis anhelos
sino hacia el mar que azotan las galernas,
desde el pobre bajel de mi tesoro
zozobra náufrago.
Por eso vengo a tí, santa basílica,
que al corazón gigante de mi pueblo
diste para aplacarle de tus naves
la calma gótica.
Yo soy mi pueblo, templo venerando;
aplaca mis congojas, adormece
este sufrir, para que así consiga
seguir sufriéndolo.

¿Influyó Rosalía en Unamuno? Quede la cuestión para estudio ulterior.

siempre errante, siempre "extranjera en su patria" (título de un poema de "Follas Novas"), siempre peregrina, aunque haya nacido en Santiago de Compostela. Al menos esa es la impresión que nos queda tras haber leído su obra.

8 — Campanas amables

En castellano y en gallego, desde "A mi Madre" (1863) hasta "En las Orillas del Sar" (1884, un año antes de su muerte) siempre, siempre, como una obsesión, el sonido de las campanas.

Hay campanas alegres en Rosalía, campanas de fiesta, de romería (Vid. "Cantares Gallegos"). Pero ésas son escasas. Ella bien lo sabe.

Ella sabe, igualmente, que antes, cuando aún era más joven y tenía ilusiones, las campanas solían anunciar dichas y contento. Pero en la madurez ese hecho no quiere repetirse. Invariablemente ahora las campanas tienen una voz solemne, grave, elegíaca, plañidera, melancólica. Para Rosalía es un tema importante comparar esa voz actual de las campanas con los jubilosos sones de la infancia. La explicación está en el desamparo que siente ahora, en un mundo cruel, tenebroso, abismático, en el que se le agudiza, se le hace presente la falta de una madre. Quizá siempre —ella tan cariñosa— deseó tener padre. (Recordemos que escribió admirativa una biografía de su abuelo que no se conserva). El saber que su madre, sin marido y quizá calumniada y despreciada, supo cuidarla y llevarla a través de todas las dificultades, debió de llenar a Rosalía de un gran respeto que iría creciendo con los años a medida que ella misma era madre y sufría por los hijos, incluso después de perderla y de escribir la elegía "A mi madre". Por otra parte, al dejar de ser niña, se tropezaría con el conocimiento del hecho de ser hija ilegítima, lo que le llenaría de amargura y le haría añorar la inocencia, la edad en que nada de esas cosas sabía. El caso es que la madre aparece como una sombra, tal como hemos visto al principio en la elegía comentada y vuelve a aparecer después. Así, por ejemplo en uno de los poemas de "Cantares Gallegos", el que empieza "Cómo chove miudiño" y que también hemos visto, aunque en parte, dice así:

¡Probe nai, cánto te quero!
¡Nai tamén, ¡ai!, da nai miña!
O teu chan de amor prefiero,
a canto hai grande ou severo
en toda a terra xuntiña. (CG 371).

Se refiere, naturalmente, a la madre patria, Galicia, pero hay ahí una clara y sentida alusión a la madre de carne y hueso. Después habla de las campanas (ya está dicho páginas atrás) que la despertaban alegres y la llamaban blandamente

nas douradas mañanciñas
de mi maa cas cantiguiñas
i os biquiños xuntamente. (CG 371).

Es de resaltar como el recuerdo de los alegres despertares y las horas felices de la infancia va unido a la evocación de la madre. Véanse ahora estas estrofas de la misma composición que ni necesitan comentario:

Inda vexo onde xogaba
cas meniñas que eu quería,
o enxidiño onde folgaba,
os rosales que coidaba
i a fontiña onde bebía.
... ...
E tamén vexo enloitada
de Arretén a casa mobre,
donde a miña nai foi nada,
cal viudiña abandonada
que cai triste ó pe dun robre.

Alí está, sombra perdida,
vos sin son, corpo sin alma,
amazona mal ferida
que ó sentir que perde a vida
se adormece en xorda calma.
"Casa grande" lle chamaban
noutro tempo venturoso. (CG 372).

Viene después la evocación de abuelo materno cuya historia escribió y no conservamos. Pero queda bien patente lo constante y trascendental que es para Rosalía el haber perdido la infancia y la madre, y cómo las campanas son el mejor medio en ella para las remembranzas y los pensamientos sobre la fugacidad de la vida.

Por algo repite en castellano casi exactamente lo mismo que ya había dicho antes en gallego en un magnífico poema que poníamos incluso por encima de los de Bécquer (Véase más arriba "O toque de alba", FN 440-441):

Oigo el toque sonoro que entonces
a mi lecho a llamarme venía
con sus ecos, que el alba anunciaban;
mientras cual dulce caricia
un rayo de sol dorado
alumbraba mi estancia tranquila.
Puro el aire, la luz sonrosada.

¡Qué despertar tan dichoso!
Yo veía entre nubes de incienso
visiones con alas de oro
que llevaban la *venda celeste*
de la fe sobre sus ojos...

Ese sol es el mismo, más ellas
no acuden a mi conjuro;
y a través del espacio y las nubes,
y del agua en los limbos confusos,
y del aire en la azul transparencia,
¡ay!, ya en vano las llamo y las busco. (O. del S. 578).

¿Puede caber todavía alguna duda de que el problema de la fe va unido en Rosalía al problema de no tener el apoyo de los padres? ¿No es cierto que se ha abierto en ella un profundo foso que se-

para la fe infantil de la consciencia de la madurez? Desde luego, tal como ya hizo constar J. Rof Carballo en un agudo ensayo sobre el genial poeta gallego [25], "A pesar de los esfuerzos de García Martí sabemos poquísimo sobre la infancia de Rosalía". Pero creo que puede bastar con lo que ella misma nos dice en sus propios versos. Creo que hemos puesto aquí bastantes testimonios de devoción a la madre y de la quiebra que se opera al perderla. No nos parece, por lo tanto, muy acertado hacer constar, como quiere Rof Carballo, que "Es casi seguro que la influencia maternal a que estuvo expuesta no fue la de su propia madre, sino de su madrina María Francisca Martínez vecina de San Juan del Campo. "Incluso en el supuesto de que esa madrina la haya atendido bastante, la devoción filial y la retina de Rosalía ve más que a la madre. Y la ve "cal viudiña abandonada/que cai triste ó pe dun robre" (CG 372). Ve claramente el drama de su madre que no pudo darle apellido de padre. Y es por eso por lo que resuanan tan vigorosamente en Rosalía los otros dramas de las otras mujeres gallegas seducidas o abandonadas o con sus maridos en la emigración. Por eso en "Cantares Gallegos" y, sobre todo, en "Follas Novas" aparecen tantas mujeres víctimas de la concupiscencia masculina y tantas "viudas de vivos".

Por eso Rosalía, al contemplar la hermosa vega de Padrón e Iria Flavia, no puede sino añorar la candidez de los años pueriles irrepetibles cuando disfrutaba de cobijo maternal y considerar con lástima muy honda cuán brutal ha sido el conocer la realidad, enfrentarse con el mundo, desengañarse, perder la ilusión, la virginidad del alma, pasar a ser persona mayor consciente y sufriente. Por eso dice:

¡Cuán hermosa es tu vega! ¡Oh Padrón; ¡Oh Iria Flavia!;
mas el calor, la vida juvenil y la savia
que extraje de tu seno,
como el sediento niño el dulce jugo extrae
del pecho blanco y lleno;
de mi existencia oscura en el torrente amargo
pasaron, cual barridas por la inconstancia ciega,
una ilusión de armiño, una ilusión querida,
un suspiro de amor.

De tus suaves rumores la acorde consonancia,
ya para el alma yerta, tornose bronca y dura
a impulsos del dolor;
secáronse tus flores de virginal fragancia,
perdió su azul tu cielo, el campo su frescura,
el alba su candor.

La nieve de los años, de la tristeza el hielo
constante, al alma niega toda la ilusión amada,
todo dulce consuelo.
Sólo los desengaños preñados de temores
y de la duda el frío,
avivan los dolores que siente el pecho mío;
y ahondando mi herida,
me destierran del cielo, donde las fuentes brotan
eternas de la vida.

[25] J. Rof Carballo: "Rosalía, ánima galaica" en "7 ensayos sobre Rosalía", ob. cit., pág. 123.

De esa manera, sin padres, sin la "celeste venda", habiendo sabido quién era su padre, habiendo palpado el drama de la emigración, de las "viudas de vivos", de la injusticia social (quizá a sus ojos fomentada por la indiferencia del clero), Rosalía se siente desterrada, a oscuras, viuda de la luz del cielo, sólo entregada a la muerte y con cierto miedo del infierno ("me destierran del cielo, donde las fuentes brotan eternas de la vida"). Y es que en Rosalía también hay cierta rebeldía religiosa, cierta conciencia cainista, cierto sentido del mal, cierta rabia contra el Cielo, cierto satanismo. (Cosa que ahora no podemos estudiar detenidamente).

9 — Conclusión

No exageremos, pues, la visión de una Rosalía que pasa por la vida sin ruido, humilde, dulce, tal como le parecía que pasaba a César Barja [26]. Ni extrememos viendo, como F. Elías de Tejada [27] sólo una Rosalía limitada a expresar al pueblo de Galicia y no su fondo individual. Ni creamos con Lázaro Montero [28] que lo único que hay en Rosalía es "el sentimiento romántico del paisaje" (Ya dijimos al principio que en nuestro poeta se auguran o inauguran varios tipos de poesía del siglo XX).

Por otro lado (y ahí radica más bien el motivo de este ensayo) se ha exagerado, a mi entender, la concepción de una Rosalía filosófica, existencialista, metafísica, trascendental, elevada en las regiones del pensamiento. Yo mismo, al principio, hice una ligera referencia a "espiritualismo". Aludía a la frase de José Selgas "el espiritualismo, la vaguedad, la melancólica ternura del norte". Para ser prudentes y no errar, en el caso de Rosalía, es preferible quedarse con la "vaguedad" y la "ternura" y prescindir del "intelectualismo", digo el "espiritualismo", acentuando bastante lo de la vaguedad, la confusión de sus ideas. Los dolores de Rosalía suelen aparecer bastante materializados y en carne viva, surgen más por causas concretas y vitales que no por simples ideas, por cerebralismo. Augusto Cortina [29], según creo, da en lo cierto cuando opina de la compostelana que "no es una cerebral: su filosofía fluye de la vida, y ella la expresa sin esfuerzo especulativo, inmediatamente después de sentirla en el corazón".

Y tanto que sentía en el corazón. Y es que era mujer, ante todo (incluso antes que poetisa) era una mujer de carne y hueso. Tengámoslo muy en cuenta. Sus sufrimientos (hasta el de no tener fe) se hacen heridas en su ser y nacen de los seres y de las circunstan-

---

[26] César Barja: "Rosalía de Castro", University of California at Los Angeles, 1933, cit. por Salvador Lorenzana en su utilísimo trabajo, del volumen ya cit. "7 ensayos sobre Rosalía", "Xuicios críticos sobre Rosalía", pág. 153. A continuación citaré a varios autores valiéndome de las breves reseñas que hace Salvador Lorenzana en ese trabajo.

[27] S. Lorenzana, ibidem, pág. 162.

[28] Ibidem, pág. 163.

[29] Ibidem, pág. 169.

cias concretas que le rodean. Me atrevo a decir que hechos concretos como el desilusionador de encontrarse con que es hija de padre "ignoto", padre "en la sombra" debieron pesar muy poderosamente para robarle la fe. Porque era muy sensible, muy impresionable. Tengamos presente esto antes de lanzarnos a cantar la filosofía, la trascendencia, el espiritualismo, la intención cerebral y pensante de "Follas Novas" y "En las Orillas del Sar". Pensemos que la poesía en Rosalía consttiuye más bien una vía de desahogo de las propias penas, un consuelo, y que por eso abunda más en ella la expresión de la tristeza y los "extraños y locos pensamientos" que la asaltan. Consideremos un momento estas palabras que pone la propia autora al frente de "Follas Novas":

> ¿Mais dirase... que me teño por unha inspirada, nin que penso haber feito o que se dí un libro trascendental? Non, nin eu o quixen, nin me creo con forzas pra tanto. No aire andan de abando as cousas graves, é certo; fácil é conocelas, e hastra falar delas; mais son muller, e ás mulleres, apenas si a propia femenina fraqueza lle é permitido adiviñalas, sentilas pasar. Nós somos arpa de soio dúas cordas: a imaxinación i o sentimento". (FN 416).

Claro que la propia Rosalía podía estar engañada respecto a sí misma y tener más cerebralismo, más intelectualismo del que suponía. Pero repito, debemos tener mucho tiento en aplicarle intelectualismo. Su falta de fe misma, como hemos visto, evidentemente está ligada a hechos vitales y quizá muy poco vinculada a lecturas o ideas "de propia minerva". Añádase su receptividad, su facilidad para asimilar rápidamente lo que andaba en el aire del inquieto siglo XIX ("No aire andan de abondo as cousas graves").

Quien me parece supo dar con el dedo en las llagas de Ro·'ía de Castro fue otra mujer, una mujer de habla inglesa: Janet H. Perry [30], quien dice (en versión gallega de Salvador Lorenzana):

> "Rosalía de Castro nacéu en plena época romántica, pero non é unha mera poetisa romántica rezagada; a bruidosa rebeldía, o culto esaltado da libertade ten cedido á tristura, ó desengado coa realidade. Non é, nembargante, unha doce resiñación que xurde da súa poesía. A súa ironía é amargurada, e máis amargurado é aínda o berro dooroso que fuxe da súa ialma atormentada. Rosalía non erixe a súa dór en sistema. Está tan lonxe da actitude cínica e semifilosófica de Campoamor, como da decramación algo prosaica de Núñez de Arce.
>
> Ten puntos de contaito con Bécquer e os dous deben algo a Heine. Dil teñen tirado o xeito de presentar as súas rimas sin títulos, trocando o metro cos matices varios do tema. Rosalía non ten a dozura sentimental de algús versos de Bécquer, nin atingue a alada delicadeza das súas millores rimas.
>
> Rosalía sinte fondamente a traxedia da vida humá, oprímea o pesadelo disa loita constante antre o ben e o mal, na que o mal semella sair case sempre vencedor. Ise desengado coa vida espresábase xa nalguhas poesías de "Cantares Gallegos". En "Follas Novas" intensifícase iste sentimento tráxico da vida, espresado con unha ma-

[30] Ibidem, págs. 164-165.

lenconía que chega ó punto de desespero, na coñecida "Negra sombra". Isa sombra síguea deica os mesmos recintos da catedral, onde se axoenlla pra rezar".

Así, tan agudamente, opina la británica Janet H. Perry. Y me complace además ver que esta investigadora extranjera coincide en hallar el parecido que ya habíamos señalado entre la escritora galaica y Unamuno:

> "Achégase a Unamuno en que a súa creencia na inmortalidade da ialma humá baséase no desexo de crér nila, por razós moi naturás. O seu anceio da eternidade abrangue a vida, o amor, a beleza; é unha paixón, unha sede insaciabre, unha necesidade vital". (Ibidem, p. 165).

Sí, tiene razón Janet H. Perry.

Y tiene razón también Celestino Fernández de la Vega: Rosalía, lo mismo que Rilke, podría decir: "tengo mi casa entre el día y el sueño, allí donde se extinguen serenamente las campanas del atardecer". O sea: entre claridad y sombras en penumbra.

Ella, Rosalía, morirá como mujer de carne y hueso, pero las campanas ahí están siempre, siempre sonando, igual que sonaban en la infancia, igual que sonarán en su misma muerte, igual que sonarán después en las muertes de otros muchos. Rosalía no puede olvidar ese hecho concreto e inquietante del tañido de las campanas, a cuyo compás se fueron para siempre varios hijos suyos. Muchos de sus poemas (ya lo hemos visto) surgieron aplicando el coeficiente de tal motivo.

Nada mejor para terminar (y para que, al fin y al cabo, ¿por qué no?, quede en los lectores la resonancia de la veta tierna y amable de Rosalía) nada mejor, digo, que transcribir un poema más de "En las Orillas del Sar", un poema magistral en que la autora canta abiertamente a las campanas, que se han humanizado más, poniendo en el título con todas las letras LAS CAMPANAS. Las campanas, que Rosalía, a pesar "de todo" amaba. Y es este, por otro lado, un poema perfectamente moderno, perfectamente distinto a todo lo que en su época, en España, en poesía, existía; un poema perfectamente actual. (Obsérvese en él ese verso esdrújulo, el más prolongado, que dice: "Y en sus notas que van prologándose"; verso que revela un verdadero dominio técnico, una consciencia de poeta que sabe que lo es y sabe lo que persigue):

LAS CAMPANAS

Yo las amo, yo las oigo
cual oigo el rumor del viento,
el murmurar de la fuente
o el balido del cordero.

Como los pájaros, ellas,
tan pronto asoma en los cielos
el primer rayo del alba,
le saludan con sus ecos.

Y en sus notas, que van prolongándose
por los llanos y los cerros,
hay algo de candoroso,
de apacible y de halagüeño.

Si por siempre enmudecieran,
¡qué tristeza en el aire y en el cielo!
¡Qué silencio en las iglesias!
¡Qué extrañeza entre los muertos! (O. del S. 649-650).

BERNARDINO GRAÑA

NOTA PRA UNHA TEOLOXIA DO GALEGUISMO

Esta nota eisixe, pola sua esencial estructura, dous presupostos: que se teña fe e que se seña galeguista.

Non se trata, pois, de un escrito polémico ou, moito menos, apoloxético. Sinón de unha refleisión, de unha toma de conciencia pra os que arrincamos desa doble base común.

O que non quita que a alguén poidese axudarlle pra unha millor comprensión de algús dos ditos estremos. Naturalmente, esto sería pró autor unha gran satisfaición.

Falar de unha Teoloxía do Galeguismo pode parecer, á primeira ollada, algo estravagante ou, polo menos, algo moi raro. Cumple, pois, empezar decindo qué entendemos por Teoloxía do Galeguismo. Esto mismo servirá sin máis de xustificación.

1.—Si o home é un proieito dende unha natureza, quere decir —e con esto non aportamos certamente unha novedade— que a súa caraiterística principal, aquela en que se pon ó descuberto o seu ser máis íntimo, é a decisión. Pro hai decisiós e decisiós. Namentras unhas abranguen ó nome enteiro, voltan ou endereitan cara a un norde determinado toda a súa natureza, outras xúrdenlle sin apenas se decatar, chóutanlle cáseque automáticamente debaixo dos pes: son coma as faiscas y o pó que a carreira vital da persoa —determinada polas primeiras— vai levantando na circunstancia. No primeiro grupo están as decisiós que de verdade importan, as decisiós «decisivas». I entre éstas áchase sin dúbida aquela pola que un suxeto entra no vieiro do que se deu en chamar o Galeguismo.

Ora, si a persoa é unha unidade indisolúbel, si levamos xa anos gridando contra a súa división en compartimentos enxoitos, ven ser inevitábel que tales decisiós nos guíen deica ás portas mesmas da Teoloxía. Nefeito, o home que de unha vez por todas aceitóu a Deus, metéu a súa vida por unha direición definitiva, tomóu sobor de sí unha decisión que por forza —namentras queira permañecer nos eidos da autencidade— ha ir ineisorablemente integrando en sí mesma a tódalas demáis, engulíndoas i alimentándose delas —ben que en troques as salve da súa continxencia i as coroe de inmerecida e insospeitada inmortalidade. Non pode, pois —non debe— ninguén ademitir a bordo da súa lancha ningunha decisión que non aproe, de un ou de outro xeito, cara ó peirao definitivo. ¿E cómo sabelo, cómo xulgar a reititude i o valor da súa direición? Non queda máis remedio que mirar pra arriba, pra o norde que nos marca a Revelación, cuia estrela puxemos, pola fe, na punta

da cabezalla da nosa constelación ideal. Pois ben, efeitúar esta comprobación, realizar este control, levar a cabo esta valoración, eso, e non outra cousa, é facer a teoloxía da tal decisión, da tal aititude.

O que sinte a fondo a súa galeguidade, o que se decata de hastra qué estratos da súa vida lle pode calar, non necesita, si é creente, mais nin mellor demostración da necesidades de unha Teoloxía do Galeguismo.

2.—Chegados a este punto é cando nos atopamos ca verdadeira dificultade: ¿cómo facer unha Teoloxía do Galeguismo? A tarefa non se ofrece, sin dúbida, moi doada. Nin tan siquera dispoñemos dos máis elementales traballos. (Non estará mal, polo tanto, aproveitar a ocasión pra pedir —*more antiquo*— disculpa e benevolencia pra este modestísimo intento de acadar un pouco de luz)

Será comenente alucar o problema dende diversos ángulos, poñelo baixo a luz encrucillada de varios foques pra que deste xeito apareza claramente o seu releve teolóxico.

Podería encetarse a pescuda supoñendo que o ser de Galicia é un ser privilexiado. Pro esto, ademáis de ser unha parvada, sería porse a redropelo da historia. Na Historia da Salvación xa non hai pobos privilexiados. Cousa que aparece ben clara con sólo relembrar a figura de «reló de area» —tan agudamente descuberta por O. Cullmann— que a dita historia ofrece: Deus de toda a humanidade escolle un pobo, dese pobo nos derradeiros tempos un «Resto», que queda finalmente reducido a un solo individuo: Cristo; i a partir de aquí outra vez se abre a historia: o Colexio Apostólico, a Xudea, o mundo. Tolemia, pois, buscar un posto de privilexio, sería mesmamente ficar escluido. Claro que tampouco sabemos de ninguén que teña tales pretensiós. Resultando que en fin de contas estamos mallando nun probe maniqueo máis. Pro ben mallado está. A el non lle doe i a nós fainos un doble servicio: escorrentar ben lonxe tentaciós ridículas i apartar receos vans dondequeira que eles poideran xurdir.

3.—Xa que o primeiro intento resultóunos un vieiro choido, será mester que recuemos e br[illegible]quemos por outras latitudes.

Cumpliría empezar por un coidadoso análisis das fontes. Sería necesaria unha eisixente investigación dos elementos que sin dúbida se atopan espallados acá i acolá pola Escritura e pola Tradición. Neste sentido as categorías da tribu e da terra, da nación e incluso do «nacionalismo» bíblico poderían ser de gran orientación. Pro xa se ve que entrar en tal estudio, con un rigor nada máis que elemental, requeriría unha preparación i un espacio dos que polo de agora non nos sentimos donos.

De tódolos modos, en un tema tan delimitado e con un prantexamento tan aitual, non podíamos esperar nin da Biblia nin da Tradición esclarecementos moi concretos. E por outra banda o dato fundamental que ó fin de contas acabaríamos sacando e no que en

certo modo tódolos demáis virían como embebecidos é o amor da Biblia polo pobo, polos humildes. I este dato é tan patente que non percisa de un estudio especial pra ser captado nas súas liñas fundamentales, eisistindo ademáis traballos moi coidadosos pra quen queira analizar os detalles (recórdese, por exemplo, o exemplar estudio de Dupont encol das Boaventuranzas, con esaustiva literatura).

Claro que con este simple dato non teríamos adiantado moito si non fósemos capaces de sinalar un estreito vencello —que non pretendemos que seña esclusivo, pro sí moi peculiar— entre o galeguismo i o amor polo pobo humilde. Felizmente esto é cousa doada. Tal vencello non pode resultar escuro pra quen teña mirado un pouco de perto o movimento galeguista. Dende o amor dorido da nai Rosalía, sin refugar pasar polo gridante i apaixoado de Curros —cuia fobia antieclesiástica era no fondo un amor moi evanxélico polos oprimidos, dende unha falsa perspectiva teolóxica da que non era el o único responsábel— hastra ó dos que hoxe consagran o seu esforzo ó rexurdir da nosa cultura i á revalorización dos nosos valores, é imposíbel resistirse a unha impresión de ausoluta sinceiridade. Pro o importante é que máis que de un amor espresado trátase d un amor efeitivo. Pois resulta indubitábel que o primeiro e máis patente beneficiario de tales esforzos é o pobo. Nestes trafegos culturales —coma en tantas outras cousas— el é o que sae malparado. Os demáis sempre poden cubrirse, mal que ben, ca nova camisa da cultura adeprendida, pro el queda ó descuberto, núo e ridículo, sin fala e ferido na diñidade do seu *status* ético, ó marxe dos modos «civilizados». Loitar, pois, pola súa cultura, por amostrar a validez dos seus modos e dos seus valores, ven ser sin máis tarefa de redención e de xusticia no seu favor. ¿Hai algo máis evanxélico que a loita pola diñidade de unha persoa humana?

4.—Nembargantes, o vieiro máis seguro pra acadar unha Teoloxía do Galeguismo pasa indiscutíbelmente polo que hoxe se chama a *Teoloxía das Realidades Terrenaes*. Será comenente deterse un pouco.

No decorrer da historia do Cristianismo as cousas deste mundo téñense visto de moi variegadas maneiras. Podémolas reducir todas a un movimento trifásico fundamental. Ó principio, por todas aquelas tendencias que viñeron condensarse nese magno fenómeno que foi o Neoplatonismo teolóxico, as cousas eran máis ben estorbos, pantallas no camiño que leva a Deus. O *ethos* cristiano convírtese nun *ethos* de rexeición das realidades cismundanas. O máisimo que acada a Teoloxía da Edade Media é a quitarlle ese caráiter retrucante, de oposición. Pro as cousas siguen sin ter valor en sí mesmas. Todo o máis poden ser pegadas do paso de Deus, que nos poden levar a El, ou siños que de algún xeito no lo amostran. (Todo o pulo lírico e místico de San Xoán da Cruz non atingue a ver nelas máis que a fermosura estrínseca de que as vistéu o Amado).

En parte por reaición, en parte por ineluctábel proceso histórico, xurdeu, no mesmo berce en que nacía a ciencia moderna, o novo pensamento oucidental. Nel as cousas sustantivízanse, cobran autonomía, teñan valor en sí mesmas, ate chegar a ocupar o posto de Deus. Esta liña, prolongada direitamente na súa crudeza, foi parar ó Nihilismo. Pro a súa parcela de verdade non ficóu infecunda. A Teoloxía adeprendéu a mirar as cousas en sí mesmas, a comprender que tamén elas teñen valor, son relixiosamente valiosas. Xurde a Teoloxía das Realidades Terrenaes, que busca o equilibrio entre as dúas tendencias devanditas: nin puros siños, nin realidades autónomas. Son *realidades creadas*. Sin anular ningún dos dous estremos, sinón manténdoos no seu difícil e dinámico equilibrio.

Todo o que as cousas son e valen sono e váleno por Deus, certamente. Pero os teólogos comenzaron tamén a decatarse de que o don de Deus é un don personal, endexamáis anulante do donado. O mundo leva a marca do amor na súa entraña: é posto por Outro, pro é posto nunha relación amorosa, que tende mesmamente o seu ben i á súa realización. Deste xeito a mesma posición *ab alio* —creaturalidade— é tamén pra el fonte de afirmación, de solidez —realidade. Por eso a cercanía do Criador non nega, sinón que afirma á criatura. I así vemos que a humanidade de Cristo, máisimamente aproisimada, é tamén máisimamente afirmada, perfeita. (Pénsese qué lonxe estamos do tempo en que se creía necesario anular a perfeición humana de Cristo, deica a facelo feo e deforme...).

Estas ideas —que non estiveron nunca totalmente ausentes da fe da Eirexa, pro que na súa formalidade son un achádego dos nosos tempos— mostran nidiamente, non sólo a posibilidade, sinón aínda a necesidade, a obrigatoriedade de unha esculca consciente das nosas peculiaridades como pobo, dos valores que nesta realidade, que somos nós, temos que afirmar, e, tamén, dos defeitos que temos que correxir. Pois si toda realidade ten valor teolóxico e nós temos a obriga de buscarllo, moito máis o ten toda realidade humán: a ela, ó fin i ó cabo, se refiren tódolos demáis valores intramundanos. Non é o mesmo ser oriental ou oucidental, europeo ou americán, galego ou castelán cando de vivir o cristianismo se trata.

Esto, que é hoxe unha verdade gridante na conciencia —incluso oficial— da Eirexa, non constituie ningunha novedade heteroxénea en Teoloxía. Viña implícito no conocido adaxio: «gratia supponit naturan», e non vai en modo algún contra Gal 3, 28, pois aquí San Pablo trata da vocación fundamental ó Cristianismo, non do modo de realizala.

Si consideramos ben esta obriga, esta tarefa —que nos é común con todo pobo que sea dono de unha fisonomía propia— veremos que ofrece dúas caras. Por unha —que poidéramos chamar a sobrenatural— ven mesmamente coincidir ca realización do plan *concreto* de Deus sobor de nós. Pero esta concretez, polo mesmo feito de

a ser, necesita ser conquerida, descuberta, eisixe un esforzo de adaptación do plan común sobre tódolos cristianos o noso ser peculiar. Esto constituie precisamente a outra cara —a natural— da nosa obriga. Cara que, si ben se mira, ven coincidir pola súa banda co Galeguismo, que, visto nesta perspectiva, non é outra cousa que o afán por dexergar e realizar a concretez dese plan de Deus sobre nós. Resultando que, xuntados deste modo, veñen dar algo moi sinxelo e moi enorme, algo que realizan a cotío tantas almas humildes da nosa terra i algo que pode constituir o programa de todo un pobo: o cristianismo galego ou, visto pola outra cara, o galeguismo cristiano.

Poida que a alguén lle parezan demasiado sutiles as consideraciós que vimos de facer. É esta unha impresión cáseque inevitábel cando se trata de engaiolar nas redes da lóxica os fenómenos espirituales. Penso, non oustante, que non será esta a máisima dificultade pra os que posean certa sensibilidade pra tales fenómenos. O máis probábel é que o *punctum quaestionis* esteña en que as devanditas consideraciós hanlles parecer a uns atentatorias contra a verdadeira concepción do Cristianismo, coma outros as creerán incompatíbels ca auténtica idea do Galeguismo. Con esto temos que contar. Pro penso que tampouco aquí é insuperábel a dificultade, si os primeiros enterran pra sempre un cristianismo demasiado «anxelical», incapaz de lixar as súas mans co pó da terra dos homes, e si os segundos —suposto, naturalmente, que señan creentes— adeprenden a xunguir en radicalidade o seu ser de galegos i o seu ser de cristianos.

5.—Chegados a esta outura do noso traballo cumple entrar xa na valoración e nas posibilidades de un tal cristianismo galego ou galeguismo cristiano.

As ventaxas que pra nós os galegos —como pobo e como individualidades— poden vir de aquí son evidentes. Nese andar «arredor de sí» que é a vida do home en percura da súa autenticidade, aparecen diante de nós, harmónicamente artelladas e fundidas, as dúas metas fundamentales de toda eisistencia humana: atoparse a sí mesmo i atopar a Deus. A nosa armonía na vida i o noso progreso espritual encóntranse deste xeito con unhas fecundísimas e insospeitadas posibilidades. (Non quixera deixar pasar este intre sin sinalar un feito que confirma ademirábelmente esto que levamos dito e que pode ser ó mesmo tempo unha poderosa incitación: o feito da Salve. A procedencia galega desta mañífica oración está hoxe ben establecida polos escelentes traballos de Rubén García. Nela o noso pobo —pola boca dun bispo santo— acadóu quizáis a máisima outura e fidelidade na realización do que estamos chamando cristianismo galego. O maravilloso do resultado está ben á vista. Un análisis serio e coidadoso deste fenómeno sería, sin dúbida moi instructivo. Por eso o que adique os seus esforzos a un detido estudio da Salve neste sentido será moi merecente do noso agradecimento).

Non se pense, nembargantes, que seríamos nós os únicos beneficiados. Seríano tamén a Teoloxía i o Cristianismo mesmo. A edificación do Reino de Deus, a redención do mundo é tarefa na que teñen que poñer as súas mans tódolos pobos da terra. Tal colaboración non é un luxo sinón unha necesidade. No acercamento ó misterio total toda perspectiva é necesaria i arrequecedora, toda voz contribuie ó «himno do universo».

Tamén a nosa. Pénsese tan sólo na inmensa riqueza que podería aportar unha profunda teoloxización da saudade. Nesa soedade ontolóxica —tan maxistralmente analizada por Ramón Piñeiro, i hoxe además bastante alumeada polos estudios do escelente volume de Galaxia— é posíbel que nos atopásemos ca conciencia viva, cáseque co tacto, da nosa religación con Deus. Pró mundo moderno ben poidera ser este un mañífico camiño prá redención de moitas das súas angurias, e cecáis o noso pobo encontrase eiquí un inesperado vieiro místico pra bon número das súas arelas e inquedanzas. Penso moitas veces que si esta teoloxización se tivese xa realizado a negra sombra de Rosalía houbérase convertido na sombra salvadora da Cruz, anunciadora sempre de un abrente de resurreición.

Pénsese tamén —nesta liña de posíbels constribuciós— no noso sentimento de unión e comunicación con tódolos compoñentes da natureza. O seu impresionante agromar metafísico na filosofía de Amor Ruibal poidera resultar o preludio i a osamenta sistemática de unha mística de comunión de tipo teilhardiano.

Poidéramos pensar además no noso fondo sentimento dos mortos pra un aumento na conciencia da continuidade i estensión do Corpo Místico e prá acentuación do momento intramundano da Escatoloxía; na nosa vivencia do elemento maternal pra unha vitalización da Marioloxía... Pero basta co dito pra que quede ben clara a utilidade de unha Teoloxía do Galeguismo e pra que tomemos conciencia da importancia i envergadura da tarefa que temos diante.

6.—Pra rematar parece irrefugábel que toquemos unha cuestión candente: a do galego na Liturxia.

Dende logo non é este o lugar pra unha discusión detallada. Pro sí de miralo problema á luz de canto levamos dito. Deste xeito arrequecémolo con unha nova perspeitiva e, por outra banda, escomenzamos xa a redimir as anteriores refleisiós da dourada esterilidade do mundo das puras ideas.

A cuestión da nosa língua na Liturxia podémola considerar sin máis coma un caso particular do que diximos sobre a Teoloxía do Galeguismo. A súa necesidade convírtese así nun inevitábel i urxente corolario. Tanto máis canto que a língua é parte fundamental —e mesmo fundamentante— do proceso e da realidade da cultura (tomada aquí en toda a súa estensión, sin escluir a dimensión relixiosa).

E podemos tamén intentar enfocala máis direitamente: algo así como facer unha teoloxía do galego na Liturxia. Pero esto requeriría por sí solo un traballo aparte. (Quede aquí a invitación). Contentémonos con sinalar unha das ideas fundamentales. Cantar as loubanzas de Deus é algo ó que a Escritura invita a tódalas criaturas: á neve i ó fogo, á pedra, ó paxaro i hastra ó cetáceo. Negarlle tal dereito a unha criatura de tan grande i entranábel entidade coma o galego, no que tantos recibimos o don maravilloso da fala, aprendimos a amar ós pais i a Deus, espresamos as nosas ledicias i os nosos temores ou participamos dos dos demáis, no que, en fin, se transfunde e do que se alimenta canto hai de máis íntimo e de máis sublime nos corazós de varios millós de seres, sería unha cousa —e perdónese a dureza da verba— sinxelamente monstruosa. Sería —visto pola outra faciana— intentar privar a Deus de unha voz, de un tono no coro unánime das súas loubanzas, impedir o acceso ó ámeto do seu amor deses finos e peculiarísimos recunchos de sensibilidade que sólo o xenio da nosa língua pode espertar axeitadamente.

Si esta tremenda verdade chega a golpearnos os ollos da ialma, ela sola abondará pra desfacer tantas «dificultades práiticas» —as que o son i as que sólo o parecen— como andan por ahí paralizando os ánimos de moitos.

ANDRÉS TORRES QUEIRUGA

Con censura eclesiástica.

AS AUGAS VAN CAUDALES

1

Era aluciante. Un pesadelo do que era moi tristeiro espertar. Hai cousas, hai feitos que, por moito que ún se esforce, nunca pode comprender. Ún comprende que se semente a nabiña e que nazan nabos. Ún comprende doadamente que se semente trigo ou centeo e que, polo mes do Santiago, cando o sol queima sin piedade, esteña xa seiturado. I así tódalas cousas. O que un home non pode comprender é que a auga dun río se poida convertir en enerxía elétrica. Eso si que non lle caberá na cabeza. Non e non. Hai cousas que non se dan espricado. Hai homes que nin que tiveran un pauto co demo. Él non se metía en fonduras. A él abondáballe ollar pasar os días un tras doutro en paz i en gracia de Deus.

O do embalse preocupáballe fondamente. O embalse viña trastornar a sua vida. Unha vida sinxela de labrego. Nin máis nin menos. A vida dun home apegado ó eido natal. Apegado a aquel curruncho de terra no que nacera había sesenta anos e no que pensaba morrer. Que non lle dixeran máis nada porque nada máis quería saber. Non quería comprender máis. Chegáballe de sobra aquel anaco de mundo co que se sentía conforme e quen sabe tamén si identificado. Soio saíra do povo pra ir ás feiras á vila ou a Lugo dar unha volta polo San Froilán. Nin ó servicio fora. Daquela librábase por cartos. Os seus, despois da morte do irmao en Africa, aínda a forza de sacrificios, pagaran a cuota. Non era doado saber onde comenzaba a vida do povo e onde remataba a sua propia vida. Ou ó revés. Él i o povo viñan ser a mesma cousa.

O embalse tíñao preocupado. Eran soio rumores. Eses rumores de oxe podían ser realidades mañán. Os primeiros rumores ouvíraos había quince días á saída da misa. Fora o Pepe da Costa, que leva moitos anos de pedáneo, o que trouguera a noticia. A Pepe da Costa, aínda que bon home, gustáballe fachendear dediante dos veciños de home entendido; de home que está no sagredo das cousas; que sabe as cousas denantes que ninguén; incruso antes de que saian no papel ou pola radio. Moitas veces tiña acertado. Pero non sempre. Por eso el aínda dubidaba da noticia do embalse. Aínda que a cousa collía mal carís. No xornal, que chegaba da capital da provincia, podía lerse que as obras do embalse iban comenzar deseguidiña. Cando leu a noticia comenzouse a preocupar fondamente. O que manda non roga.

Na taberna, entre taza e taza de viño, falábase longamente do embalse. Había xuicios i opiniós pra tódolos gustos.

Manuel de Casanova dixera:

—Coido que o embalse non é cousa mala. A terra dá pouco. Co que paguen polos leiros podemos facer un bon negocio.

Sidro da Barciela dixera:

—Pra facer o embalse fan falla peós. Esto trai nova vida ó povo. Como se precisa moita xente, cecais que sexa doado atopar traballo e ter onde se poida ganar unha peseta que boa falla fai.

Andrés do Caseiro dixera:

—Calquera sabe. As grandes empresas teñen obreiros especializados. Ó mellor non hai traballo prá xente do povo. E por derriba pódennos botar das terras por catro patacós.

Xan de Nabal opinara:

—A mín eso do embalse non me chista nada. Seguro que nos despachan por catro cadelas. Os obreiros teñen mal viño. Nós teremos que deixar as nosas terras e pensar en comenzar unha nova vida. I eso é moi triste.

Pepe da Costa dixera que iban sulagar ó povo e facer outro novo, da outra banda do río, no cume do monte. O povo que agora había iba quedar totalmente debaixo das augas. No povo novo erguerían unhas casas que serían unha verdadeira maravilla: auga corrente, luz elétrica, cortellos separados das viviendas i outras moitísimas comodidás. Pepe da Costa decía que se había que modernizar. Que xa non se podía vivir como no tempo dos abós.

Os paisanos cadraban conformes, coa boca aberta da cuarta, neso da modernización e do novo povo. O que non comprendían, e discutiron do caso longamente, foi o problema das terras. Non se espricaban pra que se quería un povo novo sin as terras amorosas e produtivas da ribeira que iban ser sulagadas. Un labrego precisa de terras pra vivir. As terras sonlle indispensábeles. No cume do monte non hai terras de labor. Terras, que despois de traballadas duramente, teimosamente, dan pra ir vivindo. No curuto do monte os ventos pegan forte e soio poden vivir as carpazas. E pra eso, pra se defender dos ventos e das xeadas, xúntanse, arrímanse unhas a outras pra defendérense como si tiveran medo. ¡E quén sabe si o teñen! ¡Quén é o que pode decir así, sin máis nin menos, que as carpazas non teñen medo! O caso é que no curuto do monte soio hai carpazas que medran por entremedias dos penedos. Unhas carpazas que frolean na primaveira. As súas froles son azúes, case moradas, moi miudas. O contempralas pon un pequeno medo en nós. Un medo levián que ún non pode espricar doadamente. As carpazas, pra se defenderen do vento, das xistras e das xeadas, semella como si se agacharan detrás dos penedos, como si percuraran o abrigo dos penedos. Os penedos teñen a cór do chumbo i esparéxense por todo o monte dun xeito estrano e caprichoso. No inverno impón a sua se-

veridade cór cinza. Semellan seres vivos que levasen séculos e séculos na cima do monte a espreitar Deus sabe que estranos sagredos. No vrao, ilumiñados polo sol, semellan algo ledo. O sol sabe quitarlles unhos estranos refrexos.

Dendes do monte óllase moitísimo mundo. Ós pés do monte, entre o monte e mailo río, está o povo. Pra ir do povo ó monte é todo costa. Dende o cume do monte pódense ollar légoas e légoas de terra. Na lonxanía, un día craro de primaveira, os montes son azúes, violeta case. Entre o monte i a lonxanía pódense contemprar outeiros, pequenos vales por onde corren os regatos que van morrer ó río; casas esparexidas aquí i acolá; agros sementados de centeo; o verdor das albres. E moitas cousas máis. É fermoso ollar as terras que se poden contemprar dendes do cume do monte.

Na taberna falárase longo do embalse. Unhos dixeran unha cou sa i outros dixeran outra. O asunto preocupaba a tódolos veciños. Unhos coidaban que o embalse viña pra ben. Outros coidaban que o embalse soio lles traguería disgustos graves. Ún non sabía de fixo a que carta quedarse. Habería que ter pacencia i agardar pra ver como se iban desenrolando os acontecementos. Polo de agora nada se podía decir aínda. Todo o que se dixera non era máis que falar por falar. Él non abrira os beizos. Soio escoitara atentamente, sin perder palabra, todo o que se falara na taberna. Estaba tristeiro. Era máis ben pesimista. A sua alma era como unha encrucillada de camiños e non sabía cal deles era o que tiña que seguir. Esta perplexidade atormentábao. Dáballe un fondo e inquedante desacougo. Ese desacougo gardábao pra sí. Non había razón algunha pra llo decir a ninguén. El escoitaba atentamente, pescudaba areloso e formábase a sua composición de lugar. Os acontecementos non eran cousa de leria.

Despois da xuntanza que houbo na taberna foise demoradamente prá sua casa. Os pés semellaba que non o querían levar. Que non tiraban del pró lar como acontecía noutras ocasiós. Foise pouco a pouco, como si tivera reuma nos pés, case contando os pasos. Cando chegou meteu a mao no peto e sacou a chave da porta. Meteuna despaciosamente na pechadura, que renxía. Deulle duas voltas á chave. Abríu a porta. Entrou. Ás apalpadelas sacou a chave do burato da pechadura. Meteuna novamente no burato pola parte de adentro. Deulle outras duas voltas i a porta quedou novamente pechada. Dubidou unhos intres no portal. Non. Non tiña desexos de alcender o lume e de facer algo pra cear. Non cearía. Deitaríase sin cear. Non tiña azos nin desexos de se poñer agora a preparar a cea. Alcendeu a luz que está no fondo das escaleiras e subíu pró cuarto. No cimo das escaleiras había outra chave conmutada coa do fondo. Matou a luz da escaleira, dándolle á chave do cimo. Logo foise pró cuarto. Alcendeu a luz que estaba na cabeceira da cama. Comenzouse a despir i a tirar a roupa nunha silla que había ós pés da cama. Meteuse no leito. Alcendeu un cigarro que foi fumando parsimoniosamen-

te, ós bocadiños. Así que lle deu a derradeira chupada á colilla, tirouna. Matou a luz. Intentou durmir pero non puido. Comenzou a dar voltas e máis voltas no leito. Non podía, por moito que se esforzase, tirar do seu maxín a idea do embalse. O embalse era un pesadelo que non o deixaba dormir.

2

El era o segundo de tres irmaos. O maior chamábase Alfredo e morrera no desastre de Annual cando a guerra de Africa. Desto xa fai moitos anos. Ó Alfredo destinárano a Málaga. En Málaga deprendera a instrucción e mandara facer un retrato, que inda está no seu marco. O marco do retrato ten as córes da bandeira. Está posto derriba da cómoda na que a nai trouxera a roupa cando se casara. O Alfredo no retrato semella un real mozo. Está de pé, moi estirado, con uniforme de gala. Na testa ten posto un pucho moi outo que semella branco e mouro. O cuello é como o dos cregos e sobresálelle unha cintiña branca. No cuello ten, a cada lado da noz, unha bomba de artillería cosida á tea. O cinto é branco i ancho. No meio ten unha coroa real i algo cruzado, en xeito de aspa, que xa non se ve ben o que pode ser. Do cinto leva prendido un machete. O uniforme que viste o Alfredo é escuro, aínda que se non pode determinar con esatitude a cór. O Alfredo levaba unhos grandes bigotes. Unhos bigotazos que case meten medo. Na cara ten un ar campesiño a máis non poder. Semella que aínda se lle pode ver na cara o bris, o mesmo bris que move as ondas do río. Unha mao tenna pousada sobor dunha mesa. Derriba da mesa hai un cacharro que ten unhas follas de palmeira. A mao que o Alfredo ten pousada, ten un cigarro puro sin alcender. A fotografía nun dos ángulos de abaixo, coido que é no dreito, ten este letreiro: «Giménez. Fotografía Artística. Málaga».

Esta é a única fotografía que quedou do Alfredo. O que máis chama a atención é a rixidez do Alfredo, o estirado que está, os seus grandes bigotes i a sorrisa. Porque o Alfredo, no retrato, está a sorrir. Sorrí dun xeito maino, case impercetíbel, engaiolante. A sorrisa do Alfredo é verdadeiramente engaiolante. Ten un engado máxico, inesplicábel. Tamén chaman a atención as maos do Alfredo. A que está pousada sobor da mesa semella que ocupa a mitade da mesa, que ocupa todo o espacio que hai entre o corpo do Alfredo i o cacharro que ten as follas de palmeira. A mao que sostén o cigarro, aínda que o cigarro é grande, semella unha montaña comparada co cigarro. O cigarro puro semella perdido na mao do Alfredo. As maos do Alfredo semella que falan. As maos do Alfredo fóronse formando collidas á rabela do arado, ó rabo do sacho, ó mango da fouciña... As maos do Alfredo apreixaron moitas veces o grao da semente i esparexérono pola terra pra que o novo froito nacera i o misterio da vida se cumprise. Por eso chaman a atención as maos do Alfredo. Porque eran maos criadoras.

A nai sempre choraba cando ollaba o retrato do fillo morto. Daquel fillo que sería, andado o tempo, o cabeza de casa, o maiorazgo, e que foi morrer sobor das áreas africanas. Deus dispuxera así as cousas e non había que lle facer. A nai, aínda que ademitía a morte do fillo, non a acetaba. No fondo do seu corazón había algo que se rebelaba. Entón desfacíase en bágoas. Desfacíase a chorar. De pouco valía que o home i os outros fillos intentaran levarlle un consolo. Ela non se consolaba nunca. Pra aquela muller non houbera un intre de consolo dendes da morte do fillo. Pechouse nun silencio impenetrábel. Non decía nada. Soio choraba. I así foi esmorecendo pouco a pouco.

O irmao máis novo chamábase Fuco. Un ano denantes de ir ó servicio, largara prás Américas. Fora recomendado a un veciño que estaba estabrecido en Bós Aires cunha tenda de roupa feita. O Fuco tivera sorte. Rematara casándose coa única filla do patrón. Dendes que os pais morreran as cartas do Fuco cada vez viñan máis espaciadas. Agora escribe, cando máis, unha vez ó ano. Xa ten os fillos casados. Os fillos son os que se ocupan do negocio. O Fuco vai, de cando en vez, dar unha volta pola casa central, polo almacén central, pra ver como van as cousas. Os fillos abriran varias sucursales nas máis importantes ciudades do país. O Fuco —según decía nas cartas que lle escribía ó irmao— atopábase vello e canso e non lle apetecía saír de Bós Aires. Que traballasen os novos: el tiña ben merecido o descanso. Ó Fuco gustaríalle dar unha volta pola terra. Pero o irmao tiña que comprender: a sua vida xa non está na terra natal. A sua vida está onde loitara, onde deixara todo o seu esforzo, onde creara unha familia. Agora, mortos os pais, non tiña razón de ser o seu viaxe. Si aínda se atopara con forzas as cousas cambiarían moito. Pero non: estaba vello e canso. Non tiña azos pra nada. Non merecía a pena voltar. É certo que lle gustaría dar unha aperta ó vello irmao. ¡Pero pasaran tantos anos! Non é que estivera mal de saúde. Non é que tivera algunha doenza en particular. O único que lle pasaba é que estaba canso. Nin máis nin menos. ¡Estaba canso! Eso era todo. O viaxe era longo e non tiña azos pra tanto. Non se astrevía a cruzar o mar novamente. Era demasiado prós seus anos de vello loitador. O viaxe é longo, está cheo de inconvenentes. Chegáballe con dar unha volta polo almacén pra comprobar que todo marchaba á perfeción. Si desexaba algunha cousa, si seu irmao tiña necesidade de algo, podía decirllo. Compraceríao na medida das suas posibilidades.

Pra el os seus irmaos eran lembranzas lonxanas. Unhas lembranzas atualizadas polos retratos postos derriba da cómoda que trouguera a nai cando se casara e na que se gardaba a roupa de vestir. O retrato do Alfredo enmarcado en roxo; nun cór sangue e nun marelo cór de ovo. Ó pé do retrato do Alfredo, o retrato do Fuco, un rapaciño aínda. Un retrato tirado na feira da vila pouco denantes de se embarcar. Un Fuco de dazasete anos, hierático como un penedo, vestindo chaqueta de pana e coa pucha na mao. No fondo do

retrato un canal de Venecia con góndolas e todo. E máis ó fondo unha lua grande e redonda como a rosa dun carro.

Na sua lembranza vivía un Alfredo que tiña moi boa mao pra sementar i un Fuco que tiña un tino especial pra gardar a avenza. Dous irmaos cos que compartira os días da nenez. Pero agora soio eran duas lembranzas. Un dous irmaos facía moitos anos que morrera; tantos que daba medo contalos. O outro irmao non morrera, pero era o mesmo: un barco levouno, pra non voltar, a terras lonxanas. El sabía que o Fuco morrera pra el. Aínda que se voltaran a ver xa non se entenderían. Serían dous estranos. Seu irmao andivera polo mundo e fixera fortuna. Él non saíra do povo e non fixera fortuna. Nunca tivera tampouco anceios de facer fortuna. Con ir vivindo abondáballe. Con tal de que a colleita pintara un regular el estaba ledo. Non pedía máis e no fondo do seu corazón non desexaba máis. El traballaba con amor as poucas terras que herdara dos pais e que os seus pais herdaran dos seus i así dende sempre.

Cando lembraba a seus irmaos sentía tristura. Seus irmaos eran unha néboa vaga e imprecisa que se perdía nos lonxes da lembranza. A vida é así. A vida hai que acetala como ven. Cando chove hai que se pór ó abrigo pra non se mollar. Cando quenta unha raioliña de sol hai que aproveitala porque pode non voltar. Esta é toda a cencia que se precisa pra vivir. Pedir máis do que nos dan, do que temos, cecais non sexa bó. A verdadeira felicidade consiste en conformarse cada ún co seu. Quen máis desexa máis perde. El non entendía nin quería entender outras filosofías. Con estas, abondábanlle. Si quería comer tiña que traballar. A ningúén lle dan o pan de balde. O pan hai que defendelo. Fora como fora, saíra o sol por onde saíra, el estaba disposto a defender o seu pan.

3

O embalse iba por derriba. O embalse era un feito. Primeiro falaron os xornás do asunto. Logo adicáronlle llanas e máis llanas. No papel saíron retratados moitos señores —ó parecer importantes— falando do embalse, da sua produción de enerxía elétrica e daban cifras con moitos números. Falaban de política económica, de industrialización e de moitas máis cousas. Dixeron que co embalse lle farían un gran beneficio ó povo, que derrubarían as vellas casas e que, no curuto do monte, erguerían un novo povo con tódolos adiantos modernos. Dixeron que os labregos percibirían o xusto polas suas terras; polas terras que quedarían sulagadas co embalse e que, ademáis, parcelarían o monte. Según aqueles señores tan entendidos o monte é cultivábel e pode producir o seu. Cos novos adiantos e cos estercos químicos podíase facer do monte unha terra de primeira calidade. Lendo os xornás i escoitando os aparatos de radio chegábase á concrusión de que os labregos tiñan qué estar agradecidos, á empresa que iba erguer o embalse. A central hidroelétrica produciría ó ano millós de kilowatios de enerxía. ¡I aínda

había quen se queixaba! ¡Había xente iñorante que non cadraba conforme! ¡No século XX! ¡Semellaba mentira! Ante todo estaba o progreso, o ben púbrico i outros intreses da economía nacional.

O que ninguén dixo foi que, pra crear unha riqueza hidroelétrica, íbase destruir unha importante riqueza agrícola e ganadeira. O embalse tería un rabo de trinta kilómetros. Trinta e trinta son sesenta. A conta non pode ser máis doada de facer. Sesenta kilómetros de ribeira son moitos kilómetros. Xa se sabe que a terra de ribeira é a de mellor calidade. Nas ribeiras danse moi ben as hortalizas, as patacas, o viño. As terras da ribeira están abrigadas dos ventos e das xeadas. Nas ribeiras abondan as praderías. Os prados constituien a base da riqueza ganadeira. O gando, además da carne, dá outra serie de produtos derivados de moita importancia. Todas estas fontes de riqueza iban ser cegadas ó sulagar as terras que as sustentaban. Era unha riqueza creada había moitos anos. Perxudicaría a moitos centos de familias. Esto ó parecer non importaba. Estas consideraciós non se tiñan en conta. O importante, o máis importante de todo, era erguer o embalse. Non había interés meirande que o da empresa. Os intreses da empresa eran moitísimo máis importantes que os intreses dos particulares. A construcción do embalse estaba decidida i aprobada e non había forza humán que fixera recuar o proieto. Había que se conformar. Os labregos non tiñan outro camiño que acetar unha das casas que ergueran no novo povo e máis a parcela de monte correspondente. O que non quixera quedarse podía coller o que lle deran polas terras e irse pra onde lle parecera ben.

Cando se soupo de certo que o povo iba ser sulagado, a noticia caeu como unha bomba. En todo o povo había un gran nerviosismo. A xente andaba inqueda e receosa. Falábase moito, barullábase demáis. Semellaba como si aquelo fora o remate do mundo. Ninguén se atopaba seguro. Ninguén sabía o que iba facer nin que rumbo lle iba dar á súa vida. Unhos falaban de coller os cartos que lles pagasen e irse pró estranxeiro. Todo o que tiña un parente fora escribíulle. A cartería, a pequena cartería do povo, comenzou a encherse de cartas pra Cuba, Estados Unidos, Venezuela, Arxentina, Francia, Inglaterra, Suiza, Alemaña, Australia... O povo semellaba un formigueiro desfeito. Outros pensaron en mercar terras noutro lugar polo que non pasara un río, aínda que se lles facía costa arriba abandoar o povo no que naceran e no que tiñan enterrados ós seus difuntiños. Outros acordaron quedar no povo, aguantar o que viñera, solicitar a casa no novo povo i entrar a sorteo nas parcelas do monte; daquel monte ermo que soio tiña penedos e carpazas.

Varios xornalistas chegaron ó povo e tiraron retratos del. Falaron coa xente, furgaron na sua vida e fixéronlles perguntas incomprensíbeles. Retrataron a familias enteiras. Aquelo semellaba unha feira do inferno pois cousa boa non era. Non había xeito de se entender. Á saída da misa, na taberna, na intimidade familiar, na es-

cola, nos campos de labranza, non se falaba doutra cousa. Os temas das conversas eran sempre os mesmos: o embalse. O embalse era unha pantasma, unha desgracia, un medio invisíbel que ameazaba ó povo; que poñía un medo fondo nas suas xentes presentándolles un porvir incerto. As xentes do povo non contaban o tempo por estaciós senón que o contaban polas sazós da sementeira e da colleita, da poda ou da sacha. Tampouco contaban os días por horas senon que o contaban polo mencer, polo meiodía, polo serán e polos pechos da noite. Era xente xunguida ó tempo cunha servidume fatal, encadeada ó nacer i ó morrer. De súpeto, cando máis confiados están, un feito que trastorna a sua vida i ante o que non saben que aititude van coller. Un feito que os pilla de solpresa, a traición. Unha desgracia máis grande que as riadas. As riadas agardábanas, sabían cando tiñan que vir e non os pillaban de solpresa. A noticia do embalse, si. Contra o embalse non había xeito, polo menos eles non o coñocían, de se defender. ¡Qué desgracia, Señor, qué gran desgracia!

Primeiro viñeron unhos señores e andiveron percorrendo o terreo palmo a palmo. Vestían zamarras con cuello de pel, pantalós de pana i unhas botas que lles chegaban deica ós xionllos. Algún deles gastaba sombreiro i anteollos; outros traían boinas i outros unha pucha de visera. Andiveran todo o povo. Subiran deica o curuto do monte. Pisaron moitas terras dos arredores do povo. Falaban castelán. Traguían unhos aparatos polos que miraban; aparatos que teñen certa semellanza coas máquinas de retratar. Outros íbanse ó lonxe e poñían verticalmente unhos listós como de dous metros de outo, pintados a listas brancas e roxas. Paraban na taberna. Pola noite paseaban polo povo. Moitos días, despois de cear, cando as noites non era moi apacíbeles, xogaban á baraxa. Era xente máis ben simpática e faladora. Os veciños comenzaron ollándoos con algún receio. Despois, pouco a pouco, foron tomando confianza con eles e comenzaron a facerlles perguntas. Pouco poideron sacar en limpo. Eran ténicos que viñan ver os terreos, medir os desniveles; coller os datos necesarios pra erguer os planos do embalse. Ese era o seu traballo. A eles pagáballes a empresa por erguer pranos e facer proietos. Era todo o que podían decir. Era todo canto sabían. A eles que non lles perguntasen nada. A súa profesión era facer pranos. Cando rematasen de facer o proieto daquel embalse, a empresa destinaríaos a outro lugar. O principal deles chamábase don Sabino. Era inxeneiro i andaría polos cincuenta anos. Os outros homes que o acompañaban decían que don Sabino era home de moita sabencia e que fixera estudos en Alemaña e nos Estados Unidos. Era un home llano, falador i amigo de conversar cos labregos.

Don Sabino amistara deseguidiña con Pepe da Costa, con Andrés do Caseiro, con Xan de Nabal e con outros parroquianos da taberna. Todos lle fixeran perguntas e perguntas. Don Sabino non soltara prenda. Non sabía nada ou polo menos decía que nada sabía. Don Sabino convidábaos con frecuencia e faláballes da necesidade de mellorar a agricultura. Esplicáballes como eran as granxas dos

Estados Unidos e como se esplotaba a agricultura en Alemaña. Finxían que o escoitaban con intrés. Ás longas peroratas de don Sabino respostaba calquera deles:

—Si, señor, si.

—Por eso, quen sabe, sabe.

—¡Parece mentira!

Ou outra cousa semellante.

A eles non lles intresaba a agricultura. O que lles intresaba, nestes intres, era o embalse. O ter noticias do embalse.

4

O povo é pequeno, branco, sinxelo, campesiño. Semella dormir, dende fai moitos séculos, arrolado polas ondas do río que pasan á sua veira, silandeiras e melancónicas. O ondular das ondas do río é moi semellante ó ondear do centeo nas agras cando o move, con mao lene de veludo. o bris de Maio ou de San Xohan. Na lonxanía óllanse os montes de Martul, cunha curva graciosa e femenina, cun verde de carqueixa e cos penedos chumbos e nuos. Polo norde están as terras chás gallopadas polos ventos que veñen do Cantábrico.

No povo nunca pasa nada. Apenas pasa o tempo. O tempo cóntase por sementeiras e recolleitas. O tempo que non é da sementeira ou da recolleita, sobra. Mátase na barbería, na taberna, na botica A barbería é unha especie de casino, de mentideiro ó que van os mozos tódalas noites: Os cabos de casa i os homes importantes matan o tempo na taberna. O taberneiro está detrás do mostrador coa súa ollada bulrona vendo caer os días aliñados, iguales, mentras xogan os de sempre a milésima partida do día.

O povo limita co Ladra, co Cepelo, con Bonxe e coa Agra da Cancela. Pegada ás mesmas costas do povo está a Carballeira de Hortas, unha das máis fermosas carballeiras da provincia e aínda de Galicia.

O povo non ten biografía. Só unhos feitos isolados determiñaron o seu vivir no tempo. Dendes do comenzo a sua vida foi sempre a mesma. A hestoria do povo é a hestoria da casa grande, forte como un castelo.

A eirexa parroquial é limpa, crara. Nela entran as luces campesiñas do outo val do río. No altar maior está San Xohan. Un San Xohán pequeno, vestido con peles, ó que os cabos de casa sacan en procesión o día da festa. Un San Xohan mouro, de ollada melancónica como un labrego que, tódalas mañás, escoitase o canto do cuco no Cepelo ou a salmodia gregoriana das augas do río ó seu paso por San Roque, no caneiro de Ramón de Barreira. Logo o altar barroco de San Ramón. Un barroco cheo de espigas e de vides vellas, desdouradas. Ó pé da eirexa está o cementerio. Un cementerio bó, homilde, no que frolecen as varas de San Xosé. Un cementerio per-

feto pra durmir o derradeiro sono, á sombra do seu alciprés ó que fai cantar o vento nas longas noites da invernía.

Entre os tipos populares curiosos hai que contar a Xesús de Outón, músico, fogueteiro, sacamoas; tipo curioso e maxinativo que ten un gran coñecemento con cousas do outro mundo. Outros tipos dos que habería moito que falar foron Xan de Tuxo, o Tío Casas, o señor Manuel de Hortas, Fermín do Argalleiro, Pepe de Hortas, Manuel de Baixo, Pepe da Costa, Manuel de Paderna...

Non sei si a festa tradicioal ten moita ou pouca antiguedade. Os meus coñocementos non chegan a tanto. O campo no que se celebra é un fermosísimo i apacíbel lugar. A romería é o acontecemento que, ó longo do ano, conmove ó povo. É como si o povo espertara dun longo pesadelo i os seus ollos se encheran de tódalas luces do mes de San Xohan. A ermida homilde, branca, deixa de escoitar o run-run do muíño pra escoitar o rumor dos pregos dos romeiros. Os pregos dos romeiros ruben, misturados co recendo do incenso, ó corazón da patrona.

Moi soadas foron sempre as festas do povo. Fai anos, unha longa rea de esmoleiros apostábase ó longo do camiño que conduz á ermida. Alí improraban a caridade. O crego máis famoso da comarca predicaba o sermón. Entre os esmoleiros que acudían á romaxe eran moi populares Gabriel do Castro, Chaíño de Loentia, o Anastasio...

Os carballos novos i as abidueiras que oxe medran no campo da romería xa non escoitaron o son dos vellos esmoleiros. Tampouco ollaron as valentonadas de Marcelo do Civil, de Xosé de Hortas, do Pena Grande de Santalla.

O povo vive da agricultura. Cóllese inda ben centeo, patacas, algo de trigo... Algunhas familias, ademáis de labrar os eidos, viven do río. Son troiteiros. O oficio de troiteiro vaise trasmitindo de xeneración en xeneración. Os troiteiros pescan ó trasmallo —que se tece nas longas noites de inverno— en pesadas barcas do país, case cuadradas. Prá pesca do peixe úsanse unhas barcas pequenas, estreitas e longas, que se chaman batuxos. As barcas i os batuxos guíanos cunhas varas longas que chegan deica a fondo do río e que se chaman remas. As remas, na sua parte inferior, están ferradas. Sobor do río érguense os famosos caneiros prá pesca das anguías. As auguías do povo son moi famosas. A época das anguías ven coas primeiras choivas do Outono. Cando a colleita de anguías é abundante fai baixar o precio do pulpo.

Agora, co embalse, o povo vai ser unha lembranza. As augas sulagarán as casas, a taberna, a barbería, a farmacia, a eirexa parroquial. Non quedará rastro dos prados da ribeira —tan verdes— nin das terras labrantías. Os caneiros tamén quedarán sulagados. Todo o que é o povo e todo o que foi quedará debaixo das augas. As

augas que poidan fuxir do embalse poden levar ó mar noticia diste povo sulagado que un día tivo vida humán. A sorte xa está botada. Non se pode voltar atrás. Soio un milagre. Pero os milagres non abondan.

5

De neno tardara moito en romper a falar. Cada verba que pronunciaba semellaba que lle costaba un gran esforzo. Cando tiña tres anos, seus pais levárono ofrecido ó San Alberte. O santo, polo que parece, ouvíu os pregos dos pais. Ó pouco tempo rompéu a falar. Só pronunciaba as verbas precisas. Era como si tivera medo a malgastalas. Cando lle perguntaban algunha cousa, respostaba secamente:

—Si señor.

Ou ben:

—Non señor.

Nesto de pouco falador tiraba máis ben ó pai. Tamén o pai era pouco amigo de falar. O pai sempre decía que a mellor verba é a que está por decir. Posíbelmente tiña razón. O que máis fala é o que máis erra.

Seu irmao Alberte iba co pai traballar ós eidos. Tiña disposición e iba, pouco a pouco, tomándolle garimo á labranza. O pai estaba satisfeito de Alberte. O Alberte comenzou chamando o gando cando o pai araba. Axiña comenzou a guiar o arado con moito aquel. Craro que, ó chegar ó remate do rego, pra virar, o pai tiña que lle botar unha mao. O Alberte aínda non era home pra arrincar ó arado da terra, erguelo en ar e voltar a enferrar de novo pra comenzar o rego seguinte. O rapaz tiña disposición e xeito, i esto era importante. O pai ollaba ó Alberte con fachenda lexítima. No Alberte continuaría a caste. Continuarían no fillo as forzas que a el, ó pai, lle comenzaban a faltar. Aínda que non lle faltasen matinaba en que axiña lle podían comenzar a faltar. A continuidade estaba asegurada no fillo.

O Fuco aínda era moi pequeno. Comenzaba a andar. A nai, cando tiña que ir á horta ou ó celeiro, deixábao no barrelo. Unha casa de labor ten moito traballo pra unha soia muller. Ademáis de criar o fillo, a boa da muller tiña que ir apañar a comida do gando, atender ós porcos, ás galiñas, ós coellos, lavar a roupa, coser e mendar, cocer o pan, facer a comida e limpar a casa. Cando os homes se arrimaban ó quentor do lar, namentras se cocía a sobrecea dos porcos, ela fiaba ou calcetaba. Nos días de moita faena aínda ela tiña que botar unha mao nos traballos do campo.

El era o pastor. Tiñan tres vacas. Cando había traballo nos eidos ou cando se precisaba o carro, soio tiña que cuidar dunha vaca. Cando o pai i o irmao iban rozar toxos, facer regos ós lameiros ou cavar a viña, el tiña que cuidar das tres vacas. As vacas chamábanse: Roxa, Pinta e Gallarda.

Pola mañá levaba as vacas a pacer ó monte. No vrao había que se erguer cedo. Polas dez e media ou once da mañá, cando o sol comenzaba a apertar, traía o gando pró cortello. Polas tardes levaba as vacas ó Curro das Veigas ou ó de Tras da Santa. Tiña a tarde enteira por súa. O gando apenas lle daba traballo. Pasaba horas e horas enviso, ollando ó río.

O silencio daquelas tardes era fondo, inquedante. Un bris maino, case impercetíbel, movía amodiño as follas das albres. O rumor do río era maino, monótono, amoroso. Entráballe a ún polos ouvidos e semellaba que lle enchía a ún a alma, quen sabe a onde. O tempo pasaba sin ún decatarse do seu paso. O toque de oración era o que o facía voltar á realidade. O río tiña un misterio. O río tiña un sagredo. O rumor do río era o mesmo que unha voz humán. El afinaba o que podía o seu ouvido. Todo el estaba en tensión. Había veces que case entendía o que o río falaba. De súpeto o engado rachábase. A desilusión entraba no seu esprito. Estes sagredos non llos confiaba a ninguén. Tiña medo a que se riran del. Tiña medo, non sabía porqué, a non ser comprendido.

Un día, despóis da cea, a nai estaba fiando. O Alberte estaba, coa punta da navalla, labrando nun pao. O pai estaba fumando un cigarro pausadamente. El sempre lembrará, por moitos anos que viva, os cigarros de seu pai. Fumaba sempre tabaco de picadura que restregaba coas palmas das maos. Mentras restregaba a picadura tiña apregado ó beizo inferior, por unha esquina, un papel de fumar. Un papel groso, do «Sol» ou do «Rey de Espadas». Así que tiña ben restregado o tabaco envolvíao no papel. Facía unhos cigarros moi grosos no medio e case sin tabaco nas puntas. Logo, si estaba na casa, perto da lareira, prendíalle lume cun tizón aceso. Si non tiña un tizón a mao, alcendía, con moita parsimonia, o seu mecheiro de mecha. Daba unhas chupadas pausadas, fondas. Duas ou tres chupadas seguidas. Despóis botaba unha gran bocanada de fume que lle tapaba a face por unhos intres.

Aquel día, cando o pai botaba a bocanada de fume, el perguntoulle:

—¿De ónde ven o río?

A nai deixou de fiar. O irmao ergueu a testa e deixou de labrar no pao. O pai tardou en respostar. Dixo:

—¿De onde ha de vir? ¡Da serra!

El voltou a perguntar:

—¿E pra ónde vai?

O pai voltou a respostar:

—¿E pra onde ha de ir? ¡Pró mar! ¡Tódolos ríos van dar ó mar!

El non perguntou máis. Non se astreveu a perguntar máis.

A nai seguía fiando. O Alberte seguíu a labrar no pao coa punta da sua navalla. O pai rematou o cigarro. El quedou a cavilar. O

río encheu o seu pensamento. O río é como unha persoa, cavilou pra si. Cando se deu conta comenzou a toconear. O pai agarrouno por un brazo, sacudíuno e díxolle:

¡Anda prá cama, rapaz! ¡Mañá tés que madrugar pra botar o gando!

Él espavilouse un pouco e foi subindo pró cuarto. Detrás viñan o pai e máis o Alberte. A nai aínda quedou remexendo na cociña. Xa non a sentíu subir prá cama.

El deloutro día, nas soedades do monte, estivo a cavilar na conversa que tivera co seu pai. Non lle agradaran as respostas que o pai lle dera. Dende aquel día non voltou a perguntar máis.

6

Por fin viñeron os peritos a medir as fincas i a tasalas. Os peritos mandaron que as xentes do povo se persoaran na taberna cos tiduos que tiveran das suas propiedades: escrituras de compra, cupos de partixa ou calquier outro tiduo.

El aló fora cos seus papés. Cando el chegóu había unha ringleira de xente agardando. Cada ún iba polo seu turno. El erguérase ás sete da mañá. Alcendera o lume, déralle o almorzo ós porcos e máis ás vacas. Logo muxíunas e preparou o seu almorzo. Despois de almorzar levou as vacas ó curro i aló se foi, cara a taberna, cos papés no peto.

Os peritos eran tres. O que semellaba o xefe andaría polos cuarenta anos i era un home máis ben baixo e regordete. Semellaba bon home aínda que, de cando en vez, tivese algunhos súpetos. Outro dos homes que viña co perito escribía a máquina o nome das fincas, o cultivo, a mensura i o nome do propietario. O terceiro ditáballe, cos documentos na mao, ó que escribía a máquina.

Os peritos improvisaron unha especie de oficiña no local da taberna. As mesas que servían pra botar as partidas de tute agora estaban convertidas en mesas de oficiña.

Cando lle chegóu a el o seu turno, entregóulle os papés ó que semellaba xefe dos peritos. O home esaminounos. Así que rematou de esaminalos, díxolle:

—Eso é todo.

—Todo, repostara el.

—Despois non veña con reclamaciós.

El non respostara.

O perito volveu a decir:

—Teña a bondade de agardar unha miguiña. É pra relacionar o nome das suas fincas.

—Está ben, dixera el.

Namentras collían nota dos seus eidos percurou un tallo. Sentóuse nel mentras agardaba.

O perito dixo:

—O que sigue.

Outro paisano entregoulle ó perito os papés que traguía na mao.

El estivo agardando como un cuarto de hora ou vinte minutos todo máis. Pasado este tempo o home que ditaba acenoulle ó mesmo tempo que lle decía:

—¡Oia!

El ergueuse. Recolleu os papés que lle entregaban. O que lle entregou os papés díxolle:

—¡Está todo!

—Si, señor, está todo, respostóu el esaminando os documentos. Despois de esaminados e comprobar que non lle faltaba ningún, dobrounos e gardounos no peto de dentro da chaqueta.

Alí quedaba, na taberna, apuntado canto tiña neste mundo. Pouca cousa: unha casoupa de pedra, a duas augas, lousada de pizarra, cos seus alboios, pozo, aira e horta. Logo, duas fanegas de tarreo, adicadas a labradío, repartidas en oito leiros. Unha fanega adicada a prado, contando o lameiro de herba verde, dividida en cinco parcelas. Outras duas fanegas adicadas a pasteiro, albres e toxal, que facían catro parcelas máis. E tres viñas, na ribeira, dunha mensura dalgo máis de media fanega. Todo esto era o seu caudal ó que había que engadir tres vacas, dous porcos e media ducia de galiñas. Con estes eidos, co que producían estes eidos, viviran seus pais e seus abós i os pais dos pais dos seus abós. Estes eidos, regados co sudor de cada día, manteran ós seus devanceiros, a toda a sua caste. Agora... Era mellor non cavilar.

Así que os señores peritos tomaron nota de todo canto había no povo, comenzaron coa identificación das parcelas sobor do tarreo. Puxeran anuncios no castiñeiro do atrio para que se enteraran os veciños. Moitos veciños acompañaron ós peritos na identificación das fincas. Él non. Non tiña azos pra nada. Él era soio neste mundo e non podía deixar a sua vida abandoada. Que os outros veciños señalasen os seus eidos se querían. Si non os señalaban era o mesmo. Os peritos eran homes sabidos dabondo e xa darían con eles. Desto non había dúbida de ningunha clás.

El tiña pra sí de que o viñan roubar. Cando deron a orde de levar os documentos á taberna, el obedecera. Obedecera non sabía ben por qué. Obedecera incruso contra a sua vontade. Cando lle amosou ó perito os documentos que o acreditaban como propietario dos seus popios eidos tivo a impresión de que perdía pra sempre aquelas terras. Unhas terras que el tripara, unhas terras que el traballara, unhas terras que el amaba. Unhas terras que aqueles homes non coñocían, que non sabían siquer como se chamaban. As te-

rras teñen un nome como as persoas. As terras teñen un nome como cada ún de nós. Detrás dos homes están as terras. O nome dunha terra, como o dun home, é pouca cousa. O nome é algo semellante a un traxe. As suas terras soio el as coñocía. Sabía esatamente en qué lugar a parcela daba as patacas meirandes. Sabía onde había un coio no que tropezaba invariablemente a rella do arado. Sabía en que lugar do lameiro medraba a herba máis axiña i en que sitio precisaba máis rega. Sabía, sin se trabucar o máis mínimo, en que recanto do pasteiro o gando pacía con máis gusto. El, e soio el, sabía o que quería cada terra súa. Sabía cómo era cada eido seu. Si agora, por exempro, pechara os ollos podía ver a configuración física de cada un dos seus eidos. Aqueles eidos que unhos homes estranos lle querían roubar. Total pra nada. Aquelas terras a eles non lle servían de nada. Queríanas pra sulagar.

¿Por qué razón erguerían o embalse naquel lugar...? ¿Porqué o erguerían precisamente naquel lugar e non noutro calquera...? ¿É que non había máis ríos no mundo...? ¿Non correrían máis ríos en lugares isolados e improdutivos...? ¡Pois logo! ¿El non pagaba puntualmente a súa contribución? ¿Non era el, e non o fora sempre, un home de ben? ¿Por qué o querían agora despoxar dos seus eidos? Ó non poder resolver satisfatoriamente estas perguntas sentía como unha carraxe xorda e moura lle iba nacendo por dedentro. Unha forza inesplicábel iba medrando dentro de sí. Algo moi estrano que nunca sentira deica agora e que o facía estar contra todo e contra todos. Non hai xusticia no mundo. Si a houbera non había razón ningunha pra que o botaran das suas terras e o deixaran por portas. Aínda que polas terras lle deran un faixo de billetes, ¿qué faría el cos billetes? El nunca tivera billetes pero desconfiaba deles. El confiaba soio nas terras e no traballo. Os billetes acábanse axiña. A terra non se acaba nunca. A terra é unha realidade moi concreta que sempre é fidel. Non importa que unha colleita pinte mal un ano. Pró ano que ven a terra dá xenerosamente, dun xeito cumprido, os froitos que denantes tiña negado.

7

Queda dito como a nai coa morte do Alberte fora esmorecendo pouco a pouco. Cando a levaron prá cova el andaría polos dazaséis ou dazasete anos. A morte da nai deixou un fondo valeiro na familia. Un valeiro que nunca máis se puido encher. El tivera que cuidar do pai e máis do Fuco. Tivera que se preocupar das cousas da casa e máis de axudar na labranza. Tivera que intentar encher o oco que na familia deixaran a nai e máis o Alberte. O Fuco foi o que ocupóu o posto del. O Fuco era agora o pegureiro.

Os anos foran pasando. Cando a el lle tocóu de ir pró servicio, cando se fixo a decraración de soldados útiles e inútiles, seu pai foi á vila i amañóu o asunto como antes se amañaban estas cousas: a forza de cartos.

Cando ó Fuco lle faltaba un ano pra entrar en quintas, largara prás Américas.

Fora el o que quedara co pai. Os dous eran pouco faladores. Traballaban arreo. Cerraron os curros pra poder mandar as vacas sin garda. El mesmo arrincara a pedra i os chantos prós cerrumes na pedreira de Tras das Casas. Fixera este traballo nas sestas do vrao, mentras os outros veciños descansaban. Despois de facer o outono viñera o Varela —o chanteiro máis famoso da comarca— erguer os chantados. As paredes, mal que ben, fóranas erguendo o pai e máis el.

El era pouco amigo de romerías. Soio iba á de máis perto por mor de non deixar soio ó seu pai. Nas romerías divertíase como os demáis rapaces. Tomaba un neto cando había que tomalo. Bailaba cando había que bailar. Non se entusiasmaba con algunha rapaza. Ás veces unha que outra —a Dolores ou a Mari-Pepa— alcendíalle a sangue, alampáballe a carne. Cando o incendio pasaba non quedaba nada daquela borralleira. Non había ningunha rapaza que lle enchera o ollo totalmente. Non había ningunha rapaza que lle enchera o ollo deica o punto de querer facela a súa compañeira por toda a vida. Como non tiña presa, agardaría.

O pai, de cando en vez, insistía no casoiro:

—Xa tes edade. Non imos estar así toda a vida. Na casa precisamos unha muller. Non vas tí a estar facendo o caldo deica que che nazan canas.

El calaba.

O pai voltaba á carga:

—¿Non che gusta ningunha rapaza do povo? Pois hai máis terra. ¡Si eu tivera os teus anos...!

—Aínda hai tempo, decía el.

—¡Qué tempo nin qué nada! ¡Eu quero ollar ós netos denantes de morrer!

El calaba. Ou todo máis decía pra cortar a conversa:

—¡Déixese de cousas paí! ¡O que está de Deus xa será!

—Eu non te entendo, fillo. Non entendo a mocedade de agora. Será que me estou facendo moi velliño...

—¡Non se ocupe, pai, non se ocupe...!

Fora pola Santa Mariña. Él lembrábase ben. A Santa Mariña celebrábase no anexo da parroquia. Ó pardecer recollera ó gando, metérao no cortello e botáralle a cea. Despois preparou a cea do pai e máis a del. Cando remataron de cear o pai perguntáralle:

—¿Non vas dar unha volta á Santa Mariña...?

El, despóis de pensalo unha miguiña, dixera:

—Irei logo.

Preparouse un pouco e púxose ó camiño. Cando chegara á festa xa había un bocadiño de noite. Nela estaban todos ou case tódolos

seus veciños. Nun chigre tomóu, con algús deles, unhos netos. Despois meteuse a bailar.

Foi coa Dolores con quen bailou. O rapaz cada vez se achegaba máis. A rapaza non decía nada. A Dolores sempre lle puxera boa cara. Ó atopárense nun camiño calqueira, ó darse os días, ela alcendíase toda e baixaba a vista. Agora bailaban e máis falaban. Os corpos dos dous mozos xuntábanse cada vez máis. As verbas que se decían cada vez eran máis baixiñas.

A outas horas da noite a foliada rematara. Había que voltar pró povo. Ó día seguinte había que se erguer cedo pra ir ó traballo. Tódolos veciños foran arrancando.

El foise coa Dolores. A noite de xulio era tépeda, maina, sensual. Ó pasar rente dunha xesteira metérenso entrelas xestas. O que tiña que ser, foi. El nunca sentira gallopar o seu sangue nin o desexo tan aceso como aquela noite. A Dolores protestara. Pero gustáballe o home. A Dolores tiña medo polo que podía pasar. El tranquilizouna:

—Se algo pasa, casámonos como Deus manda. E si non pasa tamén nos casamos.

Á rapaza abondoulle aquela promesa.

Pasados unhos meses a rapaza anuncioulle que estaba encinta. Él, por toda resposta, díxolle que había que ir falar co crego i arranxar os papés. A boda quedou fixada prós primeiros días de Sanmartiño. I así se fixo. O pai del estaba ledo como un cuco co casamento do fillo.

A Dolores era boa rapaza e traballadora. Deseguidiña puxo a casa como unha prata. A casa, dendes que ela chegou, semellaba outra. O caldeiro de cobre daba a cara de limpo. A espeteira relocía como un sol. A roupa dos homes nunca estivera mellor gobernada. A ceba daquel ano foi a mellor da que había lembranza na casa. Él estaba moi satisfeito da sua muller. I o pai tamén. A Dolores tiña sempre as suas finezas pró patrón. O patrón era feliz como un neno. Era feliz como non o fora dendes había moitos anos.

A mediados de xaneiro ó pai empezoulle a dar sono. Moito sono. Non lle doía nada pero non tiña anceios máis que de dormir. Ó comenzo non lle deron importancia ningunha. Despóis comenzóunos a preocupar o sono do petrucio. Avisaron a don Pepe, o vello médico da vila. Don Pepe recetou algunhas menciñas e dixo que o vello gardara cama. A enfermedade non presentaba boa cara. Dentro de dous ou tres días xa voltaría pra ver como estaba. Cando o médico deu voltado o patrón era cadavre. Durmía pra non espertar máis. A él quedoulle sempre roendo a alma un remorso: que seu pai non chegase a ollar o primeiro neto. ¡Quén o iba pensar! ¡Quén iba a pensar que a disgracia se iba a presentar dun xeito tan súpeto! No meio de todo el tiña a compaña garimosa da muller i a espranza do fillo.

O pai era unha vida que se apagara. Un home bon que cumprira ben. Sabía que a morte do pai era un feito natural. O nacemento do seu fillo tamén sería un feito natural. Entre o pai morto e máis o fillo por nacer había unha realidade. Esa realidade era el. Así o comprendía. A vida era así. A vida i a morte non teñen volta de folla.

8

O río era o povo. O río era algo así como o esprito do povo. Non se podía concebir ó povo sin o río. A voz do río era unha voz que ecoaba en todo o povo. No inverno era como un oular atormentado. Como os laios dunha alma en pena. Cara a primaveira o río comenzaba a enfraquecer. A sua voz iba perdendo forza. Era unha voz amiga, cun son natural, que tiña a medida da voz humán. No vrao o río iba enfraquecendo a ollos vistas. A sua voz era un marmurio soave, doce case impercetíbel. No vrao a voz do río semellaba a voz dun recén nado. E non era doado, certamente, distinguir a voz do río dos chíos dos paxaros que buscaban a frescura entrelas follas dos albres da ribeira.

Cando o tempo das crecidas a voz do río impoñía. As augas baixaban caudales, arrastrando tocos de álbores, palleiros, reses mortas. O río salía do leito e sulagaba as terras de ambas ribeiras. Ó batir a auga coas paredes ou cos chantos que había nas terras sulagadas, semellaba que se mancaba. A voz do río entón impuña. Era como a voz poderosa dun xigante que nos enchese de arrepíos. Cando a crecida baixaba había que voltar a erguer as paredes e voltar a poñer os chantos que as augas derrubaran. Entón o río discurría normalmente polo seu leito. Ó ollalo ir tan encauzado, tan formal, tan polo seu sitio semellaba mentira que o río fora o que barrera sebes, paredes e chantados.

No vrao o río iba quedo, calmo, como si non tivera presa. Como si o sol lle metera no corpo unha gran canseira. No vrao podíase pasar de ribeira a ribeira polos guiares dos caneiros a pé enxoito, como si tal cousa. No vrao podíase ollar o seu fondo de pedra, un pouco mouro ou o seu leito de area brillando ó sol. Cara as veiras, nos trolleiros, podíanse ollar as espadanas, verdes, erguendo ó sol a sua fachenda. Nos sitios en que había pouca auga e fondo de terra, medraban as oucas. As oucas movéndose amodiño como si a corrente, ó ir río abaixo, as pentease. No vrao o río recibía o corpo dos rapaces á hora do baño, dun xeito resiñado. Daquela as voces dos rapaces misturábanse co tenro marmular das ondas mansas e namoradas. Algunhas veces, moi de tarde en tarde, aparecía algún afogado. No povo consérvase a lembranza de dous: un rapaz de Montes i un fillo do señor Raimundo de Brea. Os dous afogaran había moitos anos. O de Montes en Tras da Santa i o de Raimundo en San Roque. Cando se falaba dos afogados os rapaces ollaban ós recantos, nos que a auga se remansa, cunha especie de relixoso terror.

O río viña de lonxe e iba pra lonxe. Esto, pouco máis ou menos, sería o que diría calquera do povo si se lle perguntara. Era todo o que sabían do río. O río iba caladamente ó mar, engulindo as augas dos outros ríos e dos regatos que a el van desembocar. Ó chegar ó povo xa tiña ben légoas de andadura aínda que non moitas. O río ó pasar polo povo, xa non era un neno. Tampouco era un vello. Era un home feito. Por eso iba con un certo aquel de seriedade, moi dono de sí e moi señor. Máis adiante iría engrosando. Iría aumentando o seu caudal pra llo levar ó mar.

O povo non se concebía sin o río. O río, además de ser a alma do povo, era tamén o seu límite. Despois do río era outra parroquia. Un grupo humán diferente e diferenciado. O río puña entrelos dous povos un marco moi concreto. Por eso os rapaces dos dous povos se alcumaban de ribeira a ribeira. En moitas ocasiós, nos meridiás do vrao, acometíanse a pedradas. Como o río é ancho, poucas pedras podían atravesalo. Tódolos vraos, sin faltar un, se repetía a mesma hestoria. Nunca houbera feridos de gravedade. Os rapaces apedreábanse non como quen loita nunha guerra senon como quen cumpre un rito.

Agora o río, co embalse, iba ser outra cousa diferente do que fora deica o presente. O río iba ser utilizado pra proveito do home. Iba perder pra sempre a sua libertade. Unha libertade que lle dera Deus e que os homes lle quitaban. Unha libertade que nunca máis voltaría a conquerir. Dendes que se tivese erguido o embalse o río xa non podería cantar nos caneiros nin á saída da aceña. Na aceña a auga cantaba cunha música especial. Semellaba que saía máis limpa despois de facer mover ós rodicios. A escuma era moito máis branca. A auga ó saír da aceña levaba unha carreira tola, desordeada como si non quixera voltar atrás, como se alguén fora correndo detrás dela. O embalse privaranos destes pequenos gozos. O río convirtirase noutra cousa diferente. En algo que os veciños do povo non recoñocerán como propio.

9

Polo Abril cumpría o tempo a Dolores. Aquel ano Abril viñera moi mollado. Caera auga a Deus dar e semellaba que non paraba de chover. A Dolores preparara todo pró acontecemento. Fixera baixar do faiado o barrelo que xa servira pró seu home e prós cuñados. e preparara o equipo do recén. Si era neno poñeríaselle Alberte en lembranza do tío morto en Africa. Si era nena chamaríase Dolores como a nai. O pai quería que fose un neno. A nai quería unha nena. Si Deus lles daba máis fillos era comenente que a máis vella fose unha nena. Unha muller sempre ten máis xeito pra axudar a criar ós outros irmaos. Él estaba convencido coas razós que lle espoñía a muller. Cando estaba soio quería un neno. Un neno ten máis utilidade pra traballar os eidos.

Cando a Dolores sentiu os primeiro anuncios, el foi avisar á señora Ramona, a vella parteira que trouxo ó mundo a maior parte dos veciños. Quentaron a auga e fixeron os demáis preparativos. A señora Ramona meteuse no cuarto da Dolores. Ó pouco tempo ouvíronse os laios da parturenta. Él, de cando en vez, abesullaba pola porta e perguntaba:

—¿Qué tal vai eso?

—Ben, repostaba a parteira.

As voces da parteira viñan misturadas cos laios da Dolores.

Él, impacente, ó pouco tempo voltaba a perguntar:

—¿Qué tal vai eso?

—Ben. ¡Non teñas tanta presa! ¡Tódalas cousas requiren o seu tempo!

As cousas non iban tan ben como a vella parteira decía. A criatura non quería sair do ventre da nai. A nai retorcíase de dór.

Levaban moitas horas loitando i a criatura non quería vir a este mundo. O desfalecemento i as dóres da nai iban en aumento. Entón el decidíu chamar ó vello médico, a don Pepe. Foi deica a vila i ó petar na porta do médico dixéronlle que non estaba.

—¿E ónde vai?

—En Santa Mariña.

—¿I en qué casa?

—En cás Balseiro.

Salíu pra Santa Mariña como alma que leva o demo. Chegou a cás Balseiro e don Pepe saíra pra Candai, a cás de Portamontouto. Cando deu co médico, á saída de Candai, puxéronse os dous a camiñar cara ó povo.

Cando chegaron a casa del semellaba que estaba envolta nun silencio de morte. A el este silencio non lle gustou nada. Semelloulle un agoiro. Na habitación estaba a vella parteira velando o cadavre da muller e do fillo.

Don Pepe esaminou o corpo da difunta:

—Foi unha hemorraxia, dixera.

O fillo morrera afogado.

Él quedou branco como un papel de fumar. Non dixo nada. Si a dór tivera unha face humán sería igual á del.

Despois da morte da muller foise gobernando como puido. Ó comenzo os veciños prestáronlle axuda. Despóis el foise gobernando soio. Cando apuraba moito o traballo, contrataba a un xornaleiro por unha semana ou duas. Ibase defendendo como podía. A sua única distración, de cando en vez, era a caza. O resto do seu tempo adicáballo ós eidos. Os días de feira iba á vila facer as suas ventas e tamén a mercar o que lle era preciso.

Cos anos fórase facendo máis reservado. Cos anos cada vez iba vivindo máis pra sí. Aínda que ninguén o podía chatar de mal veci-

ño ou de pouco servicial. Si alguén chegaba á sua porta a pedirlle un favor, desvivíase por llo facer. Víase pouco pola taberna. Si alguén procuraba entablar unha conversa con el, intentaba cortala o máis axiña posíbel. Este seu xeito de ser non lle chistaba moito ós veciños. Non é que fora mal home. O que pasaba é que era un home un pouco estrano. Un home diferente dos demáis.

El estaba ledo cos seus eidos. Amaba ós seus eidos. Os eidos eran a sua vida. A lembranza do pai e da muller roíanlle o corazón. A sua capacidade de amor xa non era pra ningún ser humán. A sua capacidade de amor dáballa á terra. Unha persoa podía fallar. Unha persoa pódese ir do lado de ún ou pode morrer. A terra, non. A terra sempre é a mesma. A terra sempre é fidel a quen a ama. I así se lle iban os anos. Así pasarían os seus anos deica que a terra o chamase pra sí. Deica que a terra o collese no seu seo amorosamente.

10

As obras do embalse xa comenzaran. O embalse estábase erguendo a unhos kilómetros máis abaixo. Pra traballar nas obras viñeron moitos obreiros de fora. Tamén algunhos veciños do povo, e doutros povos do arredor, traballaban como peós nas obras do embalse. Ás oito e media da mañá pasaban unhas camionetas pra recoller ós traballadores. Ás sete e media da tarde voltaban pasar facendo o recorrido inverso pra deixar ós obreiros nos seus fogares. Os traballadores que trouguera. a empresa vivían ó pé do futuro embalse nunhos barracós de madeira. O embalse iba medrando pouco a pouco. Dentro de tres anos todo máis estaría rematado i en condiciós de funcionar perfetamente.

Tódalas conversas do povo tiñan o mesmo tema: o embalse. El non quería nin oir falar del.

A xente seguía con intrés as obras. Moitos aproveitaban as tardes dos domingos ou dos días santos pra ir ver a marcha das obras. Pasmaban ó ollar as máquinas. Ó ollar tanta maquinaria, aínda que estaba parada. Os labregos que traballaban como peós nas obras tamén falaban das máquinas con entusiasmo. Unha máquina daquelas, ela soia, facía o traballo de moitos homes. Esplicaban como funcionaban as escavadoras, paleadoras, grúas, máquinas de machacar pedra e de facer a mistura do cemento e da area... Tamén esplicaban como a presa se iba erguendo pouco a pouco. A presa tería sobor de cento cincuenta metros de outura. O embalse era o seu nemigo persoal. Non tiña ningún degaro de velo. Si o embalse fora un home xa lle axustaría as contas. El sabía o modo i a maneira de amañar estas cousas. Como o embalse non era un home nada podía facer.

No cume do monte comenzaran a facer o novo povo. Antes de comenzar as obras espuxeran os planos i a maqueta das novas edificaciós. El dos planos non entendera nada de nada. A maqueta semelláballe un xoguete. Un deses xoguetes que os Reis Magos deixan ós nenos ricos.

A xuzgar pola maqueta o novo povo semellaría un racimo de uvas. Había unha praza central na que farían a escola e máis a eirexa. A praza tiña soportás. Á praza central iban dar tódalas rúas do novo povo. Este povo sería semellante a unha araña. A praza semellaba o corpo da araña. As rúas semellaban as patas da araña.

O povo foise erguendo pouco a pouco como estaba previsto. Os obreiros que facían o novo povo vivían perto do seu traballo, en barracós de madeira. Os obreiros tiñan unha especie de economato e de taberna nun dos barracós. Alí facían a sua vida fora das horas de traballo. Algún baixaba á taberna do vello povo i amistara cos parroquianos vellos. Varios obreiros puxéranse en amores con rapazas do povo.

Dende lonxe, en varios kilómetros ó contorno, escoitábase o rumor das sireas que, ás nove en punto da mañá, señalaban a entrada do traballo. Á unha e meia voltábase escoitar. E logo ás tres i ás sete da tarde. A el o bruído das sireas producíalle certa carraxe. Logo foino soportando algo mellor. A xente do povo chegou a rexir a sua vida polo toque das sireas das obras.

O novo povo iba medrando. O material empregado pra construílo era o ladrillo. Tódalas casas eran o mesmo. Tiñan unha pranta baixa i outra outa. Na pranta baixa había unha porta de entrada cun pequeno porche dediante. A cada mao da porta de entrada abríase unha fiestra. No primeiro piso, no meio da fachada e derriba da porta de entrada, abríase un balcón. Logo, a cada mao do balcón, unha fiestra. Dediante de cada casa había unhos escasos metros de terra valdeira que se adicaría a xardín. Detrás de cada casa erguíase unha pequena edificación que se adicaría a cortellos. Cando o povo se rematou semellou un anacronismo. As casas caleadas non iban coa severidade do monte nin coa paisaxe dos arredores. Semellaba un povo de xoguete, maxinado por un tolo.

Mentras iban erguendo o novo povo a empresa fora liquidando o valor das terras ós labregos. Os labregos tiñan que deixar as terras pra comenzar a embalsar as augas o día primeiro de Agosto.

Espuxérase unha relación de fincas coa sua tasación. O que non estivera conforme podía recramar. O que quixera casa no novo povo tiña que solicitala. A empresa, ó pagarlle as terras, descontaríalle unha cantidade pola nova casa.

Dendes do comenzo do ano os labregos comenzaron a vender as madeiras. Os tratantes pagaban práticamente o que eles querían. Os labregos non tiñan outra alternativa: ou dar as madeiras polos precios que lles ofrecían os tratantes ou deixar que as augas do embalse as sulagaran.

A el tasáranlle os seus eidos, incruíndo a casa, en trinta mil pesetas. Cando ollou a tasación sentíu como si lle chantasen unha puñalada nas entranas. Non dixo nada. Non solicitou tampouco casa no novo povo.

11

A el pareceulle unha canallada, un aldraxe a tasación que fixeran dos seus eidos. Trinta mil pesetas case as valía a pedra da casa. Cavilou en poñer o seu caso na mao dun abogado. Despois pensou que non merecía a pena. Sabía que a corriza quebra sempre polo máis delgado. A parte máis delgada era el. El era moi pouco cousa pra loitar coa empresa. ¡Si ó menos tivera unha raioliña de espranza! Non a había. El sabíao moi ben sabido.

El estaba soio no mundo O único que tiña eran aqueles eidos. Os pais, os irmaos, a muller eran soio lembranzas. Eran unhos lóstregos que pasaron pola sua vida pra abandoalo, pra deixalo soio; pra lle deixar a irealidade dunha lembranza. Os eidos sempre lle foran fideles. Os eidos de oxe eran os mesmos eidos que cando tiña sete anos. Aínda que el envellecera os eidos non envelleceran. Alí estaban como sempre, agardando por el. As terras agardaban o laboreo e logo a semente que as fixera fecundas. Os prados agardaban que lles gadañasen a herba pra retoñar novamente. Si os eidos lle pedían o seu traballo en troques dábanlle os seus froitos. Dábanlle os froitos necesarios pra que puidera vivir. Eso era o que lle querían quitar. Eso era o que lle querían roubar. ¡Ofrecíanlle por todo trinta mil pesetas!

A comenzos do mes da sega a xente emprencipióu a marchar pró novo povo i abandoar as casas do vello. A maior parte dos veciños facía a mudanza en carros. Daba verdadeira mágoa contemprar aquel ésodo.

Todos foron collendo os cartos que lles ofreceron, sin rechistar.

El seguía facendo a vida de sempre. Non voltara pola oficiña da empresa dende que fora amosar os tíduos de propiedade. Agora o prazo pra facer as recramàciós xa trascurrirá. Ós ademinístrativos da empresa chamáralles a atención que el non fora cobrar o importe do que lle indemnizaban polas terras. Cando faltaban quince días do prazo señalado pra abondoar o povo recibira unha carta da empresa. Na carta pregábanlle que pasara polas oficiñas. Non respostou. Ó pouco tempo voltou recibir outra nova carta, desta vez con acuse de recibo. Tampouco respostou.

Por fin foi velo o Xefe Ademinístrativo. Entróu na casa del sin chamar. Atopouno na cociña, sentado no escano de tralo lume, fumando un cigarro.

O Xefe Ademinístrativo dixéralle:

—¿Sabe quén son eu?

—Non, aínda que o supoño.

—¿Non recibíu unhas cartas nosas?

—Recibín.

—¿Cómo non apareceu polas oficiñas? ¿Cómo non respostou tan siquer?

El encolleu os hombreiros e non respostou.

O Xefe Ademinístrativo dixo conciliador:

—Xa sabe que dentro dunha semana ten que deixar esto. Cando queira vir cobrar xa sabe cáles son as horas de oficiña.

Ante a solpresa do Xefe Adeministrativo el respostara:

—¡Non me vou! ¡Non me vou deiquí! ¡Eiquí nacín i eiquí morrerei...!

Resposto da solpresa o Xefe Adeministrativo dixera:

—Eu ben comprendo... Non colla as cousas así. Pense que...

—¡Non me vou! ¡Eu non me vou!

O Xefe Adeministrativo non comprendía. Non podía comprender a tozudez, a negativa daquel home. Ofreceulle cuarenta mil pesetas. Como si nada. Voltou a ofrecerlle máis cartos. Chegou a ofrecerlle cincuenta mil pesetas. Non había xeito de convencelo. Por fin o Xefe Adeministrativo dixéralle:

—Cavile na miña proposta. Coido que lle convén. Si non se vai polas boas pense que se ten que ir polas malas. A empresa quer amañar este asunto dun xeito amistoso.

—Polas boas non me vou.

—Pense o que fai. Mañá agardo por vostede...

—¡Non vou!

—Ten toda a noite pra cavilalo...

O Xefe Adeministrativo estivera agardando por el todo o santo día. El non aparecera. O Xefe Adeministrativo estaba preocupado. Todo saíra ben. Todo fora sobre rodas. Agora surxíralle aquela dificultade. Chamou por teléfono ás oficiñas centrales da empresa pedindo instruciós. Das oficiñas centrales dixéranlle que había que amañar este asunto fora como quixera. Que un labrego, que o capricho dun labrego, sin pes nin cabeza, non iba entorpecer os prás previstos pola direción da empresa. Que si o labrego non entraba en razón que acudise á guardia civil pra que o desaloxase da sua casa. Que o mellor era non dar espetáculos. Que o día primeiro se comenzaría a embalsar a auga e que o povo tiña que estar totalmente desaloxado.

O Xefe Adeministrativo fixo un esforzo. Fixo un derradeiro esforzo pra convencer a aquel home. Si con esta entrevista non deixaba arranxado este asunto, ó outro día, a primeiras horas, iría persoalmente falar co xefe do posto da guardia civil.

No povo, no vello povo, soio quedaba el. As outras familias, unha a unha, fórano abandoando. As casas do povo estaban todas abandoadas. Os moradores arrincaran portas, fiestras e incruso os marcos. O silencio do povo era fondo, espeso; daba a sensación de que se podía cortar cun coitelo. O povo abandoado era a máis xusta imaxe da desolación e da morte.

O Xefe Adeministrativo ó pardecer colleu o seu auto e, dendes das oficiñas, dirixíuse ó povo.

El sentíu o ruxido do auto do Xefe Adeministrativo e tomou as suas medidas.

O Xefe Adeministrativo deixou o auto no comenzo do povo. Dirixíuse a pé deica a casa del. Cando o Xefe Adeministrativo abríu a porta da entrada da casa, viuno a el ó pé da escaleira, coa escopeta apuntando cara a porta. Cando o Xefe Adeministrativo quixo recuar xa non puido. Nin tampouco puido escoitar a verba que el dixo ó disparar:

—¡¡¡Ladrón!!!

MANUEL MARIA

ELOGIO DE LA LENGUA GALLEGA

O presente discurso en "Elogio de la lengua gallega" foi escrito por Lago González pra ser lido na solemne sesión inaugural da Academia Gallega, celebrada na Cruña o 30 de setembro de 1906. Na mesma Sesión léronse outros discursos —de Murguía, de Carré, de Saralegui— e comunicaciós da condesa de Pardo Bazán e da "Asociación iniciadora y protectora de la Academia Gallega", cuias firmas aparecen encabezadas por Curros Enríquez. Todos ises discursos e comunicaciós foron escritos —e lidos, craro está— en castelán, apesar de que en case todos iles se declara con gran énfasis que unha das finalidades máis importantes da nova Academia é xustamente o estudo, recolleita e unificación do noso idioma. Cantos participaron na solemne sesión inaugural da Academia Gallega fixérono utilizando a língoa castelá. So os poetas —Pondal e Barcia Caballero— participaron na língoa cuio estudo e defensa era principalísima razón fundacional da Academia. Nada menos que a gabanza da mesma língoa galega fixose, como vemos polo discurso transcrito, en castelán, apesar de ser Lago González un bó conocedor e cultivador da nosa língoa.

Damos todos istes datos siñificativos pra que sirvan de antecedente ilustrativo a cantos individual ou coleitivamente, se dirixen frecuentemente a GRIAL *preguntando pola función da Academia Galega en relación coa nosa língoa ou, ás veces, manifestando reproches contra a Academia por considerar que non cumple adecuadamente coa súa finalidade en orde ao estudo e defensa do idioma. Como conocedores do esprito que anima internamente á nosa Academia, queremos facer presente a todos os que a critican que unha das dificultades que tuvo que vencer foi mesmamente o peso desta tradición que arrinca do solemnísimo intre fundacional e que foi cultivada e consagrada polas esgrevias persoalidades fundadoras e reitoras da Institución durante longos períodos da súa historia. Frente a esta contradición inicial, que se foi convertindo en norma, podemos opór o feito de que na aitualidade a língoa usual da Academia nas súas deliberaciós corporativas e nas súas comunicaciós internas ou intra-galegas é o galego, como tende tamén a selo nos discursos de ingreso dos novos académicos e nos traballos destinados ao "Boletín" da Corporación.*

Señoras y señores:

Permitidme que levante mi voz entre vosotros en el día solemnísimo en que inaugura sus trabajos literarios la Real Academia Gallega, dentro de este recinto en que late de júbilo el corazón de Galicia, y brilla y fulgura el sol esplendoroso de su gloria. Voy a hablar ante la ilustre autora de las áureas páginas de *San Francisco*, para cuyo talento son escasos los elogios que se le han tributado en todas las lenguas oultas, y ante los historiadores y literatos que son timbre y honra purísima de las letras

de mi patria, porción escogida a quien está encomendada la obra generosa de coronar el monumento de su Literatura y de su Historia, y quisiera que mi palabra fuera digna de vosotros y no sonara en vuestros oídos desaliñada y tosca como de quien está avezado a los estudios áridos y no a la dulce y regalada labor de la composición literaria.

Por fortuna para vosotros será muy breve mi discurso, aunque el asunto merecería larga y elocuente disquisición, adornada con las más ricas de la Retórica. Se ha constituido esta Academia para estudiar juntamente con la Historia y la Literatura de Galicia, la lengua dulcísima que pronuncian nuestros labios, esta lengua que por su constitución íntima, si bien no por su desarrollo en el campo de las letras, me ha parecido siempre (y perdonadme si juzgáis que exagero) las más hermosa de las lenguas neolatinas y aun acaso la más bella de cuantas se hablan en el mundo. Y yo creo, señores, que será de vuestro agrado un elogio de esta lengua gallega, desconocida de muchos españoles y despreciada por otros, maltratada por algún literato eximio a quien le eran familiares idiomas extranjeros y a quien deben las letras castellanas libros de transparente y plácido caudal, pero honrada con los estudios de otros literatos eminentes que todavía son honor de la lengua de Cervantes, y de sabios filólogos extranjeros que, al mismo tiempo que ahondan en los misterios de la glotología indo-europea, no se desdeñan de consagrar trabajo perseverante a desentrañar los tesoros del habla en que cantó el Rey Sabio los Loores de Santa María, y nuestra dulce Rosalía Castro las amarguras y alegrías de su corazón, la belleza de nuestros campos y vegas y los íntimos y delicados sentimientos del alma de Galicia.

Hablemos, pues, del idioma gallego.

Al descomponerse el latín vulgar de los primeros siglos medios, entre las luchas de la Reconquista española, mientras las lenguas antiguas de la península ibérica se apagaban casi del todo en los labios de nuestra raza, y con la sonora y rotunda del Lacio se mezclaban acentos germánicos y arábigos, nace en estas cumbres del Norte la lengua gallega, como si para crearla hubiera sido necesario que se juntaran y reunieran el hablar suave y misterioso de los celtas, el rotundo y magnífico de los griegos, el puro y brillante de los romanos, el rudo y enérgico de los suevos y los godos y el ardiente y apasionado de los árabes. Pero entre todos esos elementos prevaleció el latino, con su precisión y grandeza, semejantes a las líneas de la arquitectura de la Roma clásica, y de tal modo los domina y tan vigorosamente los funde todos que la lengua nueva, vaciada en aquel molde, conserva las bellezas de sus predecesores, limpia de sus defectos. Así igualó el gallego al griego en el uso del artículo, en la dulzura de los diptongos y en la viveza de las sílabas contractas; así imitó al céltico en la vaguedad misteriosa, a las lenguas germánicas en la fuerza y al árabe en la ligereza y brevedad de la frase; pero el latín era su alma y su corazón, y le dio a torrentes la vida y el vigor y el fuego de la elocuencia y la luz clarísima de una expresión exacta y perfecta.

El gallego primitivo, como todas las lenguas en su origen, no nos ha dejado monumentos. Hablábanlo nuestros abuelos antes que hacia las montañas cántabras y la llanura central se modulasen los primeros vocablos castellanos, y él influyó sin duda en la formación de esa otra lengua hermana que adquirió más tarde la hegemonía en la península, alcanzó la cumbre de la perfección en los versos de Fray Luis y en los períodos de Ribadeneyra, y forzando los límites del mundo conocido fue a servir

de vehículo de la civilización cristiana en las orillas del Orinoco y en las laderas de los Andes. Acaso alguna de las cántigas y alguno de los refranes que repite aún el montañés gallego tuvieron su nacimiento en aquella primera época de nuestro idioma regional. Poco más tarde aparece ya esta habla en los nombres propios de las escrituras latinas y en las frases de esos documentos en que el idioma de Cicerón pierde el hipérbaton clásico y hasta las desinencias antiguas, adoptando una morfología fácil y clara y una sintaxis sosegada y metódica, donde la precisión y el orden se hermanan a maravilla con la sonoridad y la dulzura. Pasa después a los documentos públicos, todavía conservados en rugosos pergaminos, y muéstrase ya hermosa y elegante en las canciones de nuestros viejos trovadores.

El descubrimiento de los antiguos cancioneros gallegos ha traído al campo de la literatura y de la filología románicas tesoros de valor inapreciable, que antes sólo nos era permitido vislumbrar en una frase del marqués de Santillana. Asombra y pasma señores, aquel movimiento literario de Galicia en la edad de los trovadores. Clérigos e hidalgos, pajes y escuderos rivalizaban en componer *decires y cantares de amigo,* trasmitiéndonos a veces restos de los cantares de gesta, de que es muestra bellísima alguno contenido en el "Cancioneiro da Vaticana" y esforzándose por expresar conceptos elegantes y discretos en aquellas candorosas estrofas de artificiosa trama, que huyen por desgracia del contacto con el lenguaje del pueblo, pero acrisolan y purifican la lengua, dotándola de filigranas y primores. No, no es más elegante ni más delicado que el gallego trovadoresco el provenzal de los *lays,* ni aventajan los poetas cortesanos de las trovas de Provenza a nuestros ingeniosos y discretos trovadores. El gallego va entonces a la cabeza de la literatura del Mediodía de Europa, y de tal modo absorbe las energías de la inspiración ibérica, que hasta los poetas del Cancionero de Baena rinden tributo a la lengua galaica y componen sus versos más primorosos en la lengua de Macías.

El enamorado poeta de Padrón, *cativiño* de su *tristura* lega al tesoro de nuestra literatura los afectos más tiernos engarzados en una forma bellísima, y Alfonso X, dejando a un lado sus trabajos astrológicos y su labor jurídica, labra los sillares de aquel monumento que se llama las *Cántigas.* ¿Qué maravilla es, señores, que al mismo tiempo se desborde la vena de la ya rica habla gallega por las páginas en prosa de la versión de la Crónica Troyana y nos deje aquí y allá felices muestras de una literatura jurídica, algunos trozos de traducciones de Fuero Juzgo y de las Partidas?

Con el predomonio del castellano desaparece por largo espacio el gallego literario, pero la lengua se conserva pura y evoluciona poco a poco en los labios de nuestros aldeanos, y, antes de surgir de nuevo ataviada con galas de fiesta, palpita de gozo sin duda viendo cómo la portuguesa, su hija, adquiere grandeza y cobra bríos para dar al mundo la epopeya de "Os Lusiadas", que con la gloria del reino de Don Manuel esparce por las naciones civilizadas acentos y palabras y frases nacidas en el corazón de Galicia. Era un gallego nuevo, un gallego transformado el que sonaba al otro lado del Miño y subía a las tablas con Gil Vicente y a los púlpitos con Vieira, pero gallego al cabo en su origen con la mayor parte de las bellezas de la lengua galaica.

Tras los esfuerzos aislados de algunos poetas del siglo XVIII, resurge el gallego en el XIX en las páginas de los que nuestro ilustre presi-

dente ha llamado *Precursores*, y entonces se vuelven de nuevo los ojos de los literatos a esta poesía sentimental y tierna, arrulladora y dulce, que como el *alalá* de nuestros campesinos cantado por el insigne Lamas Carvajal, el primero de nuestros compañeros que nos ha abandonado y para quien os pido una oración y un recuerdo, lleva en sí los murmullos de las aguas, los de las arboledas y todas las armonías del país y del alma gallega. Entonces adquiere el arpa de la lírica española la cuerda que la faltaba, pero no en la misma lengua de *La Araucana* y *El Bernardo*, sino en la suave y dulcísima de Galicia. Entonces compone Alberto Camino su "Desconsolo", Añón su "Magosto", Pondal su "Campana d'Anllóns", Valentín Lamas pinta con rayos de sol otoñal su cuadro de la "Vendima", y desde la orilla del Sar remonta sus alas cubiertas del rocío de la aurora e iluminadas con la luz de nuestras rías aquella poetisa maravillosa, cuya alma parece estremecerse de continuo al soplo de una inspiración celestial.

Perdonadme, señores, perdonadme si termino este breve discurso recordándoos que lengua que cuenta con tal larga y noble historia, que de tal modo brilla en monumentos literarios de fama universal, que cuenta con abundantísimo caudal de poesía popular, y que tan admirablemente conserva condiciones de perfección originaria no igualadas por otros idiomas era digna de la atención que va a consagrarle la Academia Gallega. Y ya que dichosamente formáis parte de ella los más preclaros representantes del renacimiento de Galicia, señores, no desmayéis en la empresa. Esa lengua os pide que continuéis honrándola; sean, pues, las coronas que entretejáis con las flores recogidas en sus amenos jardines honra perdurable de vuestros afanes.

He dicho.

MANUEL LAGO GONZÁLEZ

UN XOVEN DOCTOR DO XIX

Niste día gris, intimista, unha lus nada nas pedras e das nubes, hoxe, case sempre en Compostela irmáns, un anceio prudente de craridade, de lóxica, lévanos á Quintán. Nin siquera albiscamos en nós unha intención de definir o teatro ofrecido pola pedra sin tempo ó decorrer, o dramático decorrer entrana do tempo en cuio sucedere consiste a súa sustancia. Vaise á Quintán pra moitas confirmaciós. É un recinto probático. Impón caraiter como a crausura. Nela próbase a hora, o ritmo do chover; nela, grande ferrado dos trigos do tempo, son confirmadas as sazós. Pro non sempre o procurado por nós é concedido polo xenio gostoso de probremas e de novedás da praza, criada cun particular senso dos xogos inteleituás da lus e do esprito. E cando era nosa teima fortecer a nosa levián prudencia e lóxica —hai unha sinxela e rexa elegancia, deportiva i esixente nela— nas pedras ordeadas cecais como intentos de categorías, acontecéu que delas nos veu unha imaxen lonxana: a do Dr. Fontán mozo, case estudante, xa doutor e mestre naquelas matemáticas estoicas e neoclásicas que tiveron o seu Boileau e os seus rodos de castidade maxinativa, lucente, cristaíña, antre o balbordar ou o bico aloucado ou delorido da fantasía. Como as grandes proposiciós da Quintán ca chuvia doncel.

Fontán, Don Domingo Fontán. Un petrucio, un senador da ciencia. O seu retrato por Esquível espalla unha dina fidalguía de maorazgo da ciencia. Pode calcular as figuras compostas pola lonxáa e raiolante álxebra das estrelas, e as posiciós dos navíos antre as illas do coral e os primeiros albesceres da esfinxe do Polo Sur. Ten algo de Coock e de Manpertuis. Un idealismo severo, matemático, avencellado en autoridade. Pois pode fixar a situación. A faiscante metáfora da torre do reló, a dozura sáfica e adónica dunha aldea do Salnés, o roteiro do navío grave i empelucado que boga prás Antillas, están apreixados polo cálculo. Cede a poesía pastoral e a oda entusiasta. Os seus epítetos brilan i esmorecen como estrelas de fogueteiro diante a rixideza das coordinadas. Hai na esencia método somellante ó da arte neoclásica. Fixar as cousas por lonxitude e latitude é como un traballo en parque real, siñifica a seguridade do arte do escultor, un paso máis pra aquela desexada interpretación matemática do mundo.

Mais, o maxinar xoga con outras categorías de lembranzas. Iste doutor de meridianos, dino de conversare con Cassini no Xardín de Plantas de Paris, foi estudante de Súmulas escolásticas barrocas con refrexos de espellos de Arquímedes no latín e no desenrolárese dos sistemas de ecuación con espallar raiolante de auroras do norte unha doce e vagorosa promesa do cántico das esferas. De rapaz maxinaba ó bispo Caramuel oficiando de pontifical na catedral dun universo de fórmulas espresadas en frases musicales ó frente do cabidoo e coro das corenta e catro ciencias matemáticas. E cecáis tremóu ca groria do grande e xiado demo do norte, Swedenborg, máis aló do lazo conceitual do calvinismo, demostrando os teoremas das almas despóis do postulado da morte. E tiña traballado, como

labourando e dourando retábulos, a Retórica. Diante do outono, raxado de mucetas e hábitos de craustro, o dia de San Lucas tiña guiado con arte o botafumeiro de nubes ulentes de epítetos do discurso de empezo de outras sazós académicas. Moitos "lucus" de poesía, e o esdenoso i envexado tribunal dos hermeneutas da lei, invitábanno. Pro non hai dúbida que dende mociño quixo irese paseniñamente ceibando do brilante e fuxidío. Ademirando a voz dunha dona cantando unha aria de Metastasio, procuraba a lei matemática do sonido como se lle traslocía a figura do poliedro na valente Barbanza, e o serán apaixoado sobre o adeus do Umia se lle ordeaba en probremas de seiciós cónicas... Houbo un noviciado. Ensoaba co pracer das fantasías algorítmicas do sonado Viedta, polo P. Feixóo gabado como un monxe tremando non ser merecente de rubir unha estaxe máis do castelo da ialma.

Ós vinte, ós vintedous, aínda o cabelo en trenza i empoeirado, a leituguina branca, a media sedán, envolveito na capa manteo clerical e manto de voos namoradeiros ou encubridores de segredos, o mozo mestre si cavila na forza do argumento de Locke como o seu amigo o cadeirático de Concilios, e non esdena unha bágoa rousseauniana, procura nas fórmulas arquitectónicas un dorismo; na política aquela operativa matemática, os tempos, e asegún eixes concomitantes e separados, do sentir dos poderes de Montesquieu; no ensiño o ideal de que cada alumno, en troques de apañar fuxidías cabeleiras no espello das augas, procurase o narcisismo da ecuación óptica; na paisaxe, espindo ó coto do seu carrick abrigoso de outono e á praia do anceioso desexar do bico cedo i engaiolador da escuma riseira, o desvelárese da cúpula choída, e no latexar dos arcos o ledo feitío da costa.

E por iso, a súa frente, o seu enxergar, desvelaban as cousas. O fino amante de Galicia non teméu mancala si, despoxándoa do dengue e da muradana do tecido da vida e da historia cos seus brincos e colares de arte, poidera dibuxala crara e núa. Como un proieito "a posteriori". Maxinámolo paseando pola Quintán —entón máis acompañada, polas cobas— calculando as vías da demostración do muro de San Paio, afastando da catedral os cansos velos barrocos, fixándose no xardín de froles e ramos xeométricos que coroa os ousos coma os modelos deixados no obradoiro dun grande arquiteito. I ensoóu unha Compostela ergueita conforme aqueles arquetipos. E de entón, xa disposto ca consagración dunha vida, pensóu o "Carta Geométrica". Si estón caieu, como en saúdo e sacrificio, a hora, o doutor do 93 da matemática clásica tivo a friaxe e o quentor dunha emoción relixiosa. Pois como Laplace, como Newton, como Herschell, alentaba nas primeiras verbas do "Génesis" e pensaba a Deus facendo o mundo intelixibre polo intermeio dunha divinal rede de triangulaciós como il teimaba, cheo de sereo respeto, facer a tola, contraditoria realidade da Galicia intelixibre polo método dunha boa triangulación.

R. OTERO PEDRAYO

"O CEMITERIO MARIÑO" DE PAUL VALERY

No mes de xulio diste ano cumplironse vinte dende o pasamento de Paul Valery. Nacera o poeta no outono do 1871 en Cétte (Hérault), dediante do Mediterráneo, en pleno Golfo de Lyon, e finóuse no 1945.

Do lugar do seu nacemento, e do amor que por el sentía, falara un día o propio Valery: "Teño nado nun porto de importancia meia, situado no fondal dun golfo, na aba dun outeiro, cuia masa penedosa sobresae da liña xeneral da costa. Velahí o meu lugar de orixe, sobre do que direi, con inxenua reflesión, que é un deses sitios no que me gostaría nacer. Síntome satisfeito de ter nado nun punto así, no que as miñas primeiras impresiós foron as que ún recibe frente da mar e no meio da aitividade dos homes. Non hai pra min espeitáculo que se poida asomellar ó que se dexerga dende unha terraza ou dende unha solaina ben situadas sobre dun porto...".

Eiquí, en Cétte, pasa Valery os días da nenez e adeprende as primeiras letras. Máis tarde vai estudar a Montpellier, e posteriormente marcha a París. A pouco de chegar a esta cidade revela as súas condiciós literarias, i emprincipia a colaborar en revistas de avangarda. Conoce daquela a Pierre Louys e a André Gide, e frecuenta o sonado comedor de Mallarmé...

De súpeto, abandona toda aitividade literaria. Dende 1896 a 1917, Valery non publica nada. Matina, pensa, escribe pra sí soio, esquécese das revistas e dos editores, e vive "avec son esprit, devant son esprit".

Sobre deste Valery illado e silandeiro, deixóunos André Gide un vivo e siñificativo retrato: "Valery vivía en Paris, rue Gay-Lusac, nun pequeno cuarto no que parecía que o único moble fose unha grande pizarra moura, dediante da que Valery pasaba horas enteiras solucionando áridos problemas que adoitaba espoñerme de xeito vertixinoso cando eu o ía ver. Tamén esborranchaba con deseños, fórmulas i ecuaciós, a semellanza de Leonardo de Vinci, grosos cadernos nos que podían mirárese case máis números e siños alxebraicos que palabras".

Nefeito, durante a época que Gide evoca, Valery adícase afervoadamente ós estudos matemáticos, físicos e filosóficos, destilando a súa poesía en complexas alquitaras, como un doito demiurgo. Neses vinte anos que pasa a soias consigo mesmo, anda a limpar de impurezas aquela poesía; edifica e reitifica a súa arquitectura interior con todo esmero i esaititú; estuda as formas e a eficacia das súas pedras... E borrando, "borrándose", con maravillosa e fecunda homildade... vai forxando o seu musical instrumento, pra ser logo o que "podía" ser...

Daquel tempo de reconcentración, habíanos decir o poeta: "Fixenme unha poesía privada de espranza que non tiña outro fin, nin case outra lei, que o de me constituir un xeito de vivir comigo nunha parte das miñas

xeiras. Non concebía que tivese cabo, e impúñame abondas condiciós pra atopar co eso materia axeitada a un traballo ilimitado".

Cando despóis do 1917, Valery reingresa na vida pública editando un tras doutro varios poemas, en particular *La Jeune Parque* e *Le Cimetière Marin,* o mundo ficóu pasmado. Valery aparecía ós seus ollos como un grande artista que domeaba de xeito escelso a téinica do verso; pero aparecía, ó mesmo tempo, como pensador difícil i escuro. A xente case non comprendía o senso xeneral de cada un de aqueles poemas, pero entusasmábase polos pasaxes i estrofas máis musicás, maravillándose coa súa armonía.

O poeta tiñase revelado, certamente, como un deses músicos que compoñen na quietude e no silencio. Nembargante, as súas, eran máis que creaciós musicás. Baixo da beleza da forma, baixo do esquisito arte da espresión, latexaban unhas ideas, un pensamento, que nos intres de meirande frebe valerysta pasaron desapercibidos. En *La soirée avec monsieur Teste,* especie de matinación sobre do home, aparez xa graburada case a fogo a que ía ser preocupación fundamental do poeta: "a necesidade de método, de orde, de rigor científico"; o arrepío ó valeiro, ó vago, o impreciso; a repelencia por esa craridá aparente coa que se satisfai a maoría dos homes, e que é fonte dos seus erros porque escusa ou falsea os problemas.

En "A velada co Sr. Teste", como asimade no poema "A xoven parca", dixo Valery, en xeneral, aquelo que nel—ben en prosa ou en poesía enimática—privaba en senso de construciós inteleituás puras. A súa composición en prosa "A ialma e a danza" sinala a súa época de estudo do home en creación artística a traveso da danza que, xunto coa música e a arquitectura, ousesionouno estéticamente durante toda a súa vida. Naturalmente, faino eiquí tamén baixo do ángulo do inteleito, pois sería difícil supoñer que nono fixera así, inda que o inteleito esteña agora irisado, e, ás veces, extasiado.

Este traballo está escrito no estilo e forma de diálogos filosóficos gregos, coa evocación de persoaxes conocidos das obras de Platón. Sócrates é o persoaxe central e, como había que supoñer, o persoeiro de aquel inteleito *puro pero non estéril,* co que, asegún Valery, se crea todo o artístico e se reflesiona todo o científico.

Mais o que lle dá sona a Valery e provoca moitedume de homenaxes na súa honra, despóis de vinte anos de soedade e silencio, é outra cousa. Si a súa obra ten unha afervoada acollida, é polo que hai nela de musicalidá, pola suxestiva armonía do verso. Así, chega un intre no que os bibliófilos percuran as primeiras ediciós dos libros do poeta; os críticos móstranse unánimemente encomiásticos; a propia Academia Francesa noméao pra ocupar a vacante de Anatole France... Con todo, Valery se non deixa engaiolar polo ambente que o arrodea. Frente a tal demostración, poseía unha boa arma pra se abroquelar e asegurar a súa soedade: a ironía. Pesie a eso, aló polos anos 30, Valery mírase envolveito nunha atmósfera de snobismo que chega a desformar a súa persoalidade, tanto como o senso da súa obra.

De calquer xeito, a autenticidá desta obra remata por se impoñer. Trátase dunha poesía replegada, con luces de esmeralda na sombra, que desprende mellor o seu recendo "ó anoitecer", "na soedade", pra quen seipa dexergar e percibir a súa beleza.

Quizaves a costrución poética valeryana máis representativa, de máis puras xeometrías, seña *O Cemiterio mariño*. Nela sopla o vento musical máis entoado e resprandece aquel sol, co alento da mar e do ceo, que son ás deidades máis amadas por Valery. Estamos, sin dúbida, dediante dunha grande partitura, fondamente traballada, cernemente arraigañada no seu creador. Os fermosos meandros, as inagardadas circunvolucións xoemétricas, xunguidos polo fío da emoción, emprestan ó poema un singular engado. O pensamento do poeta amosa, ó longo das estrofas, unha rexa consistencia; pero éstas móstranse, asimade, maravillosas na retórica, no idioma. Emporiso son tan difícilmente traducibres. Si o poema no que ten de idea, de linguaxe ausoluta, non ofrece graves dificultás para a versión, revélase árduo e perigoso si quere conservar ou equivaler a pel ricaz das súas sílabas fonéticas, das súas resonancias de tradición retórica.

Considerados éstes incomenentes, fixemos coa meirande fidelidá posibre a tradución que agora publicamos. Pensamos que se trata da primeira versión galega do sonado poema de Valery. Cando menos, non sabemos de outra que se teña dado a conocer.

SALVADOR LORENZANA

O CEMITERIO MARIÑO

Cuh, miña alma, non aspires á
vida eterna, mais esgota o campo do posibre.

PÍNDARO, *Poética III*

Ese teito tranquío, por onde van as pombas,
Latexa antre os piñeiros, antre as campas;
O meiodía xusto acende en fogos
A mar, a mar, de cote renovada!
Ouh, recompensa, após dun pensamento,
Longo fitar sobre a calma dos deuses!

Qué enxebre traballo de brillos consume
Tanto diamante de imperceitibre escuma
E cánta paz semella concebirse!
Cando apousa un sol sobre do abismo,
Obras enxebres dunha causa inmorrente,
Escintila o Tempo e o Soño é sabencia.

Tesouro estabre, templo de Minerva,
Masa de acougo, dexergabre reserva,
Auga anzoada, vexo que en tí escusas
Tanto de sono baixo un véo de chama,
O meu silencio!... Edificio na ialma,
Mais cume dourado de mil tellas, Teito!

Templo do Tempo, que un salaio resume,
Rubo a este punto puro e acostúmome,
Todo envolveito no meu ollar mariño;
E como ós deuses, miña ofrenda suprema,
O escintilo do sol seréo sementa
Sobre a altitude un soberán desdén.

Como en goio o fruito se desfai,
Como en deleito troca a súa ausencia
Na boca onde a súa forma morre,
Eu respiro eiquí o seu futuro fume,
Cando o ceo canta á ialma consumida
O troque das ribeiras en marmurio.

Belo ceo, ceo verdadeiro, mira como cambio!
Despóis de tanto orgullo, despóis de tanta estrana
Folganza, mais chea de poder,
Eu abandónome a este brillante espacio,
Por riba das campas a miña sombra pasa
E afaime ó seu moverse fraque.

A ialma esposta ós fachos do solsticio,
Eu enfróntote, admirabre xusticia
Da lus armada sin piedade!
E devólvoche nidia a túa orixe:
Albíscate! Mais restituir a lus
Supón de sombra unha mitade morna.

Ouh pra min soio, soio a min, en min,
Xunto do corazón, nas fontes do poema,
Entre o valeiro e o puro acontecer,
Do meu grandor interno o eco espero,
Mergurada, sombriza e sonora cisterna,
Cóncavo son na ialma, porvir sempre.

Sabes tí, cautivo das follaxes,
Golfo manxador destes finos enrellados,
Craros segredos para os meus ollos cegos,
Qué corpo me impula ó seu fin preguizoso,
Qué fronte o atrague a esta terra de ósos?
Un escintilo eiquí pensa nos meus ausentes.

Pecho, sagro, cheo dun lume sin materia,
Anaco de terra oferecido á lus,
Práceme este sitio, dominado de fachos,
Composto de ouro, de pedra e alcipreses,
Onde tanto mármore treme sobre sombras,
O mar fiel dorme eiquí sobre os meus sartegos!

Cadela espléndida, afuxenta ó idólatra!
Cando, sorriso de pastor, senlleiro,
Pasturo carneiros misteriosos,
O branco rebaño de tranquías campas,
Alonxa del as pombas temerosas,
Os soños ocos, os anxos abelludos!

Eiquí chegado, o porvir é desmacelo.
O inseito nidio esgaravella a sequedá;
Todo está queimado, desfeito, e no ar
Pérdese en non sei qué severo sangue...
A vida é vasta, cando bébeda de ausencia
Faise doce acedume e craro esprito.

Os mortos están ben baixo esta terra
Que os aquece e reseca o seu misterio.
Meiodía no outo, meiodía inmóvil
Pensa en sí e convén a sí mesmo...
Cabeza compreta e perfeita diadema,
Eu son en tí o segredo troque!

Ti non tes máis que a min pra conter os teus medos!
Os meus remorsos, limitacións e dúbidas
Son a falla do teu grande diamante...
Mais na súa noite toda chea de mármores,
Un pobo vagante antre raíces de arbres
Ten tomado xa o teu partido mainamente.

Esleíuse nunha ausencia enmestecida,
Bebeu bermella arxila a branca especie,
O don de vivir ten ás frores pasado!
Onde están, dos mortos, as frases familiares,
A arte persoal, as almas singulares?
A larva tece onde xurdían as bágoas.

Os risos agudos de coxigosas mozas,
Ollos, dentes, pálpebras molladas,
Seo embaído a xogar con lume,
Sangue que brilla nos labres que se renden,
Dons derradeiros, os dedos que os defenden,
Todo se enterra e ó xogo outra vez volve!

E tí, gran alma, cecáis un soño esperas
Que non terá daquela as córes da mentira
Que ós ollos de carne a onda e o ouro amosan?
Cantarás cando señas vaporosa?
Camiña! Todo fuxe! Miña presencia é porosa,
A sagrada impaciencia tamén morre!

Erma inmortalidade negra e de ouro,
Consoadora arrepiadamemente laureada,
Que fas da morte un seo maternal,
O belo engano e piedosa solercia!
Quén non coñece, e quén non os refuga,
Ese cráneo valeiro e o rir inmorredoiro!

Páis fondos, testas deshabitadas,
Que baixo o peso de tantas paletadas,
Sodes terra confundindo os nosos pasos,
Verdadeiro rillador, irrefutabre verme
Non esiste pra vós que dorme baixo a lousa,
Ele da vida vive, e non ma tira!

Amor, quizaves, ou a min mesmo odio?
Sin escusado dente está de min tan perto
Que calquera nome lle pode convéñir!
Qué importa! Il ve, il quere, il soña, il toca!
A miña carne prácelle, e até no leito,
Vivo de pertescer a este vivente!

Zenón! Cruel Zenón! Zenón de Elea!
Ferícheme ca túa frecha alada
Que vibra, voa, e que non voa nunca!
O son enxéndrame e a frecha mátame!
Ah! o sol... Sombra de tartaruga
Prá ialma, Aquiles quedo e tan lizgairo!

Non, non!... En pe!... No intre sucesivo!
Creba, o meu corpo, esta forma pensativa!
Bebe, meu scio, o nacer do vento!
Un frescor, que do mar xurde,
Devólveme a ialma... Ouh poder salgado!
Corramos á onda pra vivir de novo!

Sí! Gran mar dotado de delirios,
Pel de pauteira e clámide furada
Por milleiros ídolos do sol,
Hidra ausoluta, bébeda da túa carne azul,
Que mordes a cauda escintilante.
Nun boureo ó silencio parello.

O vento érguese!... compre tentar vivir!
O ar inmenso abre e pecha o meu libro,
A vaga en pó ousa saltar das rochas!
Voade, páxinas deslumeadas!
Rompede, vagas! Rompede augas ledas
Este teito tranquío onde bicaban foques!

PAUL VALERY

A ARBRE

Auto en tres esceas e un epílogo-prólogo

Toda a decoración redúcese a unha arbre ergueita no meio da escea. Telón de fundo.

ESCEA I.ª

En 1908

Arbre frorida.

O home, de vinte anos de idade, está a esperar, á direita, a dous metros de distancia da arbre. É un elegante cabaleiro. A muller, de dazaoito anos de idade, entra pola ezquerda. É unha elegante señorita. O home vai correndo ao seu encontro. Diálogo ao pe da arbre.

O HOME.—¡Señorita! ¡Señorita! ¡Por fin! ¡Por fin a atopo! ¡Cántos séculos agardándoa! Mais, ¿qué importan os séculos de agarda? Agora xa está vostede eiquí, e me oi, e podo lle decir que a amo. Sí, ámoa. É primavera. Hai gomos nas arbres, e os corazóns frorecen. Señorita, non podo vivir sen vostede. Amercéiese do seu fiel escravo, do seu escravo sumiso. Un doce sí dos seus labres de framboesa, e a vida será pra min un paraíso.

A MULLER.—Cabaleiro, debéu vostede se dirixir á miña mamái.

O HOME.—¿Á súa mamái? ¡Ah, sí! Sen dúbida. Dirixiréime a ela. Pero nistes intres, señorita, é a vostede a quen me dirixo. Porque é a vostede a quen amo, e non á súa respetabre mamái. Dignísima dama, por outra parte, á cal, inda que non teño o gosto de coñecela, estóu disposto a render a homaxe da máis filial ternura. Ah, señorita, concédame o seu amor, suprícollo. Ámoa, señorita, ámoa. ¡Meu amor! ¡Meu amor querido! Ámeme vostede un pouco, por favor.

A MULLER. ¿Qué idade ten vostede, cabaleiro?

O HOME.—Vinte anos, meu amor.

A MULLER.—¿Profesión?

O HOME.—Tezo tapices cos fíos das bágoas que derramo cando vostede me non olla; apacento años cos lirios que frorecen no meu corazón cando vostede me sorrí; compoño valses coa música dos salaios que as súas ausencias arrincan da miña alma.

A MULLER.—¡Ai! Tres oficios. ¡E qué bonitos!

O HOME.—¿Góstanlle, meu amor?

A MULLER.—¿Saberá vostede tecer fitas pra o meu cabelo?

O HOME.—Sí.

A MULLER.—¿Poderá vostede coidar dos rebaños nunha granxa?

O HOME.—Sí, sí.

A MULLER.—Entón...

O HOME.—¿Entón?

A MULLER.—Meu amor: esperábate desde que me puxen de longo; e inda antes de facer a miña primeira comunión; e cando era un soño no corazón da miña nai; antes do tempo, desde a eternidade. Eu pra tí, tí pra min. Son túa.

O HOME.—Oh, miña amada: ¿qué importan os séculos de espera pra o que nun minuto se embriaga de eternidade? (*Van a se bicar*).

A MULLER.—¡Ai!

O HOME.—¿Qué che ocorre, meu amor?

A MULLER.—Esquecíame unha cousa. A primavera volve tola a unha. Meu Deus, qué disparate ía cometer. Cabaleiro, non hai nada do dito. Síntoo moito. Ao erguer o meu rosto cara vostede, vin as frores dista arbre. As frores dista arbre son brancas, como o azahar. O azahar é a fror das noivas. Eu teño noivo. Cásome pasado mañá. É un partido que me buscóu mamái. Non tece, non apacenta, nen tanxe a rabeca. Oh, se non pode comparar con vostede. Non ten vinte anos. Me non gosta. Lle non quero. Mais é un partido que me buscóu mamái. Síntoo moito. Estóu moi triste. Choro. Pero non teño máis remedio que obedecer a mamái. Figúrese qué escándalo. As monicións, os regalos, o traxe de boda. Ai qué mágoa, qué mágoa meirande. Ten que me dispensar. Páseo vostede ben. (*Váise pola ezquerda*).

O HOME.—¡Ai!... Foise, en fin... Como o ronsel no mare, no meu corazón deixa amarga escuma...

(*Tebras*)

Escea 2.ª

En 1928

Arbre con follas.

O home, de cuarenta anos, está a esperar, á direita, a un metro de distancia da arbre. Viste con sobria correición. A muller, de dazaoito anos, entra pola ezquerda, cunha sombriña aberta. É unha elegante. Deténse ao pe da arbre e pecha a sombriña. O home, ao paso, achégase á muller.

O HOME.—A natureza ten feito xurdir eiquí pra vostede a máis fresca sombriña.

A MULLER.—¿Pra min soa?

O HOME.—Á sombra da arbre ben están sempre dous.

A MULLER.—É o número máis bonito.

O HOME.—O dous é só unha aparencia. Todo tende á unidade. Só se facendo un, poden dous ser felices.

A MULLER.—¿A fórmula?

O HOME.—O amor.

A MULLER.—Ja, ja, ja.

O HOME.—¿Rise?

A MULLER.—¿E vostede escritor, poeta?

O HOME.—Sí.

A MULLER.—¿Cómo se escribe a risa?

O HOME.—Jota castelá a. En alemán sí.

A MULLER.—¿Sabe vostede alemán?

O HOME.—Agora está de moda.

A MULLER.—¿É bonito?

O HOME.—Non tanto como vostede.

A MULLER.—¿Góstolle?

O HOME.—Sí.

A MULLER.—¿Nada máis que sí?

O HOME.—É o máis fremoso monosílabo.

A MULLER.—¿Quén é vostede?

O HOME.—Quen a ama.

A MULLER.—¿Desde cándo?

O HOME.—Desde sempre.

A MULLER.—Espero que non seréi o seu primeiro amor.

O HOME.—Todo amor é o primeiro.

A MULLER.—¿E o derradeiro?

O HOME.—Tamén.

A MULLER.—Fai moito calor.

O HOME.—Cobéxanos a arbre.

A MULLER.—¿Qué clase de arbre é?

O HOME.—Nada sei de botánica. ¿Unha macira, unha figueira?

A MULLER.—¡Deben ser dúas cousas moi distintas!

O HOME.—¿Qué importa iso? Á súa sombra frorecen o home e a muller.

A MULLER.—¿Cántas veces ten frorecido vostede á sombra da arbre?

O HOME.—¿E vostede?

A MULLER.—Síntome frorecer por vez primeira. Supoño que é influxo das súas imaxes.

O HOME.—Que haxa unha raíz de profunda verdade nisas palabras lixeiras. Deixe madurar ao seu corazón baixo o sol peneirado pola folla. Quíxena sempre. Quéirame desde agora.

A MULLER.—¿É tan doado querer?

O HOME.—Sí, querer é fácil. O difícil é ser querido.

A MULLER.—Pra min é ao revés, polo que vexo.

O HOME.—Venza vostede a dificuldade.

A MULLER.—Non sei qué facer. A súa voz sóame ben, pero é moi grave. Ten un ritmo solemne.

O HOME.—Déixese abalar por ela.

A MULLER.—¡Xa non son unha nena!

O HOME.—¡Meu Deus! ¡Só ten vostede dazaoito anos!

A MULLER.—Xulieta non os compríu xamáis.

O HOME.—¿Poderá me querer? ¡Diga!

A MULLER.—Ai, non sei se poderéi. Xa que me chamóu nena, ature

as miñas impertinencias. Desfollo todos os días a margarida do amor. ¿Vostede ou o meu primo? O meu primo non ten a seguranza de vostede. Fálame con voz balboante. É tamén un neno. A voz díl me non abala, me non adormenta, como a de vostedes. Ao contrario, espértame, fíreme. ¿Cómo acabará isto?

O HOME.—Temo que acabará mal.

A MULLER.—¿Por qué?

O HOME.—Porque o seu primo nos olla con ar inamistoso.

A MULLER.—¿Qué dí vostede?

O HOME.—Olle cara a ezquerda. Na terraza de aquil café, baixo o toldo. Ten os ollos cravados en vostedes.

A MULLER.—¡Meu Deus! É verdade. ¿Vostede coñeciao?

O HOME.—Os primos coñécense fácilmente.

A MULLER.—Saúdanos.

O HOME.—Corresponderémoslle. (*Tira o chapéu*).

A MULLER.—¡Ah!

O HOME.—¿Qué?

A MULLER.—Ten vostede un comezo de calvicie e algunhas cañas.

O HOME.—¿Sí?

A MULLER.—Oh, mais se non ofenda. Resulta moi interesante.

O HOME.—Gracias.

A MULLER.—¡O que debe de estar raibando o meu curmán!

O HOME.—¿Sí?

A MULLER.—S. Elo divírtime. Ja, ja, ja.

O HOME.—¿Rise?

A MULLER.—Sí; pra que il raibe. Chamóume vostede nena. Son niñarias. Vaia, dígame vostede cousas graciosas. Quero me rir máis unha vez.

O HOME.—¿Pra que o seu primo raibe?

A MULLER.—Xustamente. Góstame moito facelo raibar.

O HOME.—E me atormenta a min.

A MULLER.—¿A vostede?

O HOME.—Vaia, desfolle vostede a definitiva margarida.

A MULLER.—¡Qué serio se ten posto vostedes! Me non gosta tanta seriedade. Son demasiado nova pra ser seria. E sinto ter que rematar ista conversa. Teño moito calor. ¡Craro, como que mentras estábamos a falar, a sombra da arbre ten virado, i estóu a pleno sol! Non convén á miña pel. O toldo do café é máis seguro. Vou me sentar co meu primo. O pobre está desexándoo. Convidámolo a unha horchata. ¿Quer vostede nos acompañar?

O HOME.—Refugo obrigado.

A MULLER.—Pois fique vostede con Deus. Boas tardes.

O HOME.—¿Volveremos a nos ver?

A MULLER.—Non. (*Vaise pola ezquerda*).

O HOME.—Era o sol a esperada margarida.

(*Tebras*)

Escea 3.ª

En 1948

Arbre despida.

O home, de sesenta anos, con vestidos raídos, apoiado na arbre. A muller, elegante rapariga de dazaoito anos, entra pola ezquerda. Leva un paraugas pechado. Diálogo baixo a arbre.

O HOME.—Señorita.

A MULLER.—¿Qué desexa vostede?

O HOME.—¿Qué desexo? O non sei. Que se deteña vostede un intre; que se alonxe devagar; que poda vela, nena. ¿Cál é a súa idade?

A MULLER.—Pois dazaoito anos.

O HOME.—Sí. Eu teño sesenta. E andiven na percura de vostede ao traveso do laberinto do tempo, baixo arcos de silenzo, de repulsa e de esquecimento. Nena: vesme un vello, óllasme con piedade. Mais se soperas qué terribre destino é o meu, cicáis me ollaras con medo. ¿Por qué o amor, que semella feito pra dar a felicidade, danos a dor en troques? Nena: ¿tés amado tí?

A MULLER.—Bo anciano: se ten ganas de palique, o non podo compracer. Levo presa.

O HOME.—Escóitame. Non son un anciano.

A MULLER.—¿Non?

O HOME.—Non. Nen ti és unha nena. Somos só un home e unha muller. ¡Oh muller, anverso de Deus, soño do varón, fror da miña carne: oime! Ámote. ¡Araxes que se enleian nos seus bugres, estrelas que se miran nos seus ollos, cetros de lirio que branden as súas mans de raíña: vós non a amades coma min! Muller, dame a túa man. (*Cóllella*).

A MULLER.—Señor, déixeme ir. Teño frío.

O HOME.—Eu ardo.

A MULLER.—Señor: é inverno. ¿Qué fai vostede ao pe dunha arbre núa? Ande, váiase á casa. ¿Ten netas?

O HOME.—Non teño neta, nen filla, nen esposa. Estóu só.

A MULLER.—¡Vaia. Síntoo. ¿Vive nun asilo?

O HOME.—Tí és o meu asilo, o meu hospital e o meu tempro. É inverno. Acóllame o teu lar.

A MULLER.—¿Vir á miña casa?

O HOME.—Me non comprendes. Falas unha linguaxe estraña. ¿Qué che ocorre? ¿Me non coñeces? Sempre te percuréi; sempre te atopéi; perdinte sempre.

A MULLER.—Sólteme, señor. ¿É que está bébedo?

O HOME.—Non, te non soltaréi. Son moi vello. Tan vello como o mundo. I endexamáis te tiven nos meus brazos. ¿Endexamáis? Dentro de pouco non poderéi movelos. Estreitaréite antre eles. Non poderás te soltar. Bícame, meu amor, pois te teño por fin.

A MULLER.—¿Qué é isto? ¿Quer vostede se bulrar de min? Vello sen vergoña. vello verde, vello asqueroso. ¿Cos seus anos adícase a istas ta-

refas ¡Guardia! ¡Guardia! ¡Socorro! (*Sóltase violentamente, dándolle un paraugazo, e fuxe pola ezquerda. O home ten perdido, durante o forcexeo, o chapéu e o bastón*).

O HOME.—Ai. Outra vez. Fuxíu outra vez, esquiva, polo rego do tempo cara a nada. (*Comeza a nevar*). Axiña arrouparáme a fría neve. Xa teño oitenta, xa cen anos teño. Se non medía o tempo ao me faceren. A eternidade ao teu carón estiven, ser de redondas formas fuxidías. A eternidade toda, e nunca o beixo ponto foi antes o ardor das nosas bocas. Amor, amor antre nós dous había; ista verba antre os dous, amor: mais era paxaro que nos roza coas súas azas, e nos fuxe unha vez e outra vez e outra. Muller despida, sen mamái nen primo, sen guardia, sen sombriña e sen paraugas; que se deixa estreitar e que non fuxe: pura fruición, inmobre gozo, eterno. Amor en exemprar perseverancia; ceibe do tempo que asetea ao home. Amor de longa cabeleira, froito sen o sabor do mal, labio da cinza da morte; amor, perdido paraíso. Xa teño mil, dous mil, catro mil anos. I ela, na súa eterna mocedade detida, me non lembra nen coñece. Cicáis se non tivera un primo trémulo, unha nai asisada, houbera sido miña fai vinte, fai cuarenta anos. Mais ¿eu a tiven sen temor nen mágoa, eu, sen remorso, eu, antre os meus brazos? Home de cen mil anos, xa che falla a voz que ha de a chamare cando pase, corza de leves pernas fuxidías. Ouh arbre a cuio pe frores nevaron sobre o meu corazón, ouh arbre a cuio pe sobre a miña dor follas caíron, i en cuias ponlas hoxe a neve aniña: xa que non pode ser da túa madeira o leito feito en que deitar soñaba a súa enxebre doncelez obriza, percha sé do farrapo dista vida, que no inverno o xiado vento abala. (*Tira a gravata i enfórcase con ela dunha ponla*).

(*Tebras*)

Epílogo-prólogo

Antes do almanaque

Arbre con froitos. Serpente enroscada ao tronco.

O home, de vinte anos de idade, arrandéiase asido da ponla da arbre. Pola ezquerda entra a muller, de dazaoito anos de idade. Indumento paradisíaco.

O HOME.—Muller: non te me escapes. (*Chouta a terra e abrázaa*).

A MULLER.—Endexamáis fuxo de tí. Tesme decote.

O HOME.—Oh amor, cálida fror, áurea corola, cáliz segredo. Oh muller, mito de cunchas, rumor de abrinte, raudal de estrelas, caristel de sol, rizo de prata, sonora luz, algazara de neve, hoste de azas, rosa de rumos; oh muller, horizonte de pombas. ¿Téñote sempre, pois? ¿É verdade que me non tes fuxido por corredoiras de tebras? ¿É verdade que te teño pra sempre, inmobres ambos no meiodía do noso amor? Amor, amor: ¿non és, pois, aquela acedume que escorregaba polas comisuras da miña boca?

A MULLER.—Somos felices. ¿O non sabes? Nada arelamos. Témolo todo. Anque... ¿Tes soñado?

O HOME.—Dormínme cicáis na cima da arbre. Un anxo ten cicáis o seu niño antre as ponlas. Oh criatura de luz: ¿revelácheme un perigo que corro? ¿Advertirme quixeches do que podo perder? ¡Soño ditoso, se soño foi! ¡Pois a súa dita consiste en ser só soño! Meu Deus, aquelo

que me deches, resprandecente en toda a súa beleza, ¿pode se facer dor? ¿De qué mundo retorno, onde tí, muller, eras a miña mágoa?

A MULLER.—Queridísimo, te non preocupes. Algunha criatura celeste revelóuche algo en soños. Algunha difícil custión de teodicea. A min tamén me dixeron unha cousa moi interesante. Pero era completamente terrestre o meu interlocutor. Deixemos iso por agora. ¿Arrecendo ben? Aspírame, Bebe a fragancia dos meus cabelos. Parte son túa. Gózate no meu amor.

O HOME.—Figúrate, vinme ridículo: unhas veces sen barba, outras coa barba branca. E a miña cabeza, os meus pes e todo o meu corpo eran opresos por ouxetos estraños, algo así como a codia das arbres. Qué absurdo, ¿verdade?

A MULLER.—O teu anxo falóuche en soños. Pero a min faláronme estando desperta. Xa che falaréi delo. Se dormiches na arbre, debes ter collido algunha postura. Descansa un pouco. Déitate eiquí, á sombra da arbre. Eu te abanaréi. Cunha fror de loto, coa cola dun pavo real. O que queiras... ¿Qué queres?

O HOME, *deitado*.—Quero un beixo.

A MULLER.—¿Un beixo? Moi ben. Qué oportunidade. Vou che dar un beixo. Pero non un beixo vulgar: un beixo novo, un beixo sorpresa, un beixo moi interesante. Choe os ollos e abre a boca. Fica quieto áte que te avise. Serpente, miña amiga, a ciencia pasará da miña boca á súa boca. (*Colle un froito da arbre e mórdeo. Logo, axionllándose, pasa nun beixo o bocado á boca do home*).

O HOME, *incorporándose*.—¡Ai! Isto esgáname. Teño na gorxa como unha noz.

A MULLER.—¿Gostóuche o meu beixo?

O HOME.—¿Qué me deches a probar?

A MULLER.—O froito da arbre da ciencia. Agora seremos como deuses. A serpente mo revelóu.

O HOME.—¿Qué dis?

A MULLER.—O que ois.

O HOME, *en pe*.—¡Ai!

(*Grande gargallada. O home está á direita, e a muller á ezquerda da arbre*).

O HOME.—¡Muller!

A MULLER.—¿Quén se ten rido?

O HOME.—¿Quén te ten embaucado?

A MULLER.—A serpente.

(*Grande gargallada*).

O HOME.—A ciencia é a dor. Xa o amor volve a ser o do meu soño. Vexo o ben, vexo o mal. ¡Teño pecado!

(*Grande trono*).

A MULLER.—¡Ai! ¡Qué vergoña!

(*Grande gargallada*).

O HOME.—¡Ah, maldita serpente! Cala, cala.

(*Grande trono*).

A MULLER.—¡Home!

(*Grande gargallada*).

O HOME.—¡Muller!

(*Tebras. Sucédense, alternándose, os tronos e as gargalladas. Unha grande espada de fogo brila nas tebras*).

R. CARBALLO CALERO

NON, A VIDA ME NON ESTOLÓU NO MEU QUIÑÓN

Non, a vida me non estolóu no meu quiñón,
de seu grado co meu non pasóu de largo,
de todo abondo me ten sido dado
na viaxe: lús e quentor;

e contos na tartariñante memoria,
e cantigas da miña terra nadal,
e vellas romaxes con cregos,
e festas novas con outra música;

e nun arredado recuncho, que ficóu estarrecido
polo universal miragre dos novos días,
pasadas invernías, co melodioso laio
dun lonxano trineo, alén da fraga;

e primaveiras en estourante inzo,
mares e ríos esbaltrados,
míllaras de rá na lameira,
recina na casca dos piñeiros;

e no vran as treboadas, cogumelos e froitas,
vieiros de orballo na herba calada,
a bullanga e as rifas dos gandeiros,
e as bágoas verquidas sobor dun libro querido;

e a amargura e as coitas temperás,
e as infantís quimerias de vinganza,
e os días de latar a escola,
escalzo i esfarrapado.

De todo: mesmo unha laceira sen azos
nas tebras da choupana dos meus pais...

Non, a vida me non estolóu no meu quiñón,
con ren da riola pasóu de largo.

Fíxome unha comprida entrega de saúde,
e forcias pra longo tempo, en procura do porvir;
e unha primeira amistade e un amor primeiro
que outravolta se non volven atopar;

e, de rapaz, desiños de groria
—ca doce pezoña de versos e palabras—
e unha xerra fumegante de caseña beberaxe
a grolos nun curro de cantores e petrucios,

quedos ou latricando con paixón,
que co seu siso non común e ca chispa da sua leria
falan encol dos gobernos pasados e do novo,
encol do que está ben e do que nono está...

E fixo que eu vivira i estivera sempre co meu pobo,
pra que eu soubera tódolo que lle acontece,
e non pasóu de largo co ano trinta,
nin co corenta e ún, nin con outro ano...

E tantas cousas no meu corazón ten pousado
que ainda hoxe apampo
co irtio tremor e ca fogaxe
que tiven que aturar.

Mais a min qué se me dá das miudas disgracias
e das recuadas no meu camiño,
cando séi que a felicidade
non é pasar pola vida a máis andar?

Nin, cando indo vou, de lonxe
esguellala sin que me importe,
senón catar, botando os folgos e con todo o lombo,
o seu rixo e selagre suor.

E, tal si fora obra dos anos de mocedade,
tódolo que eu levo tencionado e tódolo que eu levo erguido,
mírono como unha chisquiña disa débeda
que lles eu debo ós homes.

Pra se decidir a tal cousa, cunha mutua garantía
foron adoviados tódolos esforzos.
Aínda por diante haberá tempos difíceis pra min.
mais pra me poñer medo: ¡nonos haberá!

ALIEKSANDR T. TVARDOVSKÎ

Asegún o testo ruso: *Novïî Mir*, Moskva, 1955.

Tradución de X. A. Arxona.

UN POETA MEU AMIGO

Unha vez, fai bastantes anos, escoitei pola B.B.C. unha *interviú* que lle facía o locutor da emisión galega a Plácido Castro. Il vivía daquela en Londres e traballaba tamén na B.B.C. como cronista colaborador daquela entidade. Desta vez íl era o preguntado. O seu compañeiro fíxolle varias preguntas: "¿Cál considera vostede a arte máis fermosa?". —A poesía", contestou Plácido sin dubidare. —"¿É a cualidade máis diña da ialma humán?". Respondeu il: "A tolerancia". Lémbrome perfeitamente destas duas respostas porque coincidían esaltamente co meu pensar.

Ademiro todalas belas artes, pero por riba de todas, a poesía. Penso que de todolos artificios, dos medios de espresión de que se valen as demáis artes —a música, a pintura, a escultura— o máis prístino e máis nobre é o da palabra que naceu o mesmo día en que abrollóu a ialma no ser humán." Mellor dito, o día en que o primate ou o misterioso persoaxe que víu a sere un home, foino precisamente cando rompeu a falar. Decorreron muitos anos, cicáis miles de anos, hastra que ise mesmo home burilóu o escorzo dun cervo ferido, o dente medoño do xabalí, nas paredes das súas covas. E muitos máis aínda hastra que arrincóu melodías de frauta nunha cana furada. (Eu creo que foi a frauta o primeiro instrumento musical que inventóu o home nas súas inmensas soidás das seráns cuaternarias, namentras espreitaba rubido na ponla dun carballo cerqueiro a chegada sotíl e nervosa da gacela. Ou nos noiturnos calixinosos da sábana tropical, a carón da femia, enroscada antre as herbas húmidas coma unha cobra).

A Poesía, a Poesía con maiúscula, se entende, a verdadeira poesía, é sin dúbida, a meirande amostra da emoción artística humán. A tolerancia, é pola súa parte, a meirande cualidade da civilización humán, porque o home tolerante é, ao mesmo tempo, bon, comprensivo, solidario, sinxelo, sinceiro e homilde.

Plácido Castro contestóu sen hesitar as dúas preguntas, porque a sua emoción artística e a súa formación humán concurren nisa dualidade esquisita dos espritos escollidos. E profesa sinceiramente, deportivamente a dobre relixión que lle permite comprender ao home cando canta..., e cando peca.

Il coñece a música e toca o piano. Dibuxa e pinta belas acuarelas co isa brétema inglesa (tan galega tamén) que debeu de adeprendere nos seus longos anos nas illas do norde. Mais ten a sensibilidade típica do poeta, na súa vida e nas suas obras.

Por iso foi quén de facer unha fermosa traducción dos *"Rubaiyat"* de Omar Khayyam a traveso da versión inglesa de Fitz Gerald. Eu coido podere afirmar que Castro fixo da versión do gran traductor inglés outra versión persoal chea de arte e de emoción propias. E así, pasando os xa belísimos versos de Khayyam pola man doutros dous esquisitos poetas, chegamos a estes nosos versos limpos, fondos, perfeitos, arrepiantes ás veces. Porque de outro xeito, si dende Omar Khayyam hastra nós, ise poema non mellorou ao decantarse, filtrarse e destilarse na paseniña lâboura de dous alquimistas paciensosos e requintados, como eu sei que é Plácido, e como debeu sere Fitz Gerald, ¿cómo é que non se procramou a Khayyam como un dos meirandes filósofos-poetas da humanidade, polo menos na

faceta escéitica i estética? Somellaránlle a algúns ises conceitos, lugares comúns, porque non se decatan de que Schopenhauer ou Descartes ou Voltaire chegaron sete séculos dimpóis que Omar. E cando Rubén Darío dixo: "Feliz el árbol que es apenas sensitivo...". E findou: "...Y no saber a dónde vamos, ni de dónde venimos"... ían pasados tamén oitocentos anos dende que o seu colega persa dixera:

"Chegamos ó Universo sen sabermos —*por qué, nin de ónde*, cal Auga que corre sen querer;
e cal Vento no Ermo, que sen Vontade sopra,
saímos deste Mundo, *pra ónde*? ¡I eu qué sei!".

Lle non fixeron falla dezaseis versos como a meu tocayo, pra amosar isa amargurada iñoranza do alén que sofren tantos poetas.

Rubaiyat é o plural de *rubái*, unha palabra persa que siñifica cuarteta. Pro unha crás de cuarteta especial, na que riman o primeiro, o segundo e o cuarto versos, quedando ceibe o terceiro. Deste xeito o cuarto verso adequire un grande relevo, unha grande forza espresiva ao contraporse ao terceiro. E os poetas que usaban o *rubai* como forma poética, gardaban sempre o derradeiro verso (o cuarto) pra condensaren a ideia da cuarteta, pra afincala; oun aínda pra contradecila, convirtindo ise soio verso, ás veces, en todala tésis da composición.

Esta orixinal téinica engade un termo máis de difículdades e de traballo ás xa sempre espiñosas tarefas da traducción do tipo da que fixo Plácido Castro, na que conqueríu ao mesmo tempo dunha grande fidelidade literal, conservare a rima e o ritmo dos *rubaiyat*. Fitz Gerald fixo o mesmo en inglés, pro nas outras traduccións que eu conozo (unha castelán, outra francesa e dúas catalás) nin por asomos aparez tal semellanza rítmica. E pérdese así na meirande parte, a beleza dos versos, a emoción estética e musical que iles producen, ao unísono da forza escéitica e aceda que verquen na ialma do leitor.

Vexamos dous exempros nada máis, sin que a comparanza tente ter eiquí un xeito crítico nin valorativo, sinón simpresmente, anecdótico: O primeiro *rubai* de Omar Khayyam (os demáis andan desaparellados en cada traducción, pro éste sempre é o primeiro en todas) foi traducido ao castelán por Xosé Gibert e posto en verso por Diego Navarro (Editorial "Janés".—Barcelona, 1951). E tírano os tradutores eisí:

"Despertaos, despertaos durmientes que la aurora
arrojó ya la piedra al piélago nocturno
ahuyentando a los astros, y el Cazador de Sombras
prendió en un haz de luz la Torre del Silencio".

E Plácido Castro escribe eisí:

"¡Despertai! Que a Mañán xa lanzóu a súa Pedra
na cunca desta Noite, i escorrenta as Estrelas:
e o Cazador do Leste, no seu Lazo de Luz,
a Torre do Sultán ten feito prisioneira".

Emparellemos agora o rubai número 63 da mesma versión castelán, co XLIX da de Castro. Velos eiquí:

"La Vida es un tablero de ajedrez, donde el Hado
nos mueve cual peones, dando mates con penas.
En cuanto acaba el juego, nos saca del tablero
y nos arroja a todos al cajón de la Nada".

"E tan só un Taboleiro de Días e de Noites
onde o Destino xoga, e as pezas son os Homes:
móveas eiquí e aló, dalles mate e as mata,
e logo para a Caixa, unha por unha, as volve".

¿Non é verdadeiramente asombrosa a diferencia? Porque non se pode decir que nos versos galegos, co gallo da rima, fállase á fidelidade, pois a identidade entre uns e outros é ben manifesta. E así pásase todo ao longo do poema, nas duas versións. ¿Non será somentes Plácido Castro o que fai o miragre? ¿Non será tamén o idioma? Eu xa nono sei porque decátome de que os versos de Plácido Castro son belos, froridos, fondos, e axéitanse idóneamente á téinica dos *rubaiyat*, pro non teño alcances pra sabere si, además, a nosa língoa é máis dúctil frente á sensibilidade oriental e frente a língoa inglesa, que o castelán, pra isa forma de espresión. Hai varias traduccións catalás (a de Vives Pastor en 1907 e as de Pedro Guiras e Pelegrín Breda, sin data) que sinto non ter diante de min pra ter outro termo de comparanza, pro lémbrome, porque as folleei fai anos, que non teñen a fermosura desta versión galega. Non quero con esto desmerecer a obra de todolos traductores de Khayyam; en primeiro lugar, porque estas apreciacións totalmente subxetivas, non teñen máis valor que o que lle dá o crítico, i eu fallo eiquí apaixoadamente, movido por fondos sentimentos, cicáis parciais, pra Plácido Castro e prá miña língoa nai. I en segundo lugar, porque as outras versións, aparte do valor que xa entrana todo traballo de traducción, teñen tamén un gran respeito ao senso literal dos versos, ás veces mui escuros e misteriosos, e polo tanto ninguén pode sabere quén os interpretóu mellor, antre todolos traductores. Outra cousa é o énfasis poético e armonía musical.

A filosofía poética de Omar Khayyam é, como dixen, amargurada, estrelecedoramente amargurada, pola ideia da iñoranza do principio e do fin. Nesto asoméllase muito a unha gran parte doutros poetas orientais que viviron na mesma desespranza. Un dos máis brilantes de todos eles, xa tres séculos denantes de Khayyam, queixábase da mesma door e trataba, tamén, como o persa de afogala no viño. Era o gran Li Tai Po que cantóu aló nos tempos da longa dinastía T'ang, na sempre misteriosa China. E decía:

"¿Cánto tempo nos será doado
o disfrute do ouro, a pertenza do xade?
Cen anos, cando máis; ise é o termo
da máis longa esperanza.
Vivir e morrer logo: ésta é, pra o home,
a soia seguranza.
... ...
E agora, encheime a cunca: eis o intre
de engulíla dun trago".

Podemos atopar muitos *rubaiyat* de Khayyam cuáseque igoales a estes versos de Li Tai Po. En realidade todo o conxunto da obra de Omar condénsase nisa ideia de esquecere co viño, coas mulleres, cos libros, co goce tanxible e inmediato dos favores da vida, a seguranza de que soio hai de certo que hemos morrer. E que, polo tanto, debemos aproveitarnos do que a vida nos ofrece. Un *rubai* de entre tantos serviranos de exempro pra amosar a somellanza, non soio de ideias sinón de espresión antre istes dous outos poetas orientais. Dí así Khayyam:

"Enchamos pois a Copa: —¿pra qué decir decote
que o Tempo por embaixo dos nosos pés escorre?
¿Pra qué nos inquedar do Mañán non nacido,
nin de Onte, que morreu, si é grato o Día de Hoxe?".

I eisí vai debullando a espiga da desesperanza, da desesperación, ás veces, volvéndose contra aquil (Deus ou fado) que nos trouxo a este Mundo sin pedírenos permiso. E hastra remata, derradeiramente, por perdoar a Deus, dicíndolle:

"¡Ouh Tí! o que formaches os Homes da Vil Terra
que cando fas o Edén tamén a Serpe inventas;
por todolos pecados que enmourecen a Face
do Home, ¡Tí perdoa, e o seu Perdón aceita!".

Este constante rillamento quere afogalo Khayyam en viño. Non encontra outro consolo maior. Xa ve o leitor cantas veces gaba o viño i é sua nai, a uva. Pro non despreza ningús dos outros dons que nos empresta a Natureza no noso paso pola Vida. Sobre de todos, pero dimpóis do viño (ou co aguillón do viño), a muller:

"Pousa perto de min, nalgunha Faixa de Herba
que a terra sementada separa da deserta;
onde "Escravo" e "Sultán" son pouco máis que nomes,
e Mamhud no seu Trono, haberá darche pena".

"Debaixo desta Ponla, cabo de min un Libro
de Poemas, o Pan e a Garrafa do Viño—
e Tí á miña veira, a cantares no Ermo—
E abondaría o Ermo pra ser un Paraíso".

Non se esquece dun libro. Non podía sere por menos, porque isa é ao fin e ao cabo, a sua teima: inquedanza polo infindo, mergullamento cego e ledo, nos praceres da vida, que son o único certo. Mais non soio o amor sensorial ou a bebida son un pracer: tamén a poesía, o canto, o libro... Escéitico, acedo, positivista, descreído, pro por riba de todo, poeta. Outísimo Poeta.

DARIO ALVAREZ BLAZQUEZ

UNA LENGUA HISPÁNICA JUNTO A LOS VERDES CASTROS

Acaban de ser impresas, por vez primera en España, las poesías portuguesas de Gil Vicente [1], y por vez primera también se ha representado al gran autor hispánico en el obrador de su lengua, en la raya marítimo-fluvial de los cancioneros, en medio de la noche de verano, junto a los verdes castros. Así, como de un sueño —se dice que Gil Vicente nació hace cinco siglos—, era vertida sobre los espectadores que acudieron a Castrelos esta lengua hispánica del siglo XVI, que tiene de humanismo el nervio oratorio latino, y de hispanismo, señala Menéndez Pidal, "el responder a la natural facundia española".

La Compañía de Teatro Portugués, produjo el acontecimiento bilingüe. De la *Silva Vicentina* —primera parte del espectáculo— extrajo una antología temática y de tipos; en la segunda parte, ofreció la representación íntegra de la *Comedia de Rubena*, criatura encantadora y laberíntica que va de la sierra a Creta y de Creta a Siria, en singular periplo extravagante que más tarde ha de seducir a Camoes. Éste, en el auto de *Filodemo*, pone en la costa de España a una hija del rey de Dinamarca, amorosa de un fidalgo portugués que la raptó y que a *tinha prenhe*.

Pero, hablábamos de una lengua hispánica, porque ha sido ella la clave inaudita de la jornada. Un portugués familiar y deleitable, el de los clásicos, el que indujo a Cervantes a llamarle *excelentísimo* a Camoes (*Quijote*, II, 58) y a entenderlo como una música lejana en *La Gran Sultana* (*graciosa lengua* —dice de la de Valencia—, *con quien sólo la portuguesa puede competir en ser dulce y agradable*) impone la redacción de esta nota.

Una lengua hispánica es, desde luego y para nosotros, un instrumento nacional. Abreviemos. Cuando Pedro Laín Entralgo escribe que "llamamos Hispanoamérica o Iberoamérica al marco geográfico y político en que vive la hispanidad", las cosas quedan claras. En estos días en que el problema, el enredo polémico, de la validez y unidad del gallego como lengua infinita torna a replantearse, no está de más que nos fijemos en el evento. Gil Vicente estuvo ahí, levantó el tablado, armó sus toldos y una asamblea veraniega y curiosa dispúsose a oir sus parlamentos.

No era otro el discurso que un ameno fluir galaico-portugués, nuestra habla, con más contacto y afinidades sensibles con el castellano de ayer que con el que hoy se lleva. "La pronunciación del castellano del siglo XVI —anota Thomas R. Hart en su antología vicentina— se asemejaba mucho más que la actual a la pronunciación portuguesa contemporánea. De una

[1] Gil Vicente, *Poesía*, edición de Thomas R. Hart, profesor de Emory University Atlanta, Georgia. *Bib. Anaya*, Salamanca, Madrid, 1965. Del mismo editor, *Obras dramáticas castellanas*, t. 156 de la colecc. de Clásicos Castellanos, Espasa-Calpe, Madrid, 1962.

manera general, y bastante inexacta —concluye— podemos decir que los cambios surgidos después del siglo XVI han afectado en español principalmente a las consonantes y en portugués a las vocales". La cita no es ociosa ni de adorno.

La velada vicentina de Castrelos ha sido, pues, aquí, en el Vigo acunado de los cancioneros, un "test" de consolidación hispánica, una exhibición de batihojas de la lengua —bruñida, flexible, indeformable— en que suele y debe darse expresión a ciertas formas de nuestra cultura, la cultura gallega, porque gallegos de nación somos sin que la condición nos exima de ser españoles, españoles hispánicos da aquende y allende el mar.

En cuanto al problema insidioso de la unidad de nuestra lengua gallega —por algunos esgrimido como una conjetura de conflictos—, no son las nuestras mayores ni más radicales diferencias que las que coexisten en la literatura nacional de expresión castellana. Esa unidad aparece, en Portugal, tan alejada como la nuestra en el habla de Gil Vicente si se la superpone a formas coloquiales de Eça de Queiroz o a la poética de Fernando Pessoa. Esto, para no mentar el ultramar...

(Un profesor americano, de la Universidad de Chicago —Peter Boyd-Bowman—, se refirió en una ocasión a la "influencia lingüística" de los millones de negros aportados a las costas hispanohablantes, advirtiendo que "las zonas de mayor concentración de negros de América son precisamente las de pronunciación más tachada de andaluza".

Pues, bien: cuando Juan Ramón Jiménez tuvo ocasión de oir el portugués del ultramar, el portugués hispánico del Brasil, no pudo menos de exclamar:

—"Es como andar de noche por Granada...").

J. L. Y.

BIBLIOGRAFÍA ROSALIANA

Donde estraña me nomean

Teño pubricado unha nota sobre a voz *alomean* que figura nun verso de Rosalía[1]. Bouza Brey pensóu que ista verba estaba errada, en troques de *anomean*[2]. Como se indica no meu traballo, alomean é leitura correita. *Alomear, lomear, lumbrar, lomcada, lumiada* son formas vivas que se remontan a NOMEN. O verso non necesita enmenda algunha. O rasgo de nasalidade que distingue o alveolar *n* do alveolar *l* perde pertinencia, e fica neutralizada a oposición antre o fonema líquido e o nasal.

Pero nin Bouza nin eu aducimos un feito que interesaba aos dous. A Bouza pra reforzar a súa hipótese de que *alomean* está por *anomean*. A min en canto pode ilustrar a alternancia de *n* e *l* nos derivados do NOMEN.

A realidade é que na primeira edición dos *Cantares,* o verso en cuestión ven escrito así:

Dond'cstraña m'alomean[3].

Pero o poema ao que pertez, fora impreso con anterioridade, no *Album de la caridad,* co tiduo de "¡Terra, a miña!"[4]. Bouza lembra isto na súa edición dos *Cantares*: "Hai versión no *Album de la caridad* (1852) con variantes, p. 461-463[5]; mais pasóulle inadvertido que unha das variantes é de interés esencial pra o problema que está tratando. Eu mesmo din por certo que niste ponto o *Album* non diferia das edicións dos *Cantares.* Pero a realidade é que o *Album di* (p. 472).

---

[1] "Un verso de Rosalía: *donde estraña me alomean*", en *Cuadernos de estudios gallegos*, tomo XX, fasc. 60, año 1965, pp. 124-126.

[2] *Cantares gallegos*, ed. Galaxia, Vigo, 1963, p. 263.

[3] *Cantares gallegos*, Vigo, 1863, p. 67.

[4] *Album de la caridad*, Coruña, 1862, pp. 471-473.

[5] *Cantares gallegos*, Vigo, 1963, p. 262. Como se ve, comparándoo coa nota anterior [4] do presente traballo, o testo de Bouza, tal como aparez impreso, contén tres erros, os tres de cifras, referentes á data do *Album* e ás páxinas onde figura o poema. Todo o mundo sabe que o volume é de 1862, e niste momento teño aberto o *Album* polas páxinas que conteñen "¡Terra, a miña!", e son as 471, 472 e 473, das derradeiras do libro, que abrangue XLI máis 483. O trasno entrambilicador dos números —se hai un anxo dos números, cantado por Alberti, pode haber un demacho tamén—, que trocóu na páxina 147 da miña *Historia* un 8 por un 9, gastóulle agora ao Bouza unha triple trasnada. Por certo que dempóis de pubricada no número 4 de *Grial* a miña nota de "Bibliografía rosaliana" (pp. 257-260) decatéime de que na páxina 125 do meu citado libro, figura, pero ista vez sin troque de cifras, a data do matrimonio de Rosalía con Murguía, no que Bouza non reparóu, supoño, ao se referir ao 9 da páxina 147. Léese nisa páxina 125: "Murguía... contrae matrimonio con Rosalía, na capital de España, o 10 de outubro de 1858".

co cal estabelécese a equivalencia antre *nomean* e *alomean.*

Ora ¿podemos afirmar con seguridade absoluta que Rosalía, no primeiro testo coñecido do seu poema, escribíu *nomean* e non *alomean?*

É moi posibre que así o fixera, pero non é completamente incustionabre.

A ortografía do testo no *Album de la caridad* é distinta da usada no libro de *Cantares gallegos.* A primeira emprega as grafías *g* e *j* pra representar o fonema palatal fricativo xordo que nos *Cantares* está representado por *x.* No *Album* escríbese *unha, tódal-as, que a, das,* onde nos *Cantares* achamos *un-ha, tódalas, qu'a, d'as.* En suma, a ortografía do *Album* non é a de Rosalía, senón a de don Antonio de la Iglesia, recopilador dos testos. Así, non podemos estar seguros de que as variantes non ortográficas que se ouservan antre as dúas versións (*no me / non me, conezan / conesan, ceba / ceiba, sereija / sireixa, despóis / dimpóis, nomean / alomean...*) sexan nambos casos imputabres a Rosalía. Cicáis Rosalía escribíu *alomean* dende o primeiro momento; cicáis don Antonio, como Bouza, estrañóu isa forma e creéuna errada, e correxíuna en *nomean,* como Bouza en *anomean,* iñorando que *alomean* é voz autorizada polo uso e se esprica por unha tendencia á desfonoloxización da oposición *l / n.*

R. CARBALLO CALERO

OS DERRADEIROS PASOS DA NOVELA FRANCESA

Sabido é que, a partir da derradeira guerra mundial, prodúcese en Francia unha nova corrente nos eidos literarios. Acorde co rosto convulto, violento e vital da Liberación, xurde a xeneración inteleitual da posguerra. As figuras consagradas emprincipian a se esmorecer no esceario da nova aitualidade. Valery e Gide non perden, de certo, o seu xustificado prestixio. Pero son considerados fora do tempo, respetabres sí, inda que de feitío académico. Jean Giono, Jacques Chardonne, Paul Morand, miran esvairse a súa popularidade e conocen o illamento. Mauriac está presente na escea. E soio Bernanos continúa a súa obra de denuncia da podredume da sociedade moderna...

Nembargante, a mocedade síntese atraguida tan só pola creación dos escritores da nova xeneración que comezan a afirmar o seu pe na vida literaria. Sartre trócase, de súpeto, no máis sonado. Léese menos a súa filosofía que a súa obra narrativa e teatral. Pero o eisistencialismo, ou a súa versión máis pedestre, vai normar o xeito de ser dunha parte da mocedade francesa, e mesmo a se convertir nun enturbado mito no estranxeiro.

Hai na xente moza o afán de crear un mundo novo, e a vontade de crear este mundo aplícase ás formas da literatura. De tódolos xéneros é quizaves a novela a que retén fundamentalmente a atención e o pensamento dos críticos. Son dous os cursos de onde xurde a novela do 1945: *A náusea* e *O estranxeiro*. Ambas e dúas incorporan á téinica novelística un desgarramento e un anovamento que se farán sentir por máis de vinte anos. Sartre e Camus son os primeiros en refugar a materia da novelística tradicional: a vida dun persoaxe, os seus sentimentos, as súas peripecias, a súa psicoloxía.

Pra Sartre, a necesidade máis urxente do novelista radica en espresar o máis posíbre a totalidade do mundo real. O individuo bórrase dediante da súa circunstancia e do ser social. Inda que dun xeito distinto, bórrase tamén o individuo en "O estranxeiro". Bórrase o individuo porque rexeita o mundo; o ausurdo está nel.

Non hai dúbida de que Sartre e Camus veñen ser os topes da inteleitualidade francesa da posguerra. Simone de Beauvoir é a fiel discípula de aquél. Escribe as súas novelas pra ilustrar as tesis eisistencialistas, i é a súa a mesma percura do realismo, a mesma teima de apreixar únicamente os comportamentos.

A posguerra descobre a nobre faciana de Simone Weil, e, sobre todo, a súa vida ademirabre: aluna brillante de Alain, profesora universitaria, non dubida en abandoar a cátedra polo traballo dunha fábrica cando se decata da esistencia da dór e se sinte allea a ela.

Por outra banda, Saint-Exupery é o mestre dunha "Mocedade de boa vontade". Ademírase nel non só ó escritor, ó pensador, senón en parella medida ó home.

De calquer xeito, cara 1950 a podente efervescencia de cinco anos antes ten aminguado. Chega daquela a Francia a corrente da boa literatura americana; unha literatura que vai exercer un grande infruxo, especialmente na novela. Tradúcese case toda a obra de Hemingway. Non hai ano no que non aparezan unha ou dúas novelas de Faulkner, i Steinbeck e Caldwell trócanse en "bestsellers". *Os Trópicos* de Miller, prohibidos nos Estados Unidos, son editados en Francia.

Parellamente coa penetración norteamericana na vida francesa, e o complexo desenrolo interno da propia nación, o xuntoiro inteleitual do 1945 emprincipia a se desfacer.

Na novela do 1950 reaparez outravolta o persoaxe clásico. A novela volve ser, dediante de todo, a historia dun home con problemas de seu, alonxada da preocupación polo destino do mundo que enchía os propósitos da novelística inmediatamente precedente. Como nun cadro impresionista, trátase de reconstruir nela unha atmósfera, acadada cunha especie de abandono de precisiós, cun xeito de azar imaxinativo.

Os "airados" cruzan fuxidíamente polo panorama literario. O seu ronsel fica como aititude na "nova novela", inda que como escola literaria uns e outra son antípodas. A carón dos "airados" susisten as vellas grorias. Os grandes escritores da anteguerra atopan, a partir do 1950, un "segundo aire". Os nomes de Malraux, Montherlant, Supervielle, voltan a ocupar as súas prazas antigas. Pero o retorno máis trunfal é, cecáis, o de Julien Green. *Moira*, escrita por entón, é probabremente a súa obra máis plea, máis enxebre e máis clásica. Aragón completa o seu labor poético e dá ó prelo *A semana santa*. Cocteau desprega unha aitividade insospeitada prá súa longa vida, e publica sin bruído *A dificultade de ser*, a xeito de matinación sobre sí mesmo.

Outravolta os campos deslindanse. Camus publica no 1951 *O home rebelde*. Merleau-Ponty sigue as pegadas de Camus. É unha época de quebra e de toma de posiciós a un tempo. O camiño está aberto pra o que dará en se chamar a "nova novela". Todas as circunstancias lle son propicias. Filla da súa época, o seu nacemento estaba previsto. O parto remóntase ó 1950, cando un irlandés deconocido —Samuel Becket— dá a conocer *Molloy*. Trátase, sin dúbida, do embrión; o embrión que se desenrola no 1955 cando Alain Robbe-Grillet, inxenieiro agrónomo de quen ninguén tiña ouvido falar dous anos antes, recibe o Premio da Crítica pola súa novela *O mirón*. Amécense axiña outros nomes: Michel Butor, Claude Simon, Robert Piguet... Un novo fenómeno literario fai a súa aparición. Os críticos bautísmano primeiro co título de "Escola de ouservación", máis tarde co de "Novo realismo", e, ó cabo, co de "Nova novela".

As novelas de Grillet, Butor, Simon, Nathalie Sarraute, comezan a adequirir sona, pero edítanse e lénse máis no estranxeiro que en Francia. En realidade, trátase dun agrupamento heteroxéneo, dun pequeno número de escritores xunguidos por certas preferencias e certos refugos comús, e afastados por fondas diferencias. Todos reconocen os mesmos mestres: Proust é o principal, e Virxinia Woolf, en quen a preocupación pola forma

é motivo de inquedanza sustancial. Si ben Robbe-Grillet ten decrarado acertadamente que Jorge Luís Borges é o escritor que meirande infruxo ten exercido nel.

O emprego do linguaxe é outro dos puntos que os vencella a todos. Pero dun xeito moi distinto ó que comunmente se entende por esto. Refugan toda beleza de linguaxe —ó uso clásico cando menos—: nunca a palabra ten exercido función de instrumento como nos escritores da "nova novela". Sírvense da palabra pra facer destacar o que Nathalie Sarraute ten definido como "desprazamento interior dos persoaxes". O método é o oposto ó empregado polo novelista clásico: éste describe, esprica; a nova novela, relata.

Robbe-Grillet é o que dá a orde de asalto ó escribir novelas sin persoaxes, historias sin historia. Os seus héroes son corpos, formas descritas por un novelista tan ausente da súa obra como unha cámara de cine do film que se está a rodar. Como resultado delo, a paisaxe desaparez afogada por unha sucesión de detalles minuciosos.

Hai pouca relación antre este mundo inmóvil e o universo soterrán, cheo de lembranzas e remorsos, de Nathalie Sarraute. Si algo os emparenta, é esa sorte de alucinación que enlaza, como un fío, a maoría das obras da nova novela. Máis perto está Butor, notarial e meticuloso, inda que a súa preocupación fundamental se sitúe no "emprego do tempo". Este desenrólase maino e solene, como os derradeiros días dun aguniante. Novela igualmente sin ación, o detalle cobra nela toda a súa importancia. É a súa, como sinalóu axeitadamente un crítico, "a estética da migalla de pan".

De non ser polo seu senso do visual, Claude Simon estaría máis perto de Faulkner —ó que debe moito— polos seus longos párrafos que percuran reconstituir toda a continuidade do tempo e do espacio, o mesmo que Robert Pinguet co seu gosto polo bulrento patético e a descrición barroca.

¿Qué hai no fondo deste movemento literario? ¿Cál é en realidade a súa meta? ¿Tardará moito en perder a aitualidade que, sin dúbida, chegóu a adequirir? As novas correntes novelísticas que comezan a se deseñar, semella que apuntan cara outros nordes ben diferentes dos seguidos deica agora polos escritores da nova novela.

C. BARREIROS

A OUTRA BANDA DO ÍBERR, de Xohana Torres [1]

O Íberr divide en dúas bandas o val de Mäar. Na banda ezquerda déitase, como unha moza, a fremosa Galandia. Hai uns poucos anos, Galandia, foi invadida. Moitos galandeses pereceron. Outros ficaron sumisos. Un grande número atravesóu o río en percura da outra banda, a banda dereita, a banda do Esilio. Ístes viven en cidades alleas.

O Íberr é un río caudaloso. Cidades con peiraos aséntanse nas súas ribeiras, tanto da banda de acó, a banda de Galandia, a terra asoballada, como da outra banda, a banda da terra allea, onde anacos do pobo galandés viven esiliados.

Temos, pois, nunha beira, Galandia, unha nación dominada polo invasor. Na outra beira, unha terra cuio nome iñoramos, onde se teñen refuxiado moitos galandeses. Chamarémoslle a Terra do Esilio, a Terra Allea, a Terra da Banda Dereita.

¿Qué relacións hai entre Galandia —ocupada polo estranxeiro— e a Terra do Esilio? Dende logo, non hai guerra antre as dúas. Pero, ¿qué clase de paz reina antre un e outro país?

A Terra Allea ten dado hospitalidade aos galandeses fuxitivos. Pero lles non permite regresar aos seus eidos. Os que queren facelo, han intentalo clandestinamente. E na banda dereita hai postos de esculca encarregados de disparar sobre os que tencioan pasar a Galandia. Hai galandeses desterrados que teñen constituido unhas millicias, hainos que foron admitidos no exército regular da Banda do Esilio. Istes galandeses forman parte, cando menos, de aquelas guarnicións. ¿Teñen renunciado á súa nacionalidade natural e fixéronse súbditos da Terra Allea? As autoridades que agora gobernan en Galandia, minaron e fortificaron a orela que dominan, i estabeleceron tamén postos de outeadores. Ao que semella, o poder da Ezquerda e o poder da Dereita están de acordo no seu interés por impedir que os desterrados regresen á súa terra. Parecen aliados niste aspeito. Cicáis ao País do Esilio lle importe non ter conflictos cos dominadores de Galandia.

Pero se as forzas militares que ocupan Galandia pechan aos galandeses esilliados a orela que aquéles dominan, ¿por qué o fan? Os galandeses que desexan retornar a Galandia non falan como si se propuxeran combatir en calidade de guerrilleiros ás forzas de ocupación. Sinten a nostalxia da súa terra, a saudade da súa terra; pero non din unha verba sobre propósitos de resistencia ao invasor. ¿Están dispostos a se someter? Se non é así, ¿cómo non aluden xiquera á súa futura loita mas fragas? Nunha ocasión fálase de que os invasores de Galandia teñen comezado a evacuar o país. ¿Qué razóns hai pra que o goberno da Terra Allea manteña a fronteira pechada?

Como creemos ver, é compricada a situación internacional, as relacións de dereito púbrico antre Galandia e a Terra do Esilio. E non menos a situación política antre os galandeses esilliados. Esprícase así que un comentarista teña interpretado con evidente trabucamento a xeografía e a historia que a cronista de Galandia, a autora de *A outra banda do Iberr*,

[1] Editorial Galaxia. Vigo, 1965.

estabelece como supostos do drama que nos presenta. O seu estilo alusivo i elusivo prantéanos moitos problemas. Non creemos que as aparentes lagoas, as enigmáticas situacións que un meticuloso ouservador poda rexistar, se deban a resistencia dos materiás traballados, ou a falla de esmero na composición. Máis ben haberá que pensar nunha conceición complexa que esixe do espeitador ou leitor unha potencia de simpatía interpretativa que poda recrear esactamente o pensamento da autora nos aspeitos que ela, polas súas razóns estéticas, deixóu permanecer implícitos. Seméllanos como se, nista zona do seu traballo que consideramos, a autora escribira pra sí mesma, é decir, como se ela mesma fora o seu púbrico. Calquer anaco da realidade oferece tantas posibilidades de dúbida como as que o inxel leitor poda achar na peza de Xohana Torres. Somente que pedimos á arte unha maior coherencia que á vida, porque a arte non é senon vida poéticamente organizada; e o gozador da obra literaria agradece sempre que se lle aforre o traballo intelectual e previo de comprender, a fin de empregar ise aforro na función específica da fruición estética, que é, en definitiva, o que agarda que a obra suscite nil.

Sobre iste fondo de suceder histórico imaxinado, *A outra banda do Iberr* constrúe os seus persoaxes e apúrraos os uns contra os outros. O autor dramático dispón pra o manexo dos seus persoaxes de dous medios fundamentás: o movimento e o diálogo. Vexamos cómo a autora fai uso distes medios na peza que criticamos.

A acción decorre en tres actos, segundo a máis clásica tradición española. Pero a estrutura dos actos en sí, xa non é tan clásica. En primeiro termo, os dous primeiros actos prometen ao leitor unha peza con unidade de lugar; pero no acto terceiro crébase ista liña. En segundo termo, a figura do Coronel Berg, que domina o acto primeiro, e se anuncia, pola súa superior contestura dramática, como dominadora de toda a obra, é borrada da escea nos dous actos derradeiros, e anque a il se alude, e continúa sendo unha forza operante na acción, a súa persoa está totalmente ausente do esceario dende a primeira baixada do pano. ¿Por qué a autora renuncióu a proseguir movendo nas táboas á súa criatura mellor constituida, ao seu carácter máis interesante? Nada na liña argumental da peza oporíase a unha utilización continuada, a unha presencia efeitiva de Estifen Berg nos tres actos da obra. Non nos engañemos. Se a autora renuncióu a iste recurso, non foi por impericia ou inadvertencia, senón porque na economía estética da súa obra, tal como ela a concebíu, o Coronel Berg non disfroita da preferencia que nós lle outorgamos. A favorita da autora é evidentemente Malen de Escó, e con ela Kurr Lois, e aínda Marj Berg. O que evidencia que na peza hai moito romantismo. Todos os persoaxes son románticos, non no senso de que sexan totalmente inxenuos ou carentes de realidade; pero sí en canto representan un certo idealismo poético que os estiliza transfigurándoos. Todos menos o Coronel, que se move nun plano distinto. Berg afíncase teimosamente nunha realidade dura e concreta. Non nos interesa a calificación ética que poda merecer a súa conducta; e a mesma autora soupo exaitadamente lle dar a oportunidade de defender a súa causa con verbas aceradas e precisas, moito máis eficaces dende o ponto de vista teatral que os lirismos dos seus opoñentes. O certo é que Berg fillo, presente ou ausente, é o antagonista da obra, e o primeiro actor ha facer o papel de Kurr Lois. Endebén, pra nós iste persoaxe nen nengún dos restantes do drama, algúns dos cales son episódicos, oferecen as posibilidades literarias de Estifen, que, dende o ponto de vista da técnica escénica, resulta episódico tamén, aínda que a súa ausente presencia se manifeste inevitabremente despóis de desparecer dos ollos dos espeitadores.

Con tres persoaxes, Malen, Marj Berg i Estifen Berg, a autora constrúe un acto primeiro ben organizado, cun movimento escénico habre e compensado. Unha iniciación máis ben neutra, insinuante; unha parte central que sen estridencias acada o clímax dramático; un final elegantemente efeitista, que ten de suscitar o interés do púbrico. A primeira baza semella gañada.

Con outros tres persoaxes, sustituido Estifen Berg por Kurr Lois, desenrólase o acto segundo. Redúcese a dous diálogos. A invitación á fuxida que Lois fai a Malen, e, como antítese, a sotil chamada á permanencia a carón do marido que o Vello Marj formula á súa nora. A principalía niste acto tena en realidade o Vello Marj, cuia conducta é decisiva pra a solución do drama. A situación final, dubidosa, anguriada, problemática, é tamén de moita eficacia teatral.

No terceiro acto non están presentes en escea os dous persoaxes máis caracterizados: os dous Berg. En troques, aparecen persoaxes episódicos. Hai niste acto, como diximos, en relación cos anteriores, un cambio de lugar. A autora ten que organizar o desenlace. Compre a súa tarefa. Non falla movimento dramático, pero o final, coa primeira actriz soa na escea, é máis ben lírico.

O mellor acto é o primeiro, e despois o segundo, e despois o terceiro, ao noso parecer.

Levo lidas nistes derradeiros tempos bastantes pezas de teatro galego actual, cáxeque todas inéditas. Os novos autores, por vía de regua sen esperiencia escénica, formados na poesía lírica, loitan por dominar a técnica dramática. Xeralmente recurren a trucos escenográficos, a cintileos verbás. Xohana Torres, nista obra, desdeña o primeiro recurso, non o derradeiro. Vexo nela unha noción segura do que é teatro, vexo nela capacidade de composición escénica, vexo nela un temperamento dramático verdadeiro.

Pero a autora de *A outra banda do Iberr* non desminte, no teor do diálogo, a súa procedencia do campo da lírica. Aínda que ás veces a frase é breve, sinxela e realista, a autora gosta de orquestrar cunha linguaxe broslada de imaxes i marquetada de conceitos, o desenrolo da acción cando ísta atinxe tensión elevada. Iste roupaxe de suntuoso i escuro veludo enmascara a nerviosa e flesible musculatura da peza, disfarzando de poética traxedia simbolista un drama humán que non necesita un estilo aristocrático nen un idioma escolleito pra sere eficaz. Os persoaxes din cousas tan requintadas literariamente, e conceitualmente tan estraordinarias, que nos escitan o desexo de gostalas ou asimilalas demoradamente. Pero como o noso cerebro de espeitador non é tan áxil que poda debullar con isa rapidez o que os actores falan, as súas metáforas e os seus pensamentos, axiña renunciamos á comprensión total dos detalles do diálogo, reténdoo só como un clima poético, clima que por outra banda está creado xa polo xogo das paixón, é decir, pola esencia puramente dramática da peza. Ísta non necesitaba —máis ben son inaxeitados pra ela— os primores de inxenio e os esprendores de lésico que a autora se esforzóu por acomorar —ou non se esforzóu por coutar—, como se a súa obra houbera de ser lida e non ouvida. E, secomasí, a peza é enxebremente dramática. Lle non acái, pois, un diálogo de escesiva tesitura lírica.

Dende logo, se non trata de literatura social ou política. O problema que se prantea é o de se hai que retornar a Galandia ou se debe renunciar a tal retorno, ao menos no momento presente. E os motivos que apurran nun ou noutro senso son nidiamente sentimentás. Non hai razóns políticas no fondo do conflicto. Trátase de se a Terra chama aos seus fillos con forza irresistibre e incondicionada, ou non é así. Os persoaxes que no terceiro acto van intentar o cruce do Iberr, desafiando as ametralladoras dos vixiantes da Banda Dereita —agora nada se di de outeadores da Banda Ezquerda— son atraguidos a Galandia pola saudade da patria, non por movis doutrinás nen deberes cívicos. Agás Estifen Berg, que acadóu a ser autoridade no País do Esilio, todos os demáis están feridos da saudade, e sinten instintiva, biolóxicamente, a nostalxia da terra nai, como o neno sinte a necesidade de apoiar a cabeza no colo materno. A obra, pois, é unha odisea, un nostos. Dúas illas, Itaca e Ogigia, solicitan aos galandeses coas súas apostas gravitacións. Somente Estifen Berg renuncia ao nativo lar. E antre as dúas tensións fica esnaquizada unha alma soñadora de muller.

No modesto catálogo do teatro galego hai que facer un lugar distinguido a ista obra, un drama realista pola estructura, un poema dramático polo estilo do diálogo. Nen é unha peza costumista, nen é unha peza vangardista. Nen pertece ao teatro rural, nen ao teatro esperimental. Non só polos arbitrarios nomes dos persoaxes ten un labio esótico. A temática non é específicamente nacional. Máis que á dramaturxia escandinava, lembra á dramaturxia centroeuropea.

Nalgús aspeitos formás ten certas semellanzas con *La maison de la nuit*, de Thierry Maulnier: O motivo do cruce clandestino dunha fronteira, con todas as súas impricacións, é común a ambas obras. E a casa do guía Klossowsky, onde os fuxitivos do Leste se preparan na noite a atravesar a liña divisoria, é un esceario moi análogo á tasca deshabitada de tempo, perto do Iberr, onde á hora da alba se reúnen os galandeses en agarda do intre en que han intentar o paso á outra banda. Mais o paralelo está somente nas situaciós. Non cabe confundir unha odisea cun apocalipse.

R. C. C.

"SERVIDUME DA TREVA", de Augusto Casas

Augusto Casas, o bó poeta galego, que leva tantos anos residindo en Barcelona, rente ó mar de Maragall, remata de pubricar outro novo libro de versos co que mantén i acrecenta o seu ben ganado posto entre os modernos poetas galegos.

"Servidume da treva" é un libro melancónico i apaixoado. Níl nada hai de escintilante; nin a forma nin o contido dos poemas. Todo é sinxelo e incruso simpre como o correr dun río. Pero dentro vai a forza, a paixón por veces anguriada, discurrindo lentamente. A paisaxe esterna que os ollos mortales contempran, i a paisaxe interior do poeta son unha mesma cousa que se confunden pra se facer latexo lírico, no máis puro e fondo senso da verba. O mundo é un misterio i o poeta loita pra poñer en craro ise misterio, esa tebra que o arrodea. Ista é a sua tarefa. Tarefa que cumpre moi a concencia, dun xeito doloroso ás vegadas. Pero sempre remata atopando a luz; ás veces un resprandor lumioso i ás veces un homilde vagalume que abonda, nembargantes, pra alumar a nosa escuridade. I é así, nin máis nin menos, como Augusto Casas nos agranda o mundo, como nos descubre o mundo.

Por outra banda, Augusto Casas foise desprendendo das metáforas escintilantes e fermosas que aparecían nos seus primeiros libros. O que perdeu a súa poesía de colorido, ó irse despindo e depurando, ganouno en fondura humán. Niste libro de agora, como antes en "Alén", atopamos un certo paralelismo, e tanto como paralelismo unha coincidencia no xeito de sentir e de comprender o mundo, con Maragall i a mesma devoción por Rosalía. Pódese afirmar, sin temor a trabucarse, que en tódolos libros de versos de Augusto Casas hai sempre un poema, un fermosísimo poema, adicado a Rosalía.

Cada un dos poemas diste volume merecería por sí solo un longo i atento comentario. Pero abonde decir que "Servidume da treva" é un libro moi galego, tanto no sentimento, na aititude frente á vida i ás cousas, como en canto á forma. Libro que nos fai pensar na desnudez lírica, na maravillosa desnudez lírica, de Mendiño, Rosalía ou Noriega. Poesía pura, da mellor lei, na que o poema, como quería Machado, é "canto y cuento". O argumento, na poesía de Augusto Casas, é sempre o home. A forma é, nos seus derradeiros libros, a desnudez espresiva; o falar honrado e verdadeiro no que, a verba poética, ten toda a sua eficacia.

M. HORTAS VILANOVA

[1] Colec. "Salnés" de Poesía Galega, n.º 18. Vigo, 1965.

ESTUDO DA ESTACIÓN PALEOLÍTICA DAS GÁNDARAS DE BUDIÑO (PONTEVEDRA) [1]

Unha recente pubricación do P. Emiliano Aguirre encol da estación paleolítica das Gándaras de Budiño (Concello de Porriño, Pontevedra) [1], ven poñer ao día o conocimento das culturas máis antergas de Galicia, que, deica agora, presentaban un cadro escuro i en grande parte conxetural. Por primeira vez estúdanse antre nós uns xacimentos paleolíticos *in situ*, con abondosa mostra de material e a traveso de un rigor científico merecente de toda loubanza.

O P. Aguirre lembra ao comén do seu traballo a xénesis destes importantísimos descobrimentos, que il cumióu co traballo de campo i o estudo maxistral que agora lle adica: "En 1961, en el curso de un estudio morfológico de la región, H. NONN (Estrasburgo), acompañado de A. FERNÁNDEZ DEL RIEGO (Instituto Oceanográfico, Vigo), halló unos utensilios paleolíticos en los montes de desecho de unos cortes para explotación de arcillas y caolines en las Gándaras de Budiño (municipio de Porriño, provincia de Pontevedra), en el valle del río Louro. Ambos pusieron unos cuantos objetos recogidos a disposición del Delegado de Excavaciones Arqueológicas de Vigo (J. M. ALVAREZ BLÁZQUEZ), quien visitó el lugar repetidamente en el invierno 1961-1962, y rebuscó algunos montones de tierras movidas, recogiendo más de doscientos artefactos. A primeros de septiembre de 1962 nos condujo al lugar de los hallazgos, junto con Desmond COLLINS (Cambridge). En esta visita recogimos más de veinte artefactos removidos de su estrato, y uno ciertamente *in situ*. La localidad parecía ofrecer posibilidades para una explotación arqueológica al parecer sencilla, y que a la vez era urgente, por hallarse el estrato arqueológico bajo la superficie actual y yaciendo sobre una formación rica en arcillas y caolines, que son objeto de una explotación activa".

Gracias á importante axuda económica da *Wernner-Gren Foundation for Anthropological Research* —á que o P. Aguirre puxo en antecedentes— púidose levar a cabo a tarefa de escavacións e demáis traballos no terreo, durante o vrao de 1963. Foi un mes (21 de Santiago, 20 de Agosto) de fortísimos calores na chaira calcinada das Gándaras, que o P. Aguirre superóu co seu propio calor de investigador, tan destacado hoxe no campo da Paleontoloxía. No tempo en que se desenrolaron os traballos visitaron a localidade Karl W. Butzer, do Departamento de Xeografía da Universidade de Wisconsin (Madison), e Pierre Biberson, do Museo Nacional de Historia Natural de París. O primeiro colaboróu no estudo xeolóxico da zona de traballos i o segundo prestóu orientacións e consellos de grande utilidade. O froito, certamente, correspondéu con folgura a aquilles suores e desvelos —nos que partillaron varios estudantes cheos de entusiasmo—, pois foron desenterrados un total de 807 pezas —sin contar con aquiles centos delas que nós tiñamos recollido de primeiras—, si ben unha escolma detida fará desbotar, por carentes de intencionalidade, algunhas dellas. A meirande parte foron topadas *in situ*, e moitas constituindo "talleres", rexistrándose incruso a presenza de "yunques" e percutores. Por primeira vez en Galicia acúsase a presenza de ferramentas —valla a palabra— talladas en cuarzo, material probe abondoso nas Gándaras; o resto está traballado sobre seixos procedentes das terrazas do Miño. Abondan istes datos pra valorar a importanza da estación de Budiño, deica agora única no seu tipo dentro da nosa terra.

O estudo que vimos comentando aválase con planos das catas, diseños dos cortes do terreo, cotas de profundidade, estratigrafía, cadros comparativos e un pormiúdo inventario provisional, a máis de abondosas e boas

[1] **Emiliano Aguirre: Las Gándaras de Budiño, Porriño (Pontevedra). Excavaciones financiadas por la "Venner-Gren Foundation for Anthropological Research". Memoria... — Inspección General de Excavaciones Arqueológicas, publicación 31.—Madrid, Langa y Cía., 1964.—4.°, 28 páx., XII láms., 10 planos e estados plgs.**

fotografías. O autor fai reseña previa dos descobrimentos i estudos feitos anteriormente sobor das culturas paleolíticas e mesolíticas en Galicia e norte de Portugal, tratando de acrarar os seus probremas e de coordinar os datos —no aspeito cronolóxico e tipolóxico— co resto da Península e África. Deténse no análise da cultura *camposanquiense* —cuio termo acepta pra certos útеis ou tipos—, e tamén esboza os referentes ao *asturiense*, tan debatido e confuso. Fai logo un detido "Bosquejo tipológico" dos instrumentos asoellados en Budiño, pra tornar de novo aos probremas do Paleolítico en Galicia, que os novos achados veñen desvear en boa parte.

Non é deste lugar seguir paso a paso o estudo do P. Aguirre, que poderá ser discutido nalgún detalle pero non no seu logrado conxunto. Vel eiquí as concrusións, que han ser consideradas de hoxe en diante, coma básicas pra futuros estudos do Paleolítico galego-portugués:

"1. Budiño es un lugar de ocupación con talleres y hogares, muy próximos o inmediatos, pero separados por un ribazo en la topografía de entonces.

2. De los dos "coluvios" cortados, el inferior es el único que ciertamente lleva industria no movida. Aunque hay varias ocupaciones sucesivas ligeramente discontínuas, la unidad cronológica de la casi totalidad de los tipos industriales presentes es cierta.

3. Este nivel yace sobre una terraza de 23 m. y es datado como Würm I local (fase temprana) por K. W. BUTZER.

4. Los hallazgos comprenden una rica tipología, muy variada, desde tipos muy primitivos y técnicas Clacton, que dominan, asociados a formas "acheulenses" medias y tardías de hachas de mano, hasta lascas y puntas preparadas y tipos claramente de aire "musteriense" o proto-asturiense. Se señalan varias formas peculiares.

5. Esta cultura es contemporánea de acheulenses evolucionados; presenta coincidencias con Chukutien (nivel del *Homo* (*Sinanthropus*) *pekinensis*). Son claras sus relaciones de origen con las culturas "clactonienses" y de los hombres de Rabat y Casablanca, y su parentesco con el Asturiense, Toledo, Puente Mocho y todo el Paleolítico portugués, cuya revisión parece hacerse necesaria. Es evidente asimismo el parentesco de Budiño con Camposancos, por lo que también queda sugerida la necesidad de ulteriores estudios en la región gallega en busca de hallazgos bien datables y no removidos que ilustren sobre la evolución de este grupo cultural tan claramente definido.

6. No se ha hallado ningún fósil en estos terrenos muy lavados, muy humíferos y de rocas ácidas.

7. La determinación meticulosa de las técnicas y tipología de las industrias de cuarcita españolas entre el interglacial de Pineo (HOLSTEIN o SWANSCOMBE) y el interestadial 1/2 de Budiño (última glaciación) —esto es, a lo largo de los dos últimos interglaciales y las dos últimas glaciaciones— es urgente, y puede ser el punto de partida y el modelo con que se precise la clasificación de muchos complejos que hoy se amontonan con los "acheulenses decadentes" o el "musteriense".

O panorama da nosa Prehistoria ábrese agora en perspeitivas moito máis definidas que deica ben poucos anos atrás. Permítasenos a inmodestia de decrarar o noso gozo pola mínima parte que nos cadróu no descobrimento da estación de Budiño e, sobor de todo, pola inmerecida confianza que o P. Emiliano Aguirre quixo dispensarnos coma colaborador na crasificación dos útеis descobertos.

E, fora xa do marco imposto pola reseña bibliográfica, unha derradeira notiza, que aledará a cantos, fora e dentro da nosa terra, se interesan polos estudos prehistóricos: a de que, por iniciativa tamén do P. Aguirre, o Concello do Porriño tenciona montar nas Gándaras de Budiño un pequeno Museo, acotando un recanto do "taller" onde se mostrarán os útеis *in situ*. Será iste o segundo Museo do seu tipo en España —o primeiro é o de Torralba (Soria)—, á beira da estrada do Portugal hirmán, onde tanto se ten traballado polo conocemento da nosa Prehistoria común.

X. M.ª ALVAREZ BLAZQUEZ

A PRIMEIRA MISA EN GALEGO

Xa é tradicional que o día 25 de xulio se diga unha Misa en memoria de Rosalía de Castro na eirexa compostelana de Santo Domingo de Bonaval, na que os seus restos repousan. Recibe o nome popular de "Misa de Rosalía" i a ela acuden anualmente moitos devotos rosaliáns procedentes de toda Galicia, e tamén, cada ano en maior número, das colonias galegas da emigración, especialmente das residentes en América.

Niste Ano Santo de 1965, a "Misa de Rosalía" acadóu un siñificado verdadeiramente histórico: foi a primeira Misa dita en galego. Con ela iniciouse a incorporación da nosa língoa vernácula á liturxia. Xusto, noble e delicado homenaxe que a Eirexa galega lle ofreceu á memoria de Rosalía, que foi a primeira, hai cen anos, en darlle acento poético de rango universal ás arelas i ás mágoas do noso pobo na língoa do noso pobo. Ela mesma o espricóu con estas palabras: "Libros enteiros poideran escribirse falando do infortunio que afrixe ós nosos aldeáns e mariñeiros, soya e verdadeira xente do traballo no noso país. Vin e sentín as suas penas como si fosen miñas...". Esta cristianísima identificación de Rosalía coa realidade popular, tan patente e tan viva na sua obra, foi a que a levóu á utilización da língoa popular. Sabía ben Rosalía que non hai verdadeiro amor ao pobo si se menosprecia o "verbo" do pobo. E tamén o pobo sabe que o amor de Rosalía era verdadeiro e foina convertindo nunha figura a un tempo mítica i entranábel, nunha especie de *Santiña* proclamada polo sentir coleitivo. De ahí que o xesto da Eirexa galega, dispoñendo que a primeira Misa na nosa língoa vernácula fose mesmamente a "Misa de Rosalía", resultase un acto de xusticia no que a intención da Eirexa se funde cos sentimentos do pobo.

A esta Misa, oficiada polo P. Seixas, recén chegado de terras de América onde tantos e tantos galegos alivian as suas nostalxias da terra cos versos de Rosalía, acudiron centenares de fieles de todolos puntos do país e de todalas condiciós sociais. Todos iles, formando unha comunidade afervoada, sentían a emoción i a trascendencia de aquil intre histórico prá espritoalidade galega. E todos, xunto co homenaxe público i entranábel a Rosalía rendíanlle, ao rezaren en galego, un calado e íntimo homenaxe á memoria de Xoan XXIII, o bon Papa de corazón cristianísimo que nos nosos días, como Rosalía fixera nos seus, soupo que non hai verdadeiro amor ao pobo si se menosprecia o "verbo" do pobo, e infundíu na doutrina pontificia e, a través dela, na conciliar, a sabia e vivificante quentura espritual do amor ás língoas vernáculas.

Si era xusto que esta primeira Misa na nosa língoa —que, polo de agora, aínda é escepcional— se dixese no lugar e na data en que os galegos se axuntan pra honraren a memoria de Rosalía, consideramos igualmente xusto que a primeira Misa "normal" en galego, a que inaugure a incorporación oficial da nosa língoa vernácula á liturxia, se diga en memoria de Xoán XXIII e se diga no Altar Maior da catedral compostelana, ondia os restos do Santo Apóstolo evanxelizador de Galicia. Nesa ocasión, como no pasado 25 de xulio, tamén acudirán a Compostela centenares de fieles galegos que rezarán na sua língoa co corazón ateigado de gratitude pra aquil bó cristián que un día, sendo cardeal de Venecia, peleriñóu a Compostela e rezóu dediante dise mesmo Altar, e, anos máis tarde, sendo Papa, fixo comprender a todos que a língoa da verdade evanxélica é, pra cada pobo, a sua propia língoa.

YEATS, NO SEU CENTENARIO

Rematan de se cumplir cen anos do nacemento de William Butler Yeats, en Sandymount, perto de Dublin. Fillo dun pintor, iniciouse nas artes plásticas; pero as letras prevaleceron na súa vocación. Chamado por algús compoñentes do movimento céltigo, antre eles Oscar Wilde, o xoven poeta irlandés trasladouse a Londres no 1888 e vencellouse coa xeneración literaria dos "nienties", tan fondamente influída polos simbolistas franceses. Devoto de William Blake, o visionario dibuxante e o poeta, cuia obra "poética, simbólica e crítica" comentóu i editóu en tres volumes, coa colaboración de E. J. Ellis, amosóu igual ademiración polos prerrafaelistas. Perteneceu ó Rhymers' Club, colaborou na súa revista e no "Savoy" e o "Yellow Book", órganos de anovamento estético da década finisecular, e participou de xeito aitivo nas reuniós literarias da antiga taberna The Cheshire Cheese, aínda aberta na aitualidade, a traveso do reinado de catorce reis da Gran Bretaña. Cando Arthur Symons, un dos concurrentes, quen tiña hospedado a Paul Verlaine durante a súa estada londinense, no 1894, publicou o seu resonante libro "The Symbolist Movement in Literature" (1899), adicóu a obra a Yeats, por consideralo "o principal persoeiro deste movimento no noso país", así como o leitor que maormente podía penetrar no senso das súas páxinas. E aínda engadía, "a mesma poesía de vostede e a de A. E. (saudónimo de George Russell, poeta do norde de Irlanda) pertenecen ó simbolismo na súa máis íntima siñificación", pero a obra de Yeats estaba xa fondamente embebida polo amor á súa terra. Deu en Londres un grande pulo ó teatro irdandés con aitores ingleses; reflexóu na súa lírica, na súa prosa e nos seus poemas escénicos o encantamento do pasado tradicional da súa illa, e atraguido por elá non tardóu en voltar.

Estímase que despóis do Dr. Douglas Hyde, presidente da Liga Gaélica e autor da "Literary History of Ireland", ninguén fixo tanto coma el pra revivir aquel pasado fecundador. Revelóu i esparexeu narraciós e cantigas do antigo gaélico; asociou á súa empresa idealista figuras das letras irlandesas como Lady Gregory, Edward Martyn, Padraic Colum, o citado Russell e outras, sin esquecer a George Moore, inda que soio retido por pouco tempo. Descobríu e conquistóu a John Millington Singe, a quen lle sinalóu o tesouro esquecido e casi intaito dunha língua virxe e costumes incontaminados, nas illas de Aran, ó oeste do territorio.

Do 1922 ó 1928 foi senador do Estado Libre de Irlanda. Outivo no 1923 o Premio Nobel. Viviu os seus derradeiros anos en Francia, onde se finóu, perto de Niza, no Roquebrune, o 28 de xaneiro do 1939. Os seus restos foron repatriados e descansan no cemiterio de Drumcliff, escollido polo propio poeta no epitafio que escribíu prá súa lápida.

A poesía etérea, musical, de tecido impreciso e aboiante, así como a súa prosa poemática e o seu teatro simbólico de tan escasa aición, correspóndense coa inspiración lexendaria e a atmósfera de misterio e maxia que envolve ós seus persoaxes e ás súas evocaciós.

R. A. A.

ROBBE-GRILLET E A NOVELA

En "Un chemin pour le roman futur", Alain Robbe-Grillet concibe deste xeito a novela:

En vez dese universo de "siñificaciós" (psicolóxicas, sociás, funcionás), habería que tencionar construír un mundo máis sólido, máis inmediato. Que seña ó comezo pola súa *presencia* que os ouxetos e os xestos se impoñan, e que despois esta presencia siga dominando por riba de toda teoría espricativa que tencionara pechalos en callisquer sistema de referencia, sentimental, sociolóxico, freudiano, metafísico, ou seña o que fora.

Neste universo novelesco futuro, xestos e ouxetos estarán "alí" denantes de ser "algo"; e despois se-

guirán alí, duros, inalterabres, presentes pra sempre e burlándose do seu propio senso, que percura inútilmente reducilos ó papell de utensilios precarios, antre un pasado informe e un porvir indeterminado.

Así os ouxetos perderán pouco a pouco a súa incostancia e os seus segredos, renunciarán ó seu falso misterio, a esa interioridá sospeitosa que Roland Barthés ten chamado "o corazón romántico das cousas". Xa non serán éstas o vago reflexo da ialma vaga do protagonista, a imaxe dos seus tormentos, o soporte dos seus desexos. Ou máis ben, si aínda lles sucede ás cousas aceptar esta tiranía, xa só será en apariencia, e pra amosar deica que punto lle son estranas.

Os persoaxes da novela poderán prestárese a múltiples interpretaciós; poderán, asegún as preocupaciós de cada quen, dar lugar a todo xeito de comentos psicolóxicos, psiquiátricos, relixiosos ou políticos. Rápidamente percibiremos a súa indiferencia cara esas pretendidas riquezas. Namentras que o héroe tradicional está arreo solicitado, acaparado, desfeito polas "interpretaciós" que o autor lle propón, relegado constantemente a *outro sitio* inmaterial e inestabre, sempre máis lonxano, sempre máis vaporoso, o héroe futuro, pola contra, ficará eiquí. E son os comentos os que estarán *noutro sitio*; frente da súa presencia irrefutabre, semellarán inúteis, superfluos, ate deshonestos.

A POLÉMICA DA LÍNGOA EN ITALIA

Discútese en Italia sobre da língua, sobre da fala literaria e da fala de tódolos días. Discútese si van ter os italiáns unha língua unificada, nacional no senso máis amplio. Hai quenes se deciden por ésto, e coidan que xa calará no pobo tempos andando. Hai quenes prefiren a fala viva, coas súas formas dialeitales. Recentemente Alberto Moravia, co gallo da publicación da súa novela "A atención", foi interrogado sobre desto por Giulio Nascimbeni. Á pregunta: "¿Qué pensa da polémica da língua italiana?", respondeu.

—Trátase dunha custión sempre aberta, non tanto prá fala corrente, que se resolve de seu, e non dá ó escritor un instrumento seguro, porque é pouco moderna, chea de arcaísmos, de verbas áulicas, de modos sintácticos envellecidos. A polémica é útil, pero está mal prantexada. Non acredito que os tecnólogos poidan crear nunca unha língua italiana, unificada, nacional. Créana, sin máis os "mass media". Decátome de que se poden escribir fermosos libros, xa en dialeito, xa en xergas de grupo, xa tamén con meios verbás puramente individuás. Pro estas espresiós corresponden, no fondo, a un intre de crisis da língua culta: namentras son úteis pra resolver a crisis, non contribúen, senón nunha pequena parte, á formación dunha língua comunal de comunicación.

HOMENAXE A ELSA FERNÁNDEZ

"Ediciós Alén Mar", isa entranabre empresa da Asociación Arxentina de fillos de galegos, en colaboración ca Asociación Uruguaia de fillos de galegos e ca Mocedade Galega de Barcelona, fíxonos chegar o homenaxe íntimo que renden á memoria da que foi compañeira e alentadora infatigabre do verdadeiro esprito da galeguidade nunha mangada de versos, fermosos pola sua nídia nostalxia, baixo o título de "Lonxanía".

Non poderíamos dende eiquí limitarnos a dar unha reseña crítica ou unha simple nota sobor diste brevísimo libro que leva en sí mesmo tan fonda carga de ausencia.

Elsa Fernández foi unha auténtica pregoeira da Cultura galega na América; durante a sua curta vida estivo presente ca sua palabra en tódolos medios de espresión nos que cristalizóu o sentir dos nosos irmáns da outra banda do Atlántico. Co seu rexo esprito soupo vencellar esforzos e arelanzas e darlles unha eficaz realización. Ao seu redor xurdiron ou se vivificaron publicaciós,

emisiós, e asociaciós de tan grande trascendencia pólo seu sinificado e caráiter a prol do espallamento e conservación dos valores culturales da Terra Nai como a a arxentina e maila uruguaia de descendentes de galegos afincados xa naqueles meridiáns. A persoalidade de Elsa Fernández repartíuse día a día antre aquelas coleitividades nunha entrega decidida i espranzadora. A sua vida esvaíuse no ensono branco dunha saudade e no cumplimento dun destino...

Ollando as páxinas de "Lonxanía" decátase ún perfeitamente das duas dimensións que animaron a historia apenas iniciada da sua vida: un quefacer constante de participación coleitiva entusiasta i eficaz, e máis a testemuña lírica da sua ialma saudosa esmigallándose en versos; versos lenes, cáseque soio esbozados, algo eisí coma o orixe xa da sua propia ausencia.

Na sinxeleza de "Lonxanía", na sua impresionante emotividade de homenaxe e de lembranza, tódolos galegos auténticos han se sentir vencellados con aquela rapaciña que de xeito tan imborrabre soupo amosar o esprito dunha raza e dunha Cultura antes de se esvair na escuma dises seus poemas derradeiros que a levaran, sin dúbida, cara a costa irta do seu arelado Fisterre lonxano...

NOTAS

O DIA 24 de xulio, un grupo de católicos galegos iniciaron a constitución de unha "Sociedade de Estudos, Publicaciós e Traballos" (SEPT) co fin de levar a cabo a incorporación dos textos sagrados —i en xeneral de textos relixiosos— á nosa língoa, ó mesmo tempo que promove a formación i a difusión de un auténtico pensamento católico galego que axude ó conocemento i á xusta solución dos problemas económicos, sociales e culturales da nosa comunidade.

OS coengos coruñeses señores Morente i Espiña traduciron á nosa língoa os catro Evanxelios. O texto galego desta tradución sometérono ó dictame da Real Academia Gallega no tocante á súa regulación ortográfica.

O RECENTE pasamento de Augusto Frederico Schmidt —no mes de febreiro pasado— ten suposto unha grave perda non só prá poesía brasileira, sinón tamén pró arte editorial do seu país. O grande poeta fluminense foi entusasta descobridor i editor de moitos dos máis importantes prosistas e poetas aparecidos no Brasil a partir dos anos trinta.

CON motivo do VII Centenario do nacemento de Dante Alighieri, a Biblioteca do Congreso dos Estados Unidos organizóu un "simposium" arredor do influxo e siñificado do gran poeta florentino no mundo moderno, no que participaron tres expertos dantistas. Chesley Mathews, profesor da Universidade de California, falóu sobre "Dante na literatura americana". Francis Ferguson, autor de "Dante drama of the Mind", disertóu encol do tema "Lendo a Dante no 1965". E o destacado poeta John Clark, fixo unha esposición sobre "O Inferno do Dante: conceito e vehículo".

ESTA a se producir na Checoeslovaquia un revalorizamento da obra do escritor xudeo-checo Franz Kafka, según manifestóu recentemente Ricardo Fabr. En obras como "A Metamorfosis", "O Proceso", "Amérika" e "O Castelo", Kafka analiza i enxuicia severamente as tendencias antihumanitarias dos tempos modernos.

O DISCUTIDO novelista James Joyce, antano tan soio de minorías, ten pasado a sélo de amplas maiorías. O seu libro "Ulyses", do que se editaron mil e cinco centos exemplares fai trinta e seis anos, ten sido reeditado agora pra conmemorar o vintecinco cabo de ano da morte do seu autor, polo "Livre de Poche", cunha tirada de seiscentos milleiros de exemplares.

SALVATORE Battaglia, o novo crítico italiano, reuníu nun volume tiduado "Occasione critiche" algúns ensaios de crítica e de historia literarias. Battaglia eisamina dúas características da aitual literatura italiana e o

realismo e a decandencia, denunciando os equívocos i erros dos que é responsabre, según el, o "ativismo" dos escritores e críticos, desantentos ós perigos para a arte literaria do ideoloxismo.

ENTRE as máis recentes novedás bibliográficas en língua portuguesa, hai que anotar as seguintes: Un estudo biográfico sobre "Aquilino Ribeiro", de Taborda de Vasconcelos; "A expansão portuguesa no periodo henriquino", quinto volume das obras completas de Jaime Cortesão; "Portugal no tempo do terramoto", penetrante visión social e humana da época pombalina, debida a Suzanne Chantal; "A memória das palabras ou o gosto de falar de mim", evocación en prosa de homes e cousas, do poeta Gomes Ferreira; e "A dança das espadas", nova novela da conocida escritora Agustina Bessa Luís.

UN conxunto teatral moi axeitado, ten interpretado en Castrelos, con saber i emoción, unha fermosa escolma de Gil Vicente. Pontevedra e Santiago —como Vigo— asistiron tamén ó interesante espeitáculo. E así Galicia poderá decir que estivo presente no homenaxe que ó grande dramaturgo portugués —portugués da língua galego-portuguesa, frol da romanidá, decorada co nome de outísimos poetas— se lle rendíu co gallo do quinto centenario do seu nacemento.

CO título de "L'Esglesia valentina i l'us de la llengua vernacla", remata de saír do prelo un volume de importancia. Escribiuno Vicente de Miquel i Diego, e leva un limiar do coengo José Espasa. Trátase dun ensaio riguroso, e ó mesmo tempo moi craro, sobre da historia eclesiástica e lingüística do País Valencián e o prantexamento aitual distes problemas.

A COLEICIÓN "Antología Catalana" de Edicións 62 —que aspira a ser "una vasta síntesi textual i crítica de la cultura catalana"— ten publicado case simultáneamente "Poesía catalana romántica", de Joaquim Molas, e "Ideari de Francesc Pi i Margall", de Isidre Molas.

JORGE Luis Borges acaba de ser traducido por vez primeira á língua portuguesa. O sonado escritor arxentino é un autor de caraiterísticas moi especiás. Resulta pouco doado resumilas nunhas palabras. Trátase, sin dúbida, dun escritor impar, dotado dunha sorprendente capacidade creadora e dunha estraordinaria destreza pra desenrolar unha situación e levala, súpetamente, a un final inesperado. Borges sinte un evidente pracer en mistificar ó leitor. Pra dar un ár de verosimilitude ás súas "ficciós", fai moitas referencias eruditas, notas en rodapé e citas de obras estranas, escritas nas línguas máis diversas. Recurre ós cabalistas, ós teólogos medievás, ós filósofos árabes e ós evanxelios gnósticos. A hipotética descoberta dun vello manuscrito, unha referencia nunha 'enciclopedia ou nunha cita dun autor moderno, sirven moitas veces, á súa imaxinación, de punto de partida pra atinguir un mundo de situaciós altamente dramáticas.

GRIAL

revista galega de cultura

Precios de venda e suscrición

Número solto	50	ptas.
Estranxeiro	60	"
Suscrición anual, 4 números ..	180	"
Estranxeiro	200	"

Pedidos a:

EDITORIAL GALAXIA

Reconquista, 1 — VIGO

TIP FARO DE VIGO